

ACTA

Da sesión **extraordinaria**, en substitución da ordinaria de setembro, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

30 de setembro de 2025

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas e trinta minutos do día trinta de setembro de dous mil vinte e cinco, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), D^a. Paula Bouzós Barros (PP), D^a. Belén Cachafeiro Anta (PP), D. Juan Pablo Castillo Amigo (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artime (PP), D. Paco Ferreira González (PSdeG-PSOE), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE), D. Marcos Guisasola Padín (PP), D^a. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), D^a. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D. Ricardo Martínez Chantada (PP), D^a. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), D^a. María Ortega Iñarrea (BNG), D^a. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), D^a. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), D^a. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG), D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), D^a. Luisa María Sánchez Méndez (PP), D. Javier Tourís Romero (PP), D. Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión extraordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

As intervencións desta sesión quedarán recollidas no Diario de sesións (Vídeo actas), de acordo co disposto no artigo 29 do Regulamento Orgánico desta Deputación.



Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.8490.- **TOMA DE POSESIÓN DE DONA PAULA BOUZÓS
BARROS COMO DEPUTADA PROVINCIAL (EXPTE.
2025063406-2025064095)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/zIrKfCyYWn6sNncyC1cUpRTvbuGrYin0XFAVKCdQNruIsp6v>

Sr. Presidente.- Damos entón comezo a esta sesión extraordinaria, que é en substitución da ordinaria de setembro, deste Pleno a celebrar ás 12 da mañá, co primeiro punto da orde do día, que é a toma de posesión de dona Paula Bouzós Barros como deputada provincial. Ten a palabra o Secretario.

Sr. Secretario.- ... don Juan Pablo Castillo y doña Paula Bouzós, toda vez que han presentado en Secretaría la declaración de bienes patrimoniales y la declaración de causa de posible incompatibilidad, así como la liquidación de la renta, no hay obstáculo legal para su toma de posesión.

Sra. Bouzós Barros.- Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputada provincial con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

2.8491.- **TOMA DE POSESIÓN DE DON JUAN PABLO
CASTILLO AMIGO COMO DEPUTADO
PROVINCIAL (EXPTE. 2025063405-2025064096)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/dTDcUkpU40VFnyi5diID52rPEO9N5LwpJgJUHU1W8566kXof>

Sr. Presidente.- Segundo punto da orde do día. Toma de posesión de don Juan Pablo Castillo Amigo como deputado provincial. Ten a palabra o Sr. Secretario.



Sr. Secretario.- Es la credencial que dije que ya se han recibido las credenciales.

Sr. Castillo Amigo.- Xuro e prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado provincial con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Presidente.- Parabéns a Paula, parabéns a Pablo, os dous compañeiros que van a formar parte do equipo de goberno, e desexarlles, pois, toda a sorte do mundo. Coñezo a maneira que teñen de traballar, sei que ámbolos dous van a realizar un gran traballo á fronte das delegacións que van ostentar, e por iso que, oe, os maiores dos éxitos porque os vossos éxitos pois van a ser os de toda unha provincia que seguramente que van a chegar. Así que, xa digo, parabéns e benvidos aquí á casa de todos os pontevedreses e todas as pontevedresas para ter un papel moi importante e moi necesario.

a) Parte resolutiva:

3.8492.- **APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 5/2025 (EXPTES. 2025062459-2025059573)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/9wt3th0wC3mndUYvhU8prSoCeumX2WwWWqRacbvuvJMYHk0u>

O Deputado delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio, Formación e Emerxencias en virtude das delegacións acordadas na Resolución Presidencial nº 2025000361, de data 20 de xaneiro de 2025, propón ó Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 05/2025. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.05/25) por importe de 43.241.005,62 euros, suplementos de créditos (SUP.04/25) por importe de 20.859.143,22 euros e a modificación do Anexo II das bases de execución.

Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose:



- Crédito extraordinario (EXT. 05/25), fináncianse con maiores ingresos dos exercicios correspondentes á liquidación definitiva da PIE 2023 (cesión impostos IRPF, IVE e HIDROCARBUROS liquidación 2023), maiores entregas a conta da PIE 2025 (maiores ingresos por cesión impostos IRPF, IVE 2025) e o resto con remanente líquido de tesourería para gastos xerais, tal e como se sinala no detalle do expediente.
- Os suplementos de créditos (SUP. 04/25), fináncianse por importe de 172.369,72 euros con baixas por anulación e o resto con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Resultando que a Intervención emite informe de data 16 de setembro de 2025, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2, 3, 11, 27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 05/2025.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría, cos votos a favor do PP, cos votos en contra do PSdeG-PSOE e coas abstencións do BNG:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito número 05/2025 da Deputación de Pontevedra. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.05/25) por importe de 43.241.005,62 euros e suplementos de créditos (SUP.04/25) por importe de 20.859.143,22 euros. O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:



1.- Créditos Extraordinarios “EXT. 05/25”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
240-2419-120,51	Soldo func. interinos sen praza (2500004. PROXECTO ERASMUS+ 2025)_ P. EMPREGO	29.920,00 €
240-2419-120,52	Trienios func. interinos sen praza (2500004. PROXECTO ERASMUS+ 2025)_ P. EMPREGO	1.920,00 €
240-2419-120,53	Paga extra func. interinos sen praza (2500004. PROXECTO ERASMUS+ 2025)_ P. EMPREGO	6.320,00 €
240-2419-120,90	O. Retribucións, Melloras, I.T., (2500004. PROXECTO ERASMUS+ 2025)_ P. EMPREGO	640,00 €
240-2419-121,51	C. Destino Func. Interinos sen praza, (2500004. PROXECTO ERASMUS+ 2025)_ P. EMPREGO	19.600,00 €
240-2419-121,52	C. Específico Func. Interinos sen praza, (2500004. PROXECTO ERASMUS+ 2025)_ P. EMPREGO	19.600,00 €
240-2419-160,00	Seguridade Social, (2500004. PROXECTO ERASMUS+ 2025)_ P. EMPREGO	10.160,00 €
240-2419-224,03	Primas de seguros, (2500004. PROXECTO ERASMUS+ 2025)_ P. EMPREGO	25.440,00 €
240-2419-226,02	Publicidade e propaganda, (2500004. PROXECTO ERASMUS+ 2025)_ P. EMPREGO	1.600,00 €
240-2419-226,99	Outros gastos diversos, (2500004. PROXECTO ERASMUS+ 2025)_ P. EMPREGO	1.600,00 €
240-2419-227,06	Estudios e traballos técnicos, (2500004. PROXECTO ERASMUS+ 2025)_ P. EMPREGO	40.000,00 €
240-2419-230,20	Axudas de custo, (2500004. PROXECTO ERASMUS+ 2025)_ P. EMPREGO	800,00 €
240-2419-231,20	Locomoción, (2500004. PROXECTO ERASMUS+ 2025)_ P. EMPREGO	2.400,00 €
922-3340-632,01	EDIFICIOS E OU. CONSTRUCCIÓN, MELLORAS PATRIMONIO_CONTRATACIÓN (Convenio Xunta, melloras Cine Fraga)	81.005,62 €
942-3420-762,95	A CONCELLOS, PLAN DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS 2025, "PEID III" - COOPERACIÓN	8.000.000,00 €
942-9420-762,85	A CONCELLOS, PLAN P. EXTRAORDINARIA, PLAN EXTRA 2025 - COOPERACIÓN	35.000.000,00 €
	Total Créditos Extraordinarios...	43.241.005,62 €

Financiamento do expediente de Créditos Extraordinarios, EXT. 05/25:

Fináncianse con maiores ingresos do exercicio correspondentes á liquidación da participación nos tributos do estado 2023; os maiores ingresos a recibir polas entregas a conta na participación nos tributos do estado 2025 e o resto



con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais, tal como se detalla na táboa seguinte.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
934-100,00	Cesión IRPF (Liquidación 2023)	606.614,28 €
934-100,00	Cesión IRPF (MAIORES ENTREGAS A CONTA 2025)	1.169.308,76 €
934-210,00	Cesión IVE (MAIORES ENTREGAS A CONTA 2025)	1.979.953,76 €
934-210,00	Cesión HIDROCARBUROS (MAIORES ENTREGAS A CONTA 2025)	42.552,36 €
934-420,10	F.C.F. INCREMENTO ENTREGAS A CONTA P.I.E. 2025	15.858.739,09 €
934-420,11	F.C.F. LIQUIDACIÓN P.I.E. 2023 (maiores ingresos)	10.975.692,66 €
931-870,01	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Créditos Extraordinarios (EXT. 05/25)...	12.608.144,71 €
	TOTAL INGRESOS..	43.241.005,62 €

2.- Suplementos de Crédito “SUP. 04/25”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
231-2311-789.00	INVESTIMENTOS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL_BENESTAR SOCIAL (Convocatoria subvencións obras centros de iniciativa social)	600.000,00 €
333-3330-212.00	REPARACIÓN EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓN_MUSEO	150.000,00 €
333-3330-623.02	INSTALACIÓN TÉCNICAS _MUSEO.	90.000,00 €
340-3410-489.02	A FAMILIAS E INST. SEN FINS LUCRO, ESCOLAS DEPORTIVAS_DEPORTES (Á Fundación Celta de Vigo)	49.000,00 €
340-3410-789.05	A ENT. SEN FINS DE LUCRO, EQUIP, VEHICULOS REMOLQUES E OUTROS_DEPORTES (Adquisición ou adaptación de medios de transporte e mobilidade)	300.000,00 €
410-4190-489.01	OUTRAS TRANSFERENCIAS, VARIAS_MEDIO AMBIENTE (Achea á Asociación Gandeira Rubia Galega do País, "XIV Feira da Vaca Rubia Galega do País")	3.000,00 €
410-4120-622.03	OUTRAS TRANSFERENCIAS, VARIAS_MEDIO AMBIENTE (Nova nave para "gando lactante")	114.400,00 €



433-3361-226.06	ESTUDIOS E TRABALLOS TECNICOS (XACEMENTOS)_TURISMO (Para sondaxes arqueolóxicas no recinto de Monterreal, Baiona)	57.969,72 €
931-0110-913.00	AMORTIZACIÓN PRÉSTAMOS, FÓRA DO SECTOR PÚBLICO_INTERVENCIÓN (Amortización Extraordinaria Débeda "BBVA: 14.954.773,50€"; "B. Sabadell: 4.500.000,00€")	19.454.773,50 €
942-4590-489.07	A COMUNIDADES VECINALES, G. CORRENTE (NOVAQUA)_COOPERACIÓN	40.000,00 €
	Total Suplementos de Créditos...	20.859.143,22 €

Financiamento do expediente de Suplementos de Créditos 04/25:

1. Por importe de 57.969,72 € con destino a “sondaxes arqueolóxicas no recinto de Monterreal - Baiona”, con baixas por anulación da aplicación 25/923-9225-462.11, do Centro Xestor SAIM, por xestionarse o expediente dende o proxecto XACEMENTOS (Centro Xestor Turismo); respecto do suplemento da aplicación 25/410-4120-622.03 por importe de 114.400,00 €, con baixas de créditos na aplicación 25/410-4190-632.01/2023 non utilizados.

Contabilizándose as seguintes operacións:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
410-4190-632.01/2023	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓN, MELLORAS_ MEDIO AMBIENTE (Edificio de apeiros)	-114.400,00 €
923-9225-462.11	A CONCELLOS, CONVENIOS SONDEXES ARQUEOLÓXICAS_ SAIM	-57.969,72 €
	Total Baixas por Anulacións...	-172.369,72 €

2. O resto finánciase con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870,02	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Suplementos de Crédito (SUP. 05/25)...	20.686.773,50 €
	TOTAL...	20.686.773,50 €



Resumo do expediente:

TOTAL SUPLEMENTOS...	20.859.143,22 €
TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...	43.241.005,62 €
TOTAL BAIXAS POR ANULACIÓN...	-172.369,72 €
SUMA...	63.927.779,12 €

O Resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

ORZAMENTO DE INGRESOS

Capítulo 1º Impostos directos.	1.775.923,04 €
Capítulo 2º Impostos indirectos.	2.022.506,12 €
Capítulo 3º Taxas e outros ingresos.	0,00 €
Capítulo 4º transferencias correntes.	26.834.431,75 €
Capítulo 5º Ingresos patrimoniais.	0,00 €
Capítulo 6º Alleamento de investimentos reais.	0,00 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	0,00 €
INGRESOS NON FINANCEIROS...	30.632.860,91 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	33.294.918,21 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
INGRESOS FINANCEIROS...	33.294.918,21 €
TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOOS...	63.927.779,12 €

ORZAMENTO DE GASTOS

Capítulo 1º Gastos de persoal.	88.160,00 €
Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.	279.809,72 €
Capítulo 3º Gastos financeiros.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	34.030,28 €
Capítulo 6º Investimentos reais.	171.005,62 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	43.900.000,00 €
GASTOS NON FINANCEIROS...	44.473.005,62 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	0,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	19.454.773,50 €
GASTOS FINANCEIROS...	19.454.773,50 €
TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOOS...	63.927.779,12 €



3.-Modificación do Anexo II das bases de execución, engadindo como subvencións nominativas, a seguinte:

410- MEDIO AMBIENTE			
APLICACIÓN /CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
24/410.4190.48 9.01	OUTRAS TRANSFERENCIAS, VARIAS _ MEDIO AMBIENTE	75.000,00 €	
G75325498	Asociación Gandeira Rubia Galega do País	3.000,00 €	XIV feira da vaca rubia galega do país
Onde se establecía:			
340- DEPORTES			
APLICACIÓN /CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO INICIAL	Obxecto e finalidade
24/340.3410.48 9.02	A FAMILIAS E ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, ESCOLAS DEPORTIVAS	1.219.000,00 €	
G36810042	Fundación Celta de Vigo	40.000,00 €	Realización de proxectos de carácter social no deporte
Modifícase polo seguinte:			
340- DEPORTES			
APLICACIÓN /CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
24/340.3410.48 9.02	A FAMILIAS E ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, ESCOLAS DEPORTIVAS	1.268.000,00 €	
G36810042	Fundación Celta de Vigo	89.000,00 €	Realización de proxectos de carácter social no deporte

Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 05/2025 que inclúe créditos extraordinarios (EXT.05/25) por importe de 43.241.005,62 euros e suplementos de créditos (SUP.04/25) por importe de 20.859.143,22 euros, máis as modificacións do Anexo II das Bases de execución do



orçamento, exporase ao público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 05/2025, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formulasen reclamacións contra o mesmo.”

4.8493.- **APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA 2025 (PLAN EXTRA 2025) (EXPTES. 2025061321-2025063538)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/WLgwlNKs6qBCaJ9cgfuwg5P0hfOZYi7EP8XKeFcaP7wuYvRl>

A Deputación de Pontevedra, como catalizador do desenvolvemento económico e social do seu territorio, e co fin de fomentar o desenvolvemento de proxectos que senten as bases dun crecemento sostible e equilibrado, promove as bases reguladoras e a convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (en adiante Plan Extra 2025).

Con esta liña de subvencións, a Deputación pretende impulsar investimentos de relevancia estratéxica, transformadores, modernos e operativos que contribúan a fixar e atraer poboación e teñan un efecto, real e positivo, no modelo de vida que queremos para a veciñanza, cos que se logre a prestación de servizos de calidade en toda a provincia e a supresión dos desequilibrios territoriais.



Con este fin, confecciónanse as bases reguladoras dun plan de carácter anual, aínda que a execución dos investimentos que conformen o mesmo poden realizarse en máis dun exercicio, financiado con fondos propios da Deputación e con achegas dos Concellos en función da súa poboación. As bases do Plan Extra 2025, que unha vez aprobadas polo Pleno da Corporación, de conformidade co establecido na D.A. 8ª da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, constitúen a súa normativa específica, recollen os criterios de distribución do crédito dispoñible con base a un procedemento de concorrência competitiva e dotan de seguridade xurídica ao procedemento de concesión e xustificación de subvencións públicas.

Vista toda a documentación relativa as bases reguladoras do Plan Extra 2025 que obra no expediente núm. 2025061321; vistos os informes do Xefe do Servizo de Cooperación Municipal de data 15/09/2025 (CSV: UIKWNATXAMD6BZ9K); do Secretario Xeral, de data 12/09/2025 (CSV: 2411K5Q8800170XA); da Intervención Provincial de data 15/09/2025 (CSV: VFNFSYOY5LZDKGRX); e visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 19/09/2025 (CSV: 0EG0M9G9NTVSKAED), o Pleno acorda por unanimidade:

1º. APROBAR as Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025), financiado pola Deputación Provincial de Pontevedra cun orzamento de trinta e cinco millóns de euros (35.000.000,00 €), condicionadas á aprobación do expediente de modificación de crédito núm. 05/2025.

O texto das bases reguladoras literalmente transcrito, di como segue:

BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA 2025 (PLAN EXTRA 2025)

INTRODUCCIÓN

No exercicio de 2024, a Deputación de Pontevedra aprobou o Plan Provincia Extraordinaria, destinado ao financiamento de investimentos competitivos, transformadores e de relevancia estratéxica necesarios para abordar os retos do futuro e lograr, dunha maneira real e efectiva, a prestación de servizos de calidade no territorio provincial.



O plan, unha vez analizadas as eivas na xestión municipal, incidía na necesidade de sustentar o labor municipal impulsando o desenvolvemento de proxectos que contribuísen, de maneira eficiente, a facer máis provincia dun xeito integrador e cohesionado, que servisen para vertebrar o territorio con base nos principios de equilibrio intermunicipal e igualdade na prestación dos servizos municipais, pero tamén tendo moi claro que os investimentos debían ter unha clara operatividade e estar fundamentados na sostibilidade e na planificación futura.

Tras a aprobación do Plan Extra, e á vista das numerosas solicitudes que recibe o equipo de Goberno sobre a necesidade de executar obras que faciliten a transformación do territorio e a prestación harmónica dos servizos públicos por parte dos concellos, considerou a oportunidade e conveniencia de aprobar un novo plan en consonancia coas necesidades destes últimos.

Así pois, co Plan Provincia Extraordinaria 2025 (en adiante Plan Extra 2025) a Deputación pretende impulsar, unha vez máis, investimentos públicos que posibiliten a modernización do territorio, que contribúan a fixar e atraer poboación e que senten as bases dun crecemento sostible e equilibrado, para o que é indispensable que as infraestruturas e dotacións sobre as que se sustentan os servizos públicos estean evolucionadas de forma adecuada.

En consecuencia, a Deputación asume de novo o reto non só de exercer, senón tamén de fortalecer as súas competencias como garante do protagonismo que os concellos deben ter na construción dunha provincia cohesionada e equilibrada territorialmente e, por conseguinte, no marco das competencias previstas no artigo 36.2.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), e 32 e 33 do Real decreto lei 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, activa un novo Plan Provincia Extraordinaria adaptado ás necesidades dos concellos e orientado ao financiamento de investimentos de relevancia estratéxica, operativos, eficientes e transformadores, cun efecto positivo real no modelo de vida que queremos para a nosa veciñanza.

CAPÍTULO ÚNICO. DISPOSICIÓNS XERAIS

Primeira. Obxecto

Estas bases e convocatoria teñen por obxecto regular o procedemento de concesión, execución e xustificación das subvencións que se outorguen con cargo a este plan de carácter anual, se ben a execución dos investimentos subvencionados poderá realizarse en máis dun exercicio.

As finalidades subvencionables deberán demostrar o seu carácter estratéxico local e realizarse sobre elementos de titularidade municipal ou sobre bens, instalacións ou terreos nos que se acredite a titularidade ou o dereito de uso ou cesión. En caso de que o ben, a instalación ou o terreo proveña doutra administración pública, o concello deberá acreditar a



titularidade coa correspondente cesión, autorización ou concesión; de ser un suxeito xurídico privado, a cesión terá unha duración de 50 anos, salvo que o investimento teña unha vida esperada superior. No caso de adquisición de terreos ou bens, a titularidade deberá acreditarse no momento da xustificación do investimento.

En concreto, serán actuacións subvencionables, sempre que se trate de actuacións que, de forma real e efectiva, sexan de competencia municipal, os seguintes tipos de investimentos:

INVESTIMENTOS SUBVENCIONABLES	
Actuacións elixibles	Detalle
Novas infraestruturas públicas	Construción de edificacións, inmobles ou equivalentes
	Novos equipamentos, dotacións, instalacións ou outras análogas
Infraestruturas públicas existentes	Rehabilitación
	Mellora
	Modernización
	Reforma
Intervencións en espazos públicos urbanos ou naturais	Humanización
	Urbanización
	Reurbanización
	Recuperación
	Mellora
Elementos necesarios para a recollida separada de biorresiduos de orixe doméstica (5.º contedor)	Compra de vehículos
	Compra de contedores (sempre que estean contemplados nun Plan estratéxico e/ou municipal de xestión de residuos)
	Outros elementos necesarios para o cumprimento das obrigas establecidas no artigo 25.2.b da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular

Por tanto, só serán subvencionables os gastos de investimento relacionados en proxectos de carácter estratéxico e que sexan de competencia municipal, sempre que cumpran o resto de requisitos sinalados nestas bases.

Será elixible a adquisición de terreos ou inmobles necesarios directamente para executar as actuacións. A adquisición de bens deberá ir asociada a un proxecto de desenvolvemento que xustifique o seu uso futuro e a súa importancia estratéxica local.

Permitirase levar a cabo actuacións complementarias, ou calquera outra relacionada directamente co investimento principal, cando estas sexan imprescindibles para asegurar a



funcionalidade do elemento principal e se incorporen ao proxecto do investimento para a súa realización única e conxunta.

En relación co carácter estratéxico dos proxectos de investimentos, para os efectos da súa xustificación e acreditación na memoria xustificativa e no proxecto que se presente, consideraranse que reúnen tal carácter aqueles que cumpran algunha das seguintes condicións:

PROXECTOS ESTRATÉXICOS LOCAIS
• Os investimentos que sexan fundamentais ou decisivos para a mellora, desenvolvemento e/ou modernización dos servizos. • Os investimentos que supoñan unha mellora relevante en canto ao equilibrio territorial na prestación dos servizos. • Os investimentos que incidan de forma decisiva na mellora das prestacións dos servizos básicos ou esenciais recollidos no artigo 26 da LRBRL. • Os investimentos con repercusión relevante na prestación de servizos no ámbito superior ao municipal. • Os investimentos previstos nun plan estratéxico ou nun documento de planificación análogo, sempre que estean aprobados pola entidade local. • Os investimentos con transcendencia en sectores estratéxicos de ámbito local, supramunicipal ou comarcal que incentiven o desenvolvemento do territorio. • Os investimentos que redunden na capacidade do territorio para atraer e fixar poboación. • Os investimentos que teñan un compoñente vertebrador dos territorios e para fomentar a igualdade de oportunidades entre rural e urbano.

Segunda. Natureza xurídica

De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor dos concellos no marco deste plan rexeranse polas presentes bases.

Con todo, para o non previsto nelas aplicaranse supletoriamente a LXS; o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Terceira. Aprobación das bases

De acordo co establecido na base 16.3 das Bases de execución do Orzamento para o exercicio de 2025 e cumprindo co establecido no artigo 17 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é o Pleno da Deputación.

Cuarta. Beneficiarios



Poderán solicitar as axudas reguladas nestas bases os concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo na data de publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO). Non poderán obter a condición de beneficiarios aqueles concellos nos que concorran algunha das circunstancias ou prohibicións ás que fai referencia a lexislación vixente en materia de subvencións.

Quinta. Financiamento e contía das subvencións

O financiamento deste plan ascende a trinta e cinco millóns de euros (35.000.000,00 €), financiados con fondos propios da Deputación, con cargo ao Orzamento provincial do exercicio de 2025, imputable á aplicación orzamentaria 2025/942.9420.762.85 do Plan Extra 2025.

Os concellos poderán presentar **un único proxecto** para unha única actuación aínda non executada, que deberá ser continua e coherente. Non serán subvencionables aquelas actuacións que supoñan a suma de actuacións dispersas.

Cada concello pode acadar para o seu investimento unha subvención máxima da Deputación atendendo á súa poboación. Así mesmo, este deberá cofinanciar a actuación segundo unha porcentaxe mínima do orzamento total do seu investimento, para o que se considerará o mesmo criterio demográfico. Non existe un límite máximo do orzamento do investimento; con todo, o límite mínimo será o 50 % da subvención máxima en cada tramo de poboación.

No seguinte cadro detállase a porcentaxe mínima de financiamento que debe asumir o concello, a porcentaxe máxima de financiamento por parte da Deputación e os importes máximos de subvención da institución provincial:

POBOACIÓN DO CONCELLO	PORCENTAXE MÍNIMA DE FINANCIAMENTO DO CONCELLO	PORCENTAXE MÁXIMA DA SUBVENCIÓN	SUBVENCIÓN MÁXIMA
Menos de 5.000 hab.	15 %	85 %	500.000,00 €
De 5.001 a 10.000 hab.	20 %	80 %	700.000,00 €
De 10.001 a 20.000 hab.	25 %	75 %	900.000,00 €
De 20.001 a 50.000 hab.	30 %	70 %	1.100.000,00 €

O concello, atendendo á súa solvencia económica, poderá financiar a súa achega nas anualidades de 2026 e 2027 do Plan +Provincia ou do plan de obras e servizos que, no seu caso, o substitúa.



En caso de que o financiamento da achega municipal se realice con cargo a outros plans ou programas de axudas da propia Deputación ou doutras administracións públicas, os prazos de execución destes plans deberán ser iguais ou superiores aos contemplados nestas bases.

Sexta. Criterios de concesión e cuantificación das solicitudes

As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrência competitiva entre todos os concellos que presenten a correspondente solicitude acompañada da documentación esixida nestas bases. As solicitudes valoraranse de acordo cos criterios do apartado 6.2.

A concesión das subvencións realizarase nun único proceso.

Valoraranse as solicitudes por orde decrecente de puntuación e asignaráselles o máximo financiamento posible por concello ata esgotar o crédito do plan.

6.1. Quedarán excluídas aquelas solicitudes que:

- Incumpran as bases da convocatoria.
- Non se acollan ao obxecto subvencionable.
- Non dispoñan da titularidade dos terreos ou bens, ou non acrediten a titularidade coa correspondente cesión, autorización ou concesión. En caso de adquisición de terreos ou bens, a titularidade deberá acreditarse no momento da xustificación do investimento.

6.2. Criterios de valoración:

Sobre un total de 100 puntos, os criterios de valoración son os seguintes:

6.2.1. Criterios obxectivos (ata 60 puntos).

Terase en conta o seguinte:

a) **Poboación**, de acordo cos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística (INE) correspondentes a 2024 no momento da publicación destas bases, **ata 35 puntos**.

Menor ou igual a 5.000 habitantes	20 puntos
Entre 5.001 e 10.000 habitantes	25 puntos
Entre 10.001 e 20.000 habitantes	30 puntos
Entre 20.001 e 50.000 habitantes	35 puntos

b) **Superficie**, de acordo cos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE) correspondentes a 2019 no momento da publicación destas bases, **ata 10 puntos**.

Menor ou igual a 75 km ²	4 puntos
Entre 75,01 e 150 km ²	6 puntos
Entre 150,01 e 250 km ²	8 puntos



Maior de 250 km ²	10 puntos
------------------------------	-----------

c) **Núcleos de poboación**, de acordo cos datos publicados polo IGE correspondentes a 2024 no momento da publicación destas bases, **ata 5 puntos**.

Menor ou igual a 10 núcleos	2 puntos
Entre 11 e 50 núcleos	3 puntos
Entre 51 e 100 núcleos	4 puntos
Maior de 100 núcleos	5 puntos

d) **Envellecemento da poboación** (relación entre a poboación maior de 64 anos e a menor de 20), de acordo cos datos publicados polo IGE correspondentes a 2024 no momento da publicación destas bases, co que se obtivo un rateo para calcular o índice de envellecemento, **ata 5 puntos**.

Menor ou igual a 100	2 puntos
Entre 100,01 e 200	3 puntos
Entre 200,01 e 300	4 puntos
Maior de 300	5 puntos

e) **Perda de poboación (reto demográfico)**, calculada a partir dos datos definidos polo INE en relación coa prima demográfica de perda de poboación entre 2015 e 2024, **ata 5 puntos**.

Sen perda de poboación	0 puntos
Menor ou igual ao 5 %	2 puntos
Entre o 5,01 % e o 10 %	3 puntos
Entre o 10,01 % e o 15 %	4 puntos
Maior do 15 %	5 puntos

6.2.2. Criterios subxectivos (ata 40 puntos).

Teranse en conta os seguintes criterios:

a) Pola calidade do proxecto ou memoria técnica , xustificada polas técnicas ou técnicos competentes, (en caso de adquisición de elementos para a recollida separada de biorresiduos) ata 20 puntos:
Valorarase a calidade técnica do proxecto en todos os seus contidos necesarios: - Calidade e descrición do estado actual: ata 2 puntos. - Detalle da análise dos condicionantes: ata 2 puntos. - Calidade e detalle da análise das alternativas: ata 2 puntos. - Calidade e cantidade dos traballos previos conducentes ao coñecemento da realidade do estado actual: ata 2 puntos. - Calidade das solucións propostas: ata 3 puntos. - Calidade dos materiais: ata 3 puntos.



- Calidade das propostas construtivas: ata 3 puntos.
 - Nivel de detalle das solucións: ata 3 puntos.
- Se o proxecto contempla varias fases de execución, só se valorará a fase que se financia co presente plan.

b) Polo **carácter estratéxico do investimento**, xustificado polas técnicas ou técnicos competentes, ata 20 puntos.

Para valorar este apartado deberá recollerse nunha **memoria á parte** na que se xustifique o cumprimento daqueles aspectos e datos concretos que se substancien expresamente no proxecto e sexan relevantes para xustificar ou acreditar a importancia estratéxica dos investimentos. Valorarase da seguinte maneira:

- Mellora relevante en canto ao equilibrio territorial na prestación dos servizos: ata 2 puntos.
- Incidencia positiva na capacidade do territorio para atraer e fixar poboación: ata 2 puntos.
- Mellora positiva na prestación dos servizos públicos básicos ou esenciais: ata 2 puntos.
- Relevancia fundamental ou decisiva para a mellora, desenvolvemento e/ou modernización dos servizos: ata 3 puntos.
- Repercusión relevante na prestación de servizos no ámbito superior ao municipal: ata 3 puntos.
- Previsión do investimento nun plan estratéxico ou documento de planificación análogo, sempre que estea aprobado pola entidade local: ata 4 puntos.
- Transcendencia en sectores estratéxicos de ámbito local, supramunicipal ou comarcal que incentiven o desenvolvemento do territorio: ata 4 puntos.

Os criterios subxectivos valorarao unha comisión de persoas expertas, que estará constituída polos seguintes membros:

Presidencia: o xefe do Servizo de Cooperación cos Municipios ou a persoa en quen delegue.

Vogalía:

- O xefe de Sección de Proxectos do Servizo de Cooperación cos Municipios ou a persoa en quen delegue.
- Unha ou un técnico do Servizo de Cooperación cos Municipios, que tamén exercerá as funcións de secretaria.
- A xefa do Servizo de Arquitectura ou a persoa en quen delegue.
- O director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais ou a persoa en quen delegue.
- Unha ou un técnico do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- O xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal (SAIM) ou a persoa en quen delegue.



Sétima. Procedemento de concesión e resolución definitiva

1. A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao xefe do Servizo de Cooperación cos Municipios.
2. A instrución do procedemento de concesión comprenderá as seguintes actividades ou fases:
 - a. Unha vez presentadas as solicitudes, o servizo instrutor estudaraas e comprobaraas, e solicitaranse as emendas que procedan, que deberán presentarse no prazo de dez (10) días hábiles.
 - b. Valoración e baremación dos proxectos presentados por parte da comisión de persoas expertas.
 - c. Informe-proposta do xefe do Servizo de Cooperación, no que figurará a valoración feita pola comisión de persoas expertas á luz dos criterios de valoración establecidos nestas bases, e na que se explicará o sistema seguido para valorar, se relacionarán as solicitudes por orde decrecente de puntuación e se sinalará a subvención que lle corresponde a cada unha das entidades beneficiarias. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas e motivaranse as razóns da desestimación.
 - d. Informe de fiscalización de Intervención de todos os expedientes e do informe-proposta.
 - e. Proposta de resolución definitiva, que se elevará ao órgano competente para a súa aprobación.
 - f. Resolución do órgano competente, de conformidade co disposto nas bases reguladoras, na que se deberán acreditar os fundamentos da resolución que se adopte. O prazo máximo para notificar e resolver non poderá exceder os seis (6) meses, contados a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen lles notificar aos potenciais beneficiarios, llexítimamente para entender como desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes de concesión de subvención.
 - g. Tras a resolución definitiva, asinarase un convenio cos concellos beneficiarios no que se definirán as actuacións obxecto de subvención e estableceranse de maneira pormenorizada os seus deberes.
3. A proposta de resolución definitiva non crea ningún dereito a favor do beneficiario proposto fronte á Administración mentres non se lle notifique a resolución de concesión. Unha vez esta se notifique, entenderase aceptada polos concellos salvo que estes a rexeiten expresamente.

Oitava. Lugar de presentación das solicitudes

As solicitudes presentaranse debidamente cubertas, e especificarase a súa denominación concreta, o orzamento e o importe da subvención solicitada, obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos



14.2 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Estas solicitudes deberán ser aprobadas mediante un acordo do órgano competente do concello, no que se indiquen expresamente a finalidade concreta e a subvención que se solicita, e deberá achegarse unha certificación acreditativa deste (**anexo III**). Non obstante, o concello poderá utilizar modelos propios de certificación, que deberán respectar o contido exacto recollido nestas bases.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Novena. Prazo de presentación das solicitudes

O prazo de presentación das solicitudes de subvencións que se acollan a este plan é dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no BOPPO e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Décima. Simplificación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

Para a tramitación dos procedementos de concesión e xustificación ao abeiro destas bases, os concellos presentarán unha declaración responsable conforme están ao corrente das obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (en adiante, AEAT), coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

Décimo primeira. Documentación complementaria

Non presentar esta documentación será causa de exclusión directa e non será emendable fóra do fin de prazo de solicitudes.

As entidades interesadas, ademais do formulario de solicitude, achegarán a seguinte documentación:

- Proxecto de execución redactado e debidamente asinado dixitalmente segundo o indicado no **anexo I** “Formato e contido do proxecto de obra civil e mobilidade” e no **anexo II** “Formato e contido dos proxectos de edificación e rehabilitación”. Non son admisibles denominacións xenéricas, polo que os investimentos integrados no plan deben ser identificados con precisión e claridade.
En caso de que, debido á tipoloxía do investimento, non sexa necesario presentar un proxecto técnico de execución, achegarase unha memoria asinada polo persoal técnico competente e a documentación técnica xustificativa que resulte pertinente segundo a natureza das actuacións propostas.



- Certificado expedido pola ou polo funcionario público competente no que se faga constar o acordo do órgano competente do concello no que se determine o investimento que se vai realizar, a súa denominación e a subvención que se acorda solicitar (**anexo III**).
- Certificado expedido pola ou polo funcionario público competente no que se faga constar o acordo de aprobación do proxecto técnico de execución ou, segundo a tipoloxía do investimento, da memoria. En caso de non ser posible a aprobación do proxecto técnico de execución pola necesidade de dispoñer dalgunha autorización sectorial que está pendente de outorgamento, o concello achegará esta certificación coa primeira xustificación. A concesión da subvención quedará condicionada a esta cuestión.
- Certificado expedido pola ou polo funcionario público competente no que se acredite (**anexo IV**):
 - A titularidade municipal ou a cesión, autorización ou concesión dos elementos nos que se van desenvolver as actuacións.
No suposto de que non se dispoña do título habilitante requirido, poderase obter e acreditar a devandita circunstancia no prazo máximo de dous (2) meses, contados desde a data de finalización do prazo para presentar as solicitudes, debendo quedar acreditada a devandito extremo, en todo caso, antes da data da primeira reunión da comisión de persoas expertas. Unha vez transcorrido o mencionado prazo, a falta de acreditación deste requisito considerárase non emendable. Deberá detallarse que todas as partidas incluídas no proxecto se realizarán sobre elementos con estas características. En caso de adquisición de terreos ou bens, a titularidade deberá acreditarse no momento da xustificación do investimento.
 - No seu caso, a dispoñibilidade dos terreos nos que se van desenvolver as actuacións. De precisárense autorizacións sectoriais, o concello deberá detallalas e achegar a documentación que poña de manifesto que conta con esas autorizacións, licenzas ou permisos, ou que os solicitou. Neste último caso, a concesión da subvención quedará condicionada á súa obtención.
- Nos investimentos en obras, a acta de trazado previo de acordo **co anexo V**, en caso de contar coa dispoñibilidade dos terreos precisos para a execución do investimento.
- Documentación pertinente para a acreditación e avaliación dos criterios de valoración aplicables, especificamente do apartado de avaliación da xustificación do carácter estratéxico dos proxectos. A Deputación poderá requirir cantas aclaracións considere necesarias para permitir a correcta comprobación deses datos, aínda que o cumprimento destas circunstancias deberá estar referido á data de finalización do prazo de solicitude, agás no referido nestas bases á titularidade municipal ou á cesión, autorización ou concesión.
- Declaración responsable conforme o concello está ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa AEAT, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

Se algún dos documentos que se deben presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a súa presentación presencialmente, dentro dos



prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na citada sede electrónica.

Calquera falsidade nos datos presentados dará lugar á perda da subvención concedida, ademais doutras medidas que para o caso poida arbitrar o organismo provincial.

Non se concederán subvencións se non figuran no expediente todos os formularios e documentos preceptivos contemplados nestas bases. En caso de defecto ou erro na presentación da documentación á que se refire esta base, ou de incumprimento do previsto no artigo 68 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada que emende as faltas ou omisións emendables no prazo máximo de dez (10) días hábiles, e indicáráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude tras a resolución, que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

A comprobación do contido dos proxectos será realizada polos servizos técnicos provinciais.

Os anexos dispoñibles na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) non poderán ser obxecto de manipulación ou emenda. Poderanse utilizar modelos propios de certificacións, que deberán respectar o contido exacto recollido nestas bases.

Décimo segunda. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde <https://sede.depo.gal> e a través de <https://dehu.redsara.es/>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada, e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Décimo terceira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outras). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para levar a cabo trámites sobre outros expedientes e presentalos electronicamente. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en:

<https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

Décimo cuarta. Proxectos de execución

Todas as obras e os proxectos de execución correspondentes deberán referirse necesariamente a obras completas; entenderanse por tales as susceptibles de ser entregadas ao uso xeral ou ao servizo correspondente, sen prexuízo de posteriores ampliacións, e incluírán todos e cada un dos elementos que sexan necesarios para o uso da obra.

Todos os proxectos de execución, que deberán cumprir a normativa vixente, incluírán a documentación establecida na normativa de contratos e sectorial de obrigado cumprimento, e axustarán o seu contido ás seguintes instrucións:

1. O financiamento dos proxectos, de acordo con estas bases, realizarase como gasto ou investimento con cargo ao Orzamento provincial do exercicio de 2025, no que respecta ao financiamento da Deputación.
 2. Non se admitirán denominacións xenéricas. Os investimentos que se integran no plan deben identificarse con precisión e claridade, sen dar lugar a ambigüidades, e debe existir concordancia entre a solicitude e a denominación do proxecto técnico.
 3. Non se farán referencias a marcas concretas en ningún proxecto técnico. Unicamente se permitirá, excepcionalmente, a referencia a marcas cando non sexa posible facer unha descrición o bastante precisa e intelixible do obxecto do contrato; nese caso deberá engadirse a mención “ou equivalente”.
 4. Todas as partidas dos orzamentos deberán ser subvencionables, e non se admitirán partidas de natureza administrativa coma homologacións, licenzas ou legalizacións.
- A Deputación procederá, en todo caso, á súa supervisión e control, especialmente en función dos prezos das distintas unidades, antes da súa aprobación ou autorización no caso dos modificados por parte do órgano competente desta institución.



5. Os custos da dirección de obra, da coordinación de seguridade e saúde e do control de calidade serán subvencionables. Para isto, estes deben figurar desagregados na solicitude de subvención.
6. Admitiranse proxectos redactados antes da aprobación das presentes bases. Non obstante, só será subvencionable o custo da redacción dos proxectos redactados e adxudicados no exercicio de 2025. Así mesmo, de ser subvencionable, este custo deberá figurar desagregado na solicitude de subvención.

Décimo quinta. Aprobación dos proxectos, titularidade e outorgamento de licenzas

Os proxectos deben ser aprobados polo órgano competente do concello cando estean en disposición de facelo.

Se os proxectos, pola súa situación ou polas súas características, necesitasen permisos ou autorizacións doutros organismos, será o concello o que os solicite. Este deberá acreditar que conta con elas ou que as solicitou, e achegará os correspondentes documentos de concesión ou a súa solicitude.

En caso de que algún proxecto afectase dalgún modo as franxas de protección dunha estrada provincial e, polo tanto, precisase unha autorización desta Deputación, o concello deberá obtela a través do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

No suposto daqueles proxectos técnicos de execución que non puidesen aprobarse no momento de presentar a solicitude de subvención por estar supeditados ao outorgamento dalgunha autorización sectorial, permítese que a aprobación formal se atrase ata que a entidade municipal dispoña desta. Nestes supostos, a concesión da subvención quedará condicionada a que se achegue o certificado de aprobación do proxecto, a acta de trazado previo (anexo V) e a correspondente autorización sectorial, xunto coa primeira xustificación.

Ademais, os elementos obxecto das actuacións contidas nos proxectos deberán ser de titularidade municipal ou acreditar un dereito de uso ou cesión, autorización ou concesión, segundo o indicado nestas bases, e que todas as unidades se executan en elementos destas características. O incumprimento deste requisito no prazo máximo de dous (2) meses, contados desde a data de finalización do prazo para a presentación das solicitudes e, en todo caso, antes da data da primeira reunión da comisión de persoas expertas, será motivo de exclusión. Para a adquisición de terreos ou bens, a titularidade deberá acreditarse no momento da xustificación do investimento.

Décimo sexta. Licitación

De acordo co establecido na exposición de motivos destas bases, a licitación e adxudicación dos contratos correspóndelles aos concellos, que deberán respectar o contemplado nas propias bases e na vixente normativa sobre contratación pública.



Os custos derivados das asistencias técnicas á redacción do proxecto, á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde e ao control de calidade que teñan un importe igual ou superior a seis mil euros (6.000,00 €) deberán dispoñer do acordo ou do decreto de autorización e disposición do gasto.

Décimo sétima. Execución dos investimentos

As obras executaranas os respectivos concellos segundo o correspondente proxecto técnico de execución, sen prexuízo da posibilidade de que a Deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

Os investimentos deberán estar executados a 31 de decembro de 2027; en todo caso, o prazo de xustificación será ata o 31 de maio de 2028. O incumprimento destes prazos dará lugar á perda do dereito a cobrar total ou parcialmente a subvención.

Non obstante, o Plan Extra 2025 poderá ser obxecto de prórroga co fin de garantir a finalización dos investimentos subvencionados, especialmente naqueles casos nos que a execución se poida ver afectada por certas condicións ou circunstancias excepcionais que deberán xustificarse.

A directora ou director das obras será nomeado pola entidade local contratante, que terá que informar a Deputación unha vez se produza a designación. Calquera cambio na dirección técnica comunicaráse igualmente á institución provincial no momento en que teña lugar.

Os concellos comunicaránlle á Deputación coa suficiente antelación, polo menos de catro días, a data e mais a hora na que terá lugar a comprobación do replanteo, á que asistirá, de considerarse procedente, a Presidencia ou unha persoa representante da Corporación ou facultativa da institución provincial. Así mesmo, a entidade municipal remitiralle á Deputación un exemplar da acta de comprobación do replanteo xunto coa fotografía do cartel de obra que acredite a difusión dada ao financiamento outorgado pola Deputación. O cartel de obra será colocado no momento da sinatura da devandita acta.

Os concellos comunicaránlle á Deputación coa suficiente antelación, polo menos de catro días, a data e mais a hora nas que terá lugar, ao remate das obras, o acto de recepción destas, ao que asistirá, de consideralo procedente, a Presidencia ou unha persoa representante da Corporación ou facultativa desta. A Administración municipal remitiralle á provincial un exemplar da acta de recepción.

De ser o caso, os concellos comunicaránlle á Deputación, coa suficiente antelación, polo menos de catro días, a data e mais a hora nas que terá lugar a inauguración oficial dos investimentos financiados co presente plan, á que asistirá, de consideralo procedente, a Presidencia ou unha persoa representante da Corporación provincial.



A Deputación poderá inspeccionar a execución das obras obxecto deste plan e as actuacións realizadas cando o considere oportuno, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que lles corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ás persoas responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

Décimo oitava. Reformulación dos proxectos técnicos de execución

Se tras a concesión da subvención e antes da licitación do investimento xurdise a necesidade de reformular o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente esta reformulación, que deberá ser aprobada polo órgano competente da entidade municipal. A reformulación do proxecto técnico non poderá variar a tipoloxía inicialmente aprobada nin supoñer unha minoración da puntuación acadada polo proxecto inicial. Despois da aprobación polo concello, a Deputación supervisará o proxecto reformulado e dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

En todo caso, o concello deberá xustificar as causas que motivan a reformulación do proxecto (cumprimento de condicionamentos impostos polas autorizacións sectoriais, necesidade de adaptar, redefinir algún concepto etc.).

A reformulación do proxecto técnico non dará lugar a un incremento da contía subvencionada.

No suposto de que a reformulación supoña un incremento do custo do investimento, o concello poderá financiar este incremento con:

- Fondos propios do concello.
- Achegas concedidas pola Deputación con cargo a outros plans ou programas de subvencións, sempre que os prazos de execución se axusten aos recollidos nas presentes bases.
- Achegas outorgadas por outras administracións públicas con cargo a convenios ou a plans ou programas de axudas, sempre que os prazos de execución se axusten aos recollidos nestas bases.

Se a reformulación do proxecto técnico supón unha minoración do custo do investimento, esta reverterá na achega municipal sen variar a subvención concedida pola Deputación, sempre que se manteña a porcentaxe de financiamento mínimo por parte do concello establecida na base quinta destas bases.

O custo da redacción do proxecto reformulado correrá a cargo do concello.

Décimo novena. Modificación dos contratos

Se durante a execución da obra xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de



contratos, a modificación deste, que deberá ser aprobada polo órgano competente da entidade. Esta alteración non poderá supoñer unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

As modificacións financiaranse co importe das baixas que se produzan no proceso de adxudicación dos contratos. O importe das baixas non aplicadas aplicarase proporcionalmente entre a Deputación e o concello. En caso de non existir baixa ou se o importe da modificación fose superior ao importe desta, financiarase coa achega do concello ou coas doutros entes públicos.

O custo da redacción do proxecto modificado correrá a cargo do concello.

Tamén se poderán financiar co importe das baixas de adxudicación, ademais de con achegas do concello ou doutros entes públicos, os excesos de medicións acordos á lexislación de contratos.

A revisión de prezos, cando supoñan un incremento dos custos acordos á lexislación vixente, tamén se poderá financiar co importe das baixas de adxudicación e, de supoñer un importe superior, o importe restante correrá a cargo do concello.

Non se autorizará o reinvestimento de baixas nin para o mesmo proxecto nin para actuacións complementarias, excepto polo disposto nos parágrafos anteriores. En caso de existir unha parte cofinanciada polo concello que proceda do Plan +Provincia da Deputación de Pontevedra, unicamente se permitirá o reinvestimento noutras actuacións cando o importe sobrante que lle corresponda sexa igual ou superior a vinte mil euros (20.000,00 €), para o cal se deberá tramitar un novo expediente para a súa concesión como subvención nominativa, sen prexuízo da suxeición á normativa aplicable que volverá a rexer os fondos segundo o plan ou programa do que proveñan, sempre que o seu prazo de execución sexa igual ou superior ao contemplado neste plan.

Vixésima. Obrigas dos beneficiarios

Os concellos beneficiarios, de conformidade co disposto nestas bases, estarán obrigados a cumprir o establecido no artigo 11 da LSG, en particular, o seguinte:

- Destinar o importe das subvencións outorgadas ao cumprimento total das finalidades que fundamentan a concesión das subvencións.
- Realizar as actuacións que fundamentan a concesión das subvencións nos prazos sinalados nestas bases.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que determine a Deputación de Pontevedra e a achegar canta información se lles requira no prazo que estableza a institución provincial.



- Comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público estatal ou internacional.
- Cumprir a normativa de contratación e a demais normativa aplicable.
- Tramitar e obter as autorizacións e licenzas que fosen precisas ante os organismos e administracións pertinentes.
- Cumprir coas cautelas, condicionamentos e requisitos que se recollan nas autorizacións sectoriais.

Os beneficiarios deberán darlle a adecuada publicidade ao financiamento por parte da Deputación de Pontevedra para as actuacións subvencionadas. Para estes efectos deberán:

- Facer constar en todas as accións de comunicación en calquera medio (cuñas de radio, noticias en internet, prensa escrita, redes sociais...) ou publicidade o apoio dado pola Deputación.
- Acreditar a publicidade desde o inicio da obra, indicando as accións de comunicación realizadas, as fotos e demais documentación que se considere necesaria.
- Incluír no prego de cláusulas ou na documentación que rexe a contratación unha cláusula na que conste a obriga da ou do contratista de poñer, desde o inicio das obras ata a súa total terminación e comprobación material por parte da Deputación, un cartel informativo que indique que se trata dunha obra subvencionada pola institución provincial.
- Facerse cargo económica e fisicamente dos carteis das obras que se realicen e da súa retirada tras a finalización do prazo de garantía. Estes carteis colocaranse nun lugar suficientemente visible.
- Nos investimentos en equipamentos coma vehículos ou contedores, deberá colocarse nos laterais un rótulo coa imaxe institucional da Deputación de Pontevedra e o seu nome. O tamaño do rótulo será como mínimo do 20 % do lateral do vehículo ou contedor.
No resto de investimentos en equipamentos ou material inventariable, cando non proceda a instalación dun cartel de obra ou a rotulación, deberá colocarse, nun lugar visible e accesible que non dificulte o uso do equipo, un adhesivo vinílico no que se visualice o emblema da Deputación de Pontevedra e o seu nome. O tamaño deste adhesivo será como mínimo de 10*5cm.
- Comunicarlle á Deputación as distintas visitas de obra e, cunha antelación mínima de polo menos catro días, o lugar, a data e hora do acto de comprobación da implantación, do acto de recepción da obra ou da subministración e, de ser o caso, da inauguración do investimento.

Correspóndelle ao Servizo de Comunicación Institucional dar as instrucións que se deben seguir no relativo á imaxe institucional.

En todo caso, a publicidade das subvencións deberá realizarse conforme ao manual de identidade corporativa que se atope vixente e publicado na páxina web da Deputación no momento da concesión das subvencións, co que se pretende sistematizar as obrigas que



teñen os beneficiarios destas axudas en materia de publicidade, de tal forma que sirva como documento de referencia á hora de poñer en práctica todas as accións de publicidade e difusión que resultan obrigatorias conforme ao actual marco normativo.

Vixésimo primeira. Xustificación dos investimentos

Todos os investimentos deberán estar executados nas datas indicadas na base décimo sétima e xustificarse no prazo indicado nesa mesma base. O incumprimento destes prazos dará lugar ao inicio do expediente de perda do dereito a cobrar total ou parcialmente a subvención. O pagamento ao concello do importe da subvención realizarase á vista das certificacións de execución das obras ou facturas aprobadas polo órgano municipal competente. O concello poderá presentar xustificacións parciais que se axusten ao ritmo de execución do investimento.

Así, as entidades beneficiarias deberán presentar na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, as certificacións ou facturas acompañadas da seguinte documentación:

A primeira certificación e factura correspondente acompañarase de:

- Acta de trazado previo (**anexo V**), en caso de non presentarse con anterioridade.
- O certificado do acordo do órgano competente do concello no que se aprobe o proxecto técnico de execución do investimento incluído no plan, en caso de non presentarse con anterioridade.
- Acreditación da concesión das autorizacións sectoriais, licenzas ou permisos pertinentes, en caso de non presentarse con anterioridade.
- A certificación do acordo de adxudicación do contrato e da aprobación do expediente de contratación, en caso de non presentarse con anterioridade.
- O contrato.
- O nomeamento da directora ou director técnico de obra.
- A acta de comprobación de replanteo.
- A certificación do acordo de aprobación da certificación de obra e da factura correspondente.
- A acreditación da publicidade dada ao financiamento obtido da Deputación, de acordo co disposto na base vixésima.
- Declaración responsable conforme o concello está ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa AEAT, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

As seguintes certificacións acompañaranse do acordo municipal de aprobación da certificación ou certificacións correspondentes coas súas facturas e do informe do director facultativo, se fose necesario.

Xunto coa última certificación ordinaria entregaranse:

- A certificación do acordo de aprobación da certificación de obra e a súa factura.
- A acta de recepción, cuberta de acordo co disposto na normativa de contratos.



- Unha nova acreditación da publicidade dada ao financiamento obtido da Deputación.
- Unha certificación da funcionaria ou funcionario público competente do conxunto de axudas concedidas por esta Deputación, por outras administracións públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade.
- A certificación acreditativa ou o informe da dirección facultativa sobre as melloras executadas, en caso de habelas.
- Un informe de fin de obra da dirección facultativa, independentemente de que haxa ou non variación na execución ou certificación con respecto ao proxecto presentado. Neste explicaranse e xustificaranse as variacións e toda incidencia que deba ser resaltada.
Se o informe de fin de obra recolle variacións que dean lugar a excesos de medición (liquidacións), este informe acompañarase da certificación final, da correspondente factura e da súa aprobación.
- En caso daqueles proxectos cuxa execución estivese suxeita ao cumprimento de autorizacións sectoriais que contemplasen a imposición de condicionamentos ou cautelas, o informe da dirección facultativa ou do persoal facultativo técnico municipal relativo ao efectivo axuste dos investimentos realizados á normativa sectorial.
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación dos investimentos ou que se considere necesaria para comprobar que se executou correctamente.
- Una nova declaración responsable conforme o concello está ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa AEAT, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

Se a subvención concedida contempla o financiamento dos custos derivados das asistencias técnicas á redacción do proxecto, á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde e ao control de calidade, o concello deberá achegar para a súa xustificación:

- A factura pola asistencia técnica.
- A certificación do acordo de aprobación da factura.
- A certificación do acordo ou a resolución de adxudicación do gasto, se o custo da asistencia técnica é igual ou superior a seis mil euros (6.000,00 €).
- Nos casos en que sexa obrigatorio, o contrato ou a aceptación do acordo ou a resolución de adxudicación por parte do adxudicatario.

A xustificación de investimentos en subministracións comprenderá:

- A factura correspondente, que deberá reunir os requisitos (especialmente en canto á esixencia de detallar as unidades, os conceptos e os prezos unitarios etc.) que se recollen nos artigos 6 e seguintes do Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Deben evitarse conceptos con obxectos indeterminados, difusos e xenéricos que dificulten a comprobación formal e material do investimento.



- O certificado do acordo de aprobación da factura.
- O certificado do acordo de adxudicación do contrato.
- O contrato.
- A acta de recepción no modelo normalizado ou similar. As persoas asinantes estarán debidamente identificadas e indicarse o seu cargo.
- A acreditación da publicidade que se lle deu ao financiamento da Deputación, de acordo co disposto na base vixésima.
- No caso daquelas subministracións (por exemplo, contedores) que pola súa situación tivesen unha afección sectorial e non se presentase a autorización con anterioridade, a acreditación da concesión da devandita autorización, que se acompañará dun informe do persoal facultativo técnico municipal sobre o cumprimento do contemplado nela.
- Unha certificación da funcionaria ou funcionario público competente do conxunto de axudas concedidas por esta Deputación, por outras administracións públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade.
- Declaración responsable conforme o concello está ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa AEAT, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

As certificacións de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto e o resto da documentación xustificativa serán verificados polos servizos técnicos provinciais. As actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación.

A comprobación material do investimento definida no parágrafo anterior é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

Unha vez realizada a comprobación formal e material definida nos parágrafos anteriores, a documentación xustificativa acreditativa do gasto será fiscalizada pola Intervención provincial antes de ser aprobada e pagada.

Se o beneficiario da subvención non presenta a documentación xustificativa no prazo sinalado na base décimo sétima, requiriráselle de forma inmediata que a presente no prazo improrrogable de quince (15) días hábiles. A achega da documentación xustificativa fóra deste prazo dará lugar á imposición dunha dedución do 5 % da contía subvencionada.

A non xustificación dará lugar á perda, total ou parcial, do dereito a cobrar a subvención correspondente.

O incumprimento da obriga de comunicar os actos oficiais relativos ao inicio (acto de comprobación da implantación), execución (visitas de obra), recepción e inauguración dos investimentos financiados con cargo a este plan no prazo estipulado na base vixésima poderá dar lugar á imposición dunha dedución de ata o 5 % do importe da subvención concedida, logo da tramitación do procedemento pertinente.



O incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión do financiamento recibido por parte da Deputación conforme ao disposto na base vixésima no prazo establecido inicialmente dará lugar a unha dedución do 5 % da contía concedida. A persistencia do incumprimento tras o requirimento que se realice para o efecto dará lugar a unha dedución de entre o 10 % e o 20 %, de conformidade co previsto na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Vixésimo segunda. Compatibilidade con outras axudas

As subvencións que se concedan no marco destas bases admiten a compatibilidade con outras axudas públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade, tanto as outorgadas por esta Deputación coma por outras administracións públicas, incluídos os fondos comunitarios, sempre que o importe destas, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non supere o custo da actuación subvencionada.

Para estes efectos e de conformidade co disposto no artigo 14.1.d da LXS e no 33 do seu regulamento, unha das obrigas do beneficiario é comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as finalidades subvencionadas.

En caso de que se obteña financiamento adicional, este considerárase que reverte no 100 % da achega municipal.

Vixésimo terceira. Perda do dereito de cobro e/ou reintegro

Procederáse ao reintegro e/ou perda do dereito de cobro, total ou parcial, das subvencións outorgadas, de conformidade con estas bases, nos termos fixados na normativa de subvencións, de modo particular nos artigos 36 e seguintes da LXS e 29 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Serán causas específicas de perda do dereito de cobro ou reintegro, total ou parcial, das subvencións outorgadas, ademais das xerais, o incumprimento da normativa de contratos, da obriga de comunicar outras axudas, de adoptar as medidas de difusión do financiamento público recibido, de obter as autorizacións sectoriais ou licenzas que resulten necesarias para a execución dos investimentos ou o incumprimento do recollido nas devanditas autorizacións.

Vixésimo cuarta. Recursos

Contra o acordo de aprobación destas bases, que lle pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditase, no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 123 e 124 da LPACAP) ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, de acordo co disposto no artigo 8 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso no



prazo establecido no artigo 46 desta lei, sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que se estime conveniente.

Vixésimo quinta. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, remitirase o texto da convocatoria á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésimo sexta. Protección de datos

Os datos persoais obtidos nestes procedementos serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que as persoas interesadas declaren nas súas solicitudes para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e no consentimento das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

ANEXOS DA CONVOCATORIA E MODELOS DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Todos os modelos normalizados para solicitar estas subvencións estarán dispoñibles na Sede electrónica da Deputación (<https://sede.depo.gal>).

ANEXO I. FORMATO E CONTIDO DO PROXECTO DE OBRA CIVIL E MOBILIDADE

I.1 FORMATO

O idioma de redacción do proxecto será preferiblemente o galego, aínda que se admitirá tamén o castelán.



En todo caso, o tamaño e a calidade dos textos, das acotacións e dos debuxos teñen que ser os adecuados para que ao reproducilos o seu contido sexa claramente visible.

A memoria entregárase en formato PDF. Tanto os planos coma os presupostos entregáranse preferentemente en formato editable (planos en CAD, GIS, BIM ou similar, e presupostos en Presto, Excel ou similar).

I.2 CONTIDO DO PROXECTO

No proxecto deben desenvolverse por completo todos os datos e as precisións necesarias para poder executar as obras; para iso, deberá conter a documentación prevista a continuación neste apartado.

En todo caso, deberase reflectir e xustificar no proxecto que se respecta o contido mínimo dos proxectos ao abeiro do establecido no artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e, cando proceda, no artigo 42 do Regulamento xeral de estradas de Galicia (ou normas que os substitúan ou complementen).

Así mesmo, o proxecto deberá cumprir todas as disposicións normativas vixentes aplicables aos proxectos de obras e as instrucións e recomendacións que resulten de aplicación, e quedar claramente especificado o cumprimento destas nos seus correspondentes apartados.

I.2.1. Documentos do proxecto

- Memoria

a) Memoria descriptiva

O obxecto da memoria descriptiva é definir de maneira rápida o proxecto de obras e todos os aspectos que poidan incidir nel; deixárase para os anexos o seu desenvolvemento, de ser o caso. Ademais, deberase xustificar como influirá o proxecto na cohesión territorial da provincia e incluírase información necesaria acerca dos aspectos que se deben valorar para a concorrência competitiva.

Títular: identificará a Administración titular da vía obxecto do proxecto.

Descrición: describirase o obxecto das obras e se recollerán os antecedentes e a súa situación previa, as necesidades que se van satisfacer, a xustificación e descrición das obras e a solución técnica adoptada, coa especificación dos factores de todo tipo que deben terse en conta; en particular, os de tipo social, técnico, económico, ambiental, de seguridade viaria e administrativo.

Planeamento urbanístico: superpoñerase a traza da vía ou situación da obra sobre o plano de clasificación urbanística. Indicaranse as clases de solo aos que afecta a obra.



Comprobarase a adecuación da obra proxectada aos instrumentos do plan urbanístico. Incluírase tamén a representación gráfica das zonas de protección da estrada e da liña límite de edificación. Tamén deberán recollerse as afeccións ao patrimonio cultural segundo o Catálogo do plan municipal e do Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia, de ser o caso.

Información pública: en caso de que o proxecto de construción se someta aos trámites de información pública en materia de estradas e ao informe das administracións afectadas, indicaranse as determinacións urbanísticas do plan municipal que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación e mais o prazo para realizar a correspondente adecuación.

Ocupación de terreos: darase conta da necesidade de ocupación de terreos para a execución das obras e incluírase un cadro resumo de superficies segundo a súa clasificación urbanística, que se pormenorizará no anexo correspondente.

Medio ambiente: xustificarase o cumprimento da declaración de impacto ambiental correspondente ao estudo informativo, anteprojecto ou proxecto de trazado cando no proxecto de construción se desenvolva un documento dese tipo que fose sometido ao trámite de avaliación ambiental, sen prexuízo, de ser o caso, dos efectos derivados do acordo de resolución de discrepancias respecto da devandita declaración de impacto ambiental. De igual modo, xustificarase o cumprimento da demais normativa sectorial en materia de protección ambiental.

Accesibilidade: xustificarase o cumprimento da normativa sectorial en materia de accesibilidade que sexa de aplicación segundo a natureza da obra, no caso de ser empregadas por viandantes de forma habitual, como sendas, prazas, pasarelas e resto de obras de humanizacións.

Normativa de contratos: incluírase, se procede, a determinación da clasificación esixible á ou ao contratista (grupo, subgrupo e categoría). Incluírase a fórmula de revisión de prezos e determinación de obra completa.

Orzamentos: recolleranse o orzamento de execución material das obras e o orzamento base de licitación, con e sen o IVE, ademais do orzamento para o coñecemento da Administración, se procede.

Prazos: farase referencia ao prazo previsto para a execución das obras a partir da data da firma da acta de comprobación da implantación e o prazo de garantía a partir da firma da acta de recepción das obras.

Índice: como peche da memoria farase unha lista dos documentos que integran o proxecto (memoria e todos os seus anexos, planos numerados coa súa designación, prego de prescricións técnicas particulares, medicións, orzamentos e demais).



En caso de ser necesario pola súa extensión, cada apartado da memoria descritiva desenvolverase no seu correspondente anexo. Ademais, esta incluírá un resumo ou introdución cos principais datos.

b) Anexos

Incluíranse os anexos necesarios para desenvolver todos os datos e o contido da memoria descritiva. Polo mesmo motivo, cando un anexo resulte demasiado curto ou sinxelo, recoméndase integralo na memoria descritiva.

De maneira non limitativa deben constar os seguintes anexos (ou xustificación, de non ser necesarios):

1. Situación actual e reportaxe fotográfica.
2. Topografía e referencias de todo tipo para a implantación da obra, con coordenadas das bases de implantación no sistema ETRS89.
3. Xeoloxía e xeotecnia.
4. Anexo de integración ambiental.
5. Anexo de necesidades de ocupación de terreos (no caso de ocupacións). Describirá en todos os aspectos materiais e xurídicos os terreos, bens, servidumes e demais dereitos reais que se considere necesario ocupar para executar a obra ou para repoñer os servizos afectados pola súa execución, coa identificación das persoas titulares, así como a representación gráfica da delimitación das ocupacións necesarias.
6. Anexo de coordinación con outros organismos.
7. Anexo de reposición de servizos afectados, agás os inherentes ao proxecto principal.
8. Anexo da implantación da obra, que incluírá medidas para garantir a fluidez e seguridade da circulación nos tramos de vías afectadas pola execución das obras, con expresión dos desvíos de circulación propostos e dos períodos en que se poida perturbar a devandita circulación; tamén a ordenación de accesos e reordenación dos existentes e a sinalización fixa e variable, balizamento, defensas e outras medidas para a xestión da circulación nos tramos de estradas obxecto do proxecto, tanto durante a execución das obras coma durante a súa posterior explotación.
9. Anexo do plan de control de calidade, segundo as medicións do proxecto e cumprindo a normativa que corresponda, PG3, EHE, REBT etc. e o PPTP.
10. Anexo de estudo de xestión de residuos de construción e demolición.
11. Anexo de estudo de seguridade e saúde ou estudo básico de seguridade e saúde.
12. Anexo de plan de obra: mediante diagramas de barras, por capítulos e meses, con custos parciais, acumulados e totais, e en porcentaxes de cada un.
13. Anexo de xustificación de prezos, que estará formado por:
 - a. Cadro e custo da man de obra.
 - b. Cadro e custo da maquinaria.
 - c. Cadro e custo dos materiais.
 - d. Xustificación de prezos (custos auxiliares, directos, indirectos, prezos unitarios de execución material e partidas alzadas de aboamento íntegro).
 - e. Lista de prezos auxiliares descompostos (non incluírán os custos directos).
 - f. Lista de prezos descompostos (poderán incluír os custos directos).
14. Orzamento desagregado para o coñecemento da Administración.



c) Planos

Débense incluír todos os planos de situación xerais, de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede completamente definida.

Conterá un índice de planos que indique todos os incluídos no documento, así como o número de follas de cada un.

d) Prego de prescricións técnicas particulares

Nel débense describir as obras e regularse a súa execución, coa especificación da forma de execución, os deberes de carácter técnico, o sistema de medición das unidades executadas e o control de calidade dos materiais empregados e do proceso de execución.

e) Orzamento

Comprenderá os gastos de execución da obra e pode estar integrado por distintos orzamentos parciais. Deberán constar os prezos unitarios e os desagregados, se procede, o estado das medicións e os detalles para a súa valoración. Estará composto por medicións, o cadro de prezos núm. 1, o cadro de prezos núm. 2, o orzamento e un resumo do orzamento que especificará o orzamento de execución material e o orzamento base de licitación, con e sen o IVE.

f) Outras consideracións

Nos casos e na forma en que así o permita a lexislación vixente en materia de contratos do sector público poderase simplificar, refundir ou mesmo suprimir algún ou algúns dos documentos anteriores, sempre que a documentación resultante sexa suficiente para definir, valorar ou executar as obras comprendidas. Neses casos, incluírase na memoria a xustificación das simplificacións ou supresións de documentos realizadas.

En todo caso, aplicárase o disposto para estes efectos na LCSP, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; no Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2011; na Lei 8/2013, de estradas de Galicia; no Regulamento xeral de estradas de Galicia, aprobado polo Decreto 66/2016, ou normas que as substitúan; e na demais normativa de aplicación.

ANEXO II. FORMATO E CONTIDO DOS PROXECTOS DE EDIFICACIÓN E REHABILITACIÓN

I.1 FORMATO

O idioma de redacción do proxecto será preferiblemente o galego, aínda que se admitirá tamén o castelán.

En todo caso, o tamaño e a calidade dos textos, acotacións e debuxos teñen que ser os adecuados para que ao reproducilos o seu contido sexa claramente visible.



A memoria entregárase en formato PDF. Tanto os planos coma os presupostos entregáranse preferentemente en formato editable (planos en CAD, GIS, BIM ou similar e presupostos en Presto, Excel ou similar).

I.2 CONTIDO DO PROXECTO

No proxecto deben desenvolverse por completo todos os datos e as precisións necesarias para poder executar as obras; para iso, deberá conter a documentación prevista a continuación neste apartado.

En todo caso, deberase reflectir e xustificar no proxecto que se respecta o contido mínimo dos proxectos ao abeiro do establecido no artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, o proxecto deberá cumprir todas as disposicións normativas vixentes aplicables aos proxectos de obras e as instrucións e recomendacións que resulten de aplicación, e quedar claramente especificado o cumprimento destas nos seus correspondentes apartados.

I.2.1. Documentos do proxecto

- Memoria

a) Memoria descritiva

O obxecto da memoria descritiva é definir de maneira rápida o proxecto de obras e todos os aspectos que poidan incidir nel; deixárase para os anexos o seu desenvolvemento, no seu caso. Ademais, deberase xustificar como influirá o proxecto na cohesión territorial da provincia.

Titular: identificará a Administración titular da parcela e/ou edificación obxecto do proxecto.

Descrición: describirase o obxecto das obras e recollerá os antecedentes e a súa situación previa, as necesidades que se van satisfacer, a xustificación e descrición das obras e a solución técnica adoptada, coa especificación dos factores de todo tipo que deben terse en conta; en particular, os de tipo social, técnico, económico, ambiental, de seguridade viaria e administrativo.

Planeamento urbanístico: superpoñeráse a traza da vía ou situación da obra sobre o plano de clasificación urbanística. Indicaránse as clases de solo aos que afecta a obra. Comprobarase a adecuación da obra proxectada aos instrumentos do plan urbanístico. Incluírse tamén a representación gráfica das zonas de protección das estradas e da liña límite de edificación. Tamén deberán recollese as afeccións ao patrimonio cultural segundo o Catálogo do plan municipal e do Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia, no seu caso, así como do resto de administracións que poidan estar afectadas.



Información pública: en caso de que o proxecto de construción se someta aos trámites de información pública en materia de estradas e ao informe das administracións afectadas, indicaranse as determinacións urbanísticas do plan municipal que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación e o prazo para realizar a correspondente adecuación.

Ocupación de terreos: darase conta da necesidade de ocupación de terreos para a execución das obras e mais un cadro resumo de superficies segundo a súa clasificación urbanística, que se pormenorizará no anexo correspondente.

Medio ambiente: xustificarase o cumprimento da declaración de impacto ambiental correspondente ao estudo informativo, anteproxecto ou proxecto de trazado cando no proxecto de construción se desenvolva un documento dese tipo que fose sometido ao trámite de avaliación ambiental, sen prexuízo, de ser o caso, dos efectos derivados do acordo de resolución de discrepancias respecto da devandita declaración de impacto ambiental. De igual modo, xustificarase o cumprimento do resto de normativa sectorial en materia de protección ambiental.

Accesibilidade: xustificarase o cumprimento da normativa sectorial en materia de accesibilidade que sexa de aplicación segundo a natureza da obra.

Normativa de contratos: incluírase, se procede, a determinación da clasificación esixible ao contratista (grupo, subgrupo e categoría). Incluírase a fórmula de revisión de prezos e a determinación de obra completa.

Orzamentos: recolleranse o orzamento de execución material das obras e o orzamento base de licitación, con e sen o IVE, así como o orzamento para o coñecemento da Administración, se procede.

Prazos: farase referencia ao prazo previsto para a execución das obras a partir da data da sinatura da acta de comprobación da implantación e o prazo de garantía a partir da firma da acta de recepción das obras.

Índice: como peche da memoria farase unha lista dos documentos que integran o proxecto: memoria e todos os seus anexos, planos numerados coa súa designación, prego de prescricións técnicas particulares, medicións, orzamentos e demais.

En caso de ser necesario pola súa extensión, cada apartado da memoria descritiva desenvolverase no seu correspondente anexo. Ademais, esta incluírá un resumo ou introdución cos principais datos.

b) Anexos

Incluíranse os anexos precisos para desenvolver todos os datos e o contido da memoria descritiva. Polo mesmo motivo, cando un anexo resulte demasiado curto ou sinxelo recoméndase integralo na memoria descritiva.



De maneira non limitativa deben constar os seguintes anexos:

1. Situación actual e reportaxe fotográfica.
2. Topografía e referencias de todo tipo para a implantación da obra, con coordenadas das bases de implantación no sistema ETRS89.
3. Xeoloxía e xeotecnia. O estudo xeotécnico do terreo sobre o que se vai executar a obra, salvo que resulte incompatible coa súa natureza.
4. Anexo de integración ambiental.
5. Anexo de necesidades de ocupación de terreos (no caso de ocupacións). Describirá en todos os aspectos materiais e xurídicos os terreos, bens, servidumes e demais dereitos reais que se considere necesario ocupar para executar a obra ou para repór os servizos afectados pola súa execución, coa identificación das súas persoas titulares, así como a representación gráfica da delimitación das ocupacións necesarias.
6. Anexo de coordinación con outros organismos.
7. Anexo de reposición de servizos afectados, agás os inherentes ao proxecto principal.
8. Anexo da implantación da obra, en caso de afectar tramos de vías, que incluírá medidas para garantir a fluidez e a seguridade da circulación nos tramos de vías afectadas pola execución das obras, con expresión dos desvíos de circulación propostos e dos períodos en que se poida perturbar a devandita circulación; tamén a ordenación de accesos e a reordenación dos existentes e a sinalización fixa e variable, balizamento, defensas e outras medidas para a xestión da circulación nos tramos de estradas obxecto do proxecto, tanto durante a execución das obras coma durante a súa posterior explotación.
9. Anexo do cumprimento das especificacións do Código técnico de edificación, segundo o Real decreto 314/2006, de 17 de marzo.
10. Anexo de cumprimento da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro.
11. Anexo do plan de control de calidade, segundo medicións do proxecto e cumprindo a normativa que corresponda, PG3, EHE, REBT etc., e o PPTP.
12. Anexo de estudo de xestión de residuos de construción e demolición, no que se faga unha estimación da cantidade de residuos xerados e unha valoración do custo previsto para a súa xestión, que debe figurar con carácter independente do orzamento, así como o resto do contido esixido no Real decreto 105/2008, de 1 de febreiro.
13. Anexo de estudo de seguridade e saúde ou estudo básico de seguridade e saúde.
14. Anexo de plan de obra: mediante diagramas de barras, por capítulos e meses, con custos parciais, acumulados e totais, e en porcentaxes de cada un.
15. O certificado de eficiencia enerxética en edificios de nova construción e demais ámbitos de aplicación, segundo o Real decreto 390/2021, de 1 de xuño.
16. Anexo de xustificación de prezos, que estará formado por:
 - a. Cadro e custo da man de obra.
 - b. Cadro e custo da maquinaria.
 - c. Cadro e custo dos materiais.



- d. Xustificación de prezos (custos auxiliares, directos, indirectos, prezos unitarios de execución material e partidas alzadas de aboamento íntegro).
 - e. Listaxe de prezos auxiliares descompostos (non incluírán os custos directos).
 - f. Listaxe de prezos descompostos (poderán incluír os custos directos).
17. Orzamento desagregado para o coñecemento da Administración.

c) Planos

Débense incluír todos os planos de situación xerais, de conxunto e de detalle necesarios para que o conxunto da obra quede completamente definido.

Debuxaranse en formato DIN A1, á escala conveniente (planos de conxunto e detalles), e imprimíranse en formato DIN A3, á escala metade do orixinal.

Conterá un índice de planos que indique todos os incluídos no documento e o número de follas de cada un.

Esta información gráfica, tanto os planos coma a cartografía dos proxectos, deberá entregarse en formato dixital (CAD, GIS, BIM ou similar).

d) Prego de prescricións técnicas particulares

Nel débense describir as obras e regularse a súa execución, e especificar a forma de execución, os deberes de carácter técnico, o sistema de medición das unidades executadas e o control de calidade dos materiais empregados e do proceso de execución.

e) Orzamento

Comprenderá os gastos de execución da obra e pode estar integrado por distintos orzamentos parciais. Deberán constar os prezos unitarios e os desagregados, se procede, o estado das medicións e os detalles para a súa valoración. Estará composto por medicións, cadro de prezos núm. 1, cadro de prezos núm. 2, orzamento e resumo do orzamento, que especificará o orzamento de execución material e o orzamento base de licitación, con e sen o IVE.

O orzamento deberá entregarse en formato dixital (Excel, Presto ou similar).

f) Outras consideracións

Nos casos e na forma en que o permita a lexislación vixente en materia de contratos do sector público, poderase simplificar, refundir ou mesmo suprimir algún ou algúns dos documentos anteriores, sempre que a documentación resultante sexa suficiente para definir, valorar ou executar as obras comprendidas. Neses casos, incluírase na memoria a xustificación das simplificacións ou supresións de documentos realizadas.

En todo caso, aplicarase o disposto para estes efectos na LCSP, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; no Regulamento xeral da Lei de



contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2011, ou as normas que as substitúan; e na demais normativa de aplicación.

2º. ORDENAR a publicación destas bases e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.

5.8494.- **APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS (EXPTES. 2025061564-2025063539)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/Zqx6kkjkczy2h62hK6naUViuuR5fTzziOdLu1UFOZAbZbUso>

Dáse conta das Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas da Deputación Provincial de Pontevedra que xorde como instrumento de asistencia aos concellos no marco das competencias que ten atribuídas a Deputación por lei (arts. 26 e 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; artigos 80 e ss. da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; e Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, que reforza o papel das deputacións como garantes da adecuada prestación dos servizos públicos de competencia municipal).

Estas bases e a súa convocatoria rexen a concesión de subvencións destinadas aos concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes para que poidan acometer actuacións de modernización e mellora das infraestruturas deportivas municipais existentes, así como a construción de novas instalacións deportivas.

As bases constitúen a normativa específica destas axudas, de conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

O financiamento da convocatoria de axudas realízase con fondos propios da Deputación e as bases, ademais de recoller os criterios de distribución do



crédito dispoñible conforme un procedemento de concorrncia non competitiva, dotan de seguridade xurídica ao procedemento de concesión e xustificación de subvencións públicas para acadar, así mesmo, a obxectividade que debe presidir a actuación da Deputación.

Vista toda a documentación relativa ao citado plan que obra no expediente; vistos os informes do xefe do Servizo de Cooperación de data 11/09/2025 (CSV:U4G4UTZR1DW7P5B4); do Secretario Xeral de 12/09/2025 (CSV:XKPPBHH9PQHW9TXT) e da Intervención Provincial da mesma data (CSV:90VHL0F3ZJ4X7DW4); e visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de 19/09/2025 (CSV: 0TAC9RH3EP2HEV7B), o Pleno acorda por unanimidade:

1º. APROBAR as Bases reguladoras e convocatoria do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, financiado pola Deputación Provincial de Pontevedra cun orzamento de oito millóns de euros (8.000.000,00 €), condicionadas á aprobación do expediente de modificación de crédito núm. 05/2025.

O texto das Bases reguladoras e convocatoria figura co CSV:WL1RP49T32YZFZLF e literalmente transcrito di como segue:

“BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS

INTRODUCCIÓN

A Deputación Provincial de Pontevedra ten entre as súas principais competencias a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión, así como a coordinación dos servizos municipais entre si para a súa prestación integral e adecuada. Con esta finalidade poderá outorgar axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

A práctica do deporte considérase esencial en toda sociedade moderna, non só pola importancia da actividade física e a súa influencia en hábitos de vida saudable, senón porque tamén é un magnífico vehículo para a promoción de valores esenciais como a participación, a cooperación, a competitividade, a inclusividade ou unha maior relevancia do papel da muller.



Tal e como reconece a Organización Mundial da Saúde, é necesaria a intervención das administracións públicas na promoción da práctica deportiva para fomentar na cidadanía hábitos de vida saudable, así como facilitar a práctica habitual de actividade físico deportiva de calidade, de maneira que esta incida favorablemente na saúde e calidade de vida da cidadanía. Este é o mandato recollido no artigo 43.3 da Constitución: "Os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación física e o deporte. Así mesmo, facilitarán a adecuada utilización do lecer".

Así, a Deputación de Pontevedra, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que os Concellos da provincia acaden os obxectivos que lles son propios.

O nivel de práctica e o grao de interese que suscita a actividade física e deportiva na sociedade da provincia de Pontevedra mostrase como un elemento máis da nosa propia identidade. O grao de desenvolvemento dos equipamentos e instalacións deportivas no noso territorio foi un factor que contribuíu decisivamente nos hábitos de comportamento activo da poboación. Dispoñer de espazos próximos para a práctica da actividade física constitúe un indicador que inflúe nos niveis de actividade da poboación, pero máis aló da propia práctica deportiva, incide tamén en aspectos transversais de primeira orde para a nosa sociedade, como a saúde, a educación, a convivencia, a igualdade ou a economía. Ao redor da promoción e da xestión do deporte que se realiza destes equipamentos hai un impacto considerable nestes sectores.

Dentro do marco competencial de actuación local, os artigos 25.1 e 25.2.h), l) e m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 80.1 e 80.2.n) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establecen que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso como competencias propias e esenciais, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas materias de promoción da actividade turística, promoción do deporte, da ocupación do tempo libre e da cultura. No mesmo senso, o artigo 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, establece como competencia dos concellos, entre outras, construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal.

Para o axeitado exercicio destas competencias, e de acordo co establecido no artigo 36.1) da antedita Lei 7/1985, as deputacións asegurarán a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal; competencia en relación coa cal a Deputación Provincial de Pontevedra ten previsto na súa planificación a mellora das infraestruturas dos equipamentos deportivos dos concellos da provincia. Tamén, o artigo 7 da citada Lei 3/2012 atribúe ás deputacións a asistencia aos municipios no deseño e a construción de instalacións deportivas así como en calquera actuación que redunde en beneficio do



desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Por tanto, tendo en conta a limitación de recursos económicos e humanos das administracións locais, en aras dos principios de eficiencia e eficacia administrativas, a Deputación de Pontevedra aposta unha vez máis por asumir as labores de coordinación e asistencia económica necesarias para posibilitar que os concellos interesados poidan participar nas convocatorias públicas que supoñan unha importante oportunidade de financiamento para levar a cabo actuacións que redunden de forma relevante no ámbito territorial da provincia.

No marco do carácter estratéxico a nivel provincial, por tratarse dun dos eixos fundamentais da acción do goberno provincial, a Deputación de Pontevedra pretende activar, unha nova convocatoria de subvencións que permita aos concellos manter a disposición de financiamento para acometer actuacións de modernización e mellora das infraestruturas deportivas xa existentes así como novas construcións, equipamentos ou instalacións. A forte demanda de investimentos nesta área e a boa acollida e resultados das edicións precedentes xustifican a continuidade da intervención da Administración a través da adopción de medidas extraordinarias dirixidas á reparación, modernización e mellora dos distintos espazos deportivos públicos para cumprir co deber de manter estes espazos nas condicións de seguridade, salubridade e accesibilidade legalmente esixibles.

Segundo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP); na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO), e na demais normativa aplicable, convócase esta liña de subvencións, de acordo coas seguintes

BASES

Primeira. Obxecto

As bases e a convocatoria do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas teñen por obxecto regular o procedemento de concesión, execución e xustificación das subvencións que se outorguen con cargo a este plan.

As finalidades subvencionables son as sinaladas a continuación:

- Construción de novas instalacións e espazos públicos de uso deportivo, así como a cuberta de instalacións deportivas.
- Modernización, remodelación e mellora de instalacións e outros espazos públicos de uso deportivo.
- Dotación de equipamentos nas instalacións deportivas, así como de material deportivo de carácter inventariable.
- Adquisición de terreos afectados a uso deportivo.

Non serán subvencionables as actuacións en edificios ou instalacións de usos múltiples que



non teñan carácter exclusivamente deportivo.

Será imprescindible que as actividades ou servizos que se desenvolvan nesas instalacións sexan, de forma real e efectiva, de competencia municipal.

Nos investimentos de obras, o importe mínimo do orzamento e de cada solicitude de subvención será igual ou superior a vinte mil euros (20.000,00 €), incluído o IVE.

No caso das subministracións, que deberán ter un carácter singular e natureza inventariable, o importe do orzamento e de cada solicitude de subvención será, como mínimo, de seis mil euros (6.000,00 €). O orzamento deberá agrupar conceptos subvencionables de natureza similar.

O resto das subministracións que non constitúan un investimento por si mesmas e que supoñan a mellora, a construción ou a creación dun ben novo deberán integrarse nun proxecto de investimento.

Cando se trate da adquisición de bens inmobles serán subvencionables os gastos notariais, os gastos de rexistro e periciais, sempre e cando estean recollidos na memoria valorada e descritiva do ben que se vai mercar.

Os investimentos que se integren no plan deben ser identificados con claridade, sen deixar lugar a ambigüidades, e debe existir unha concordancia entre a solicitude e a denominación do proxecto ou documento técnico análogo. Non se admitirán denominacións xenéricas.

No caso de investimentos de natureza similar ou homoxénea deberán propoñerse necesariamente nunha única solicitude e nun único proxecto que se dividirá, á súa vez, en lotes. A única excepción á división en lotes será o suposto de que o concello acredite cun informe motivado que mediante a realización independente con lotes se dificultaría a correcta execución desde o punto de vista técnico, ou ben se provocarían problemas de coordinación ou doutra índole na execución das diferentes prestacións que integran o referido investimento.

En ningún caso estará permitido presentar mediante proxectos independentes solicitudes que en realidade son da mesma natureza para poder tramitalos como contratos menores.

Segunda. Natureza xurídica

As axudas que se concedan ao abeiro desta convocatoria rexeranse por estas bases, de conformidade co disposto na Disposición adicional oitava da LXS.

Con todo, para o non previsto nelas aplicaranse supletoriamente a LXS; o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e disposicións que a desenvolvan; a OXSDPPO; as bases de execución do orzamento provincial e as restantes normas de



dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Terceira. Aprobación das bases

De acordo co establecido na base 16.3 das Bases de execución do orzamento para o exercicio 2025 e cumprindo co establecido no artigo 17 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é o Pleno da Deputación.

Cuarta. Entidades beneficiarias

Poderán solicitar as axudas reguladas nestas bases os concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Nacional de Estatística (INE) referida á última actualización do censo (ano 2024). Non poderán obter a condición de beneficiarios aqueles concellos nos que concorra algunha das circunstancias ou prohibicións ás que fai referencia a lexislación vixente en materia de subvencións.

Quinta. Financiamento

O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2025, imputable á aplicación orzamentaria 2025/942.3420.762.95.

Sexta. Procedemento de concesión e criterios de reparto

As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Nacional de Estatística (INE) referida á última actualización do censo (ano 2024), que presenten a correspondente solicitude, acompañada da documentación esixida nestas bases.

Quedarán excluídas aquelas solicitudes que incumpran as bases da convocatoria.

Os oito millóns de euros (8.000.000,00 €) cos que está dotado este plan, repartiranse entre os distintos concellos da seguinte forma:

DISTRIBUCIÓN		
Porcentaxe fixa	55,31%	4.425.000,00 €
Porcentaxe variable por poboación	44,69%	3.575.000,00 €
TOTAL	100%	8.000.000,00 €

A porcentaxe fixa do 55,31%, que supón a cantidade de 75.000,00 € para cada concello, e a porcentaxe variable do 44,69% repartirase entre os mesmos en función da súa poboación.



Cada concello coñecerá a cantidade que lle corresponde dentro dos dez primeiros días hábiles seguintes ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no BOPPO e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), podendo tamén informarse contactando co Servizo de Cooperación.

A Presidencia ditará unha resolución aprobando a cantidade total e a cantidade que lle corresponde a cada concello, tendo en conta que a disposición do crédito farase para cada solicitude de subvención, unha vez comprobada a documentación achegada e instruído o correspondente procedemento conforme co establecido nestas bases.

Sétima. Instrución do procedemento

A instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó xefe do Servizo de Cooperación cos Municipios, comprendendo a dita instrución as seguintes fases:

- a. Unha vez presentadas as solicitudes, realizarase o seu estudo e comprobación por parte do servizo instructor e solicitaranse as emendas que procedan, que deberán presentarse no prazo de dez (10) días hábiles.
- b. Petición de informes: o órgano instructor solicitará o informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesarios.
- c. Informe-proposta do xefe do Servizo de Cooperación para a aprobación da concesión da axuda. No caso de que a solicitude fose desestimada, motivaranse as razóns da desestimación.
- d. Informe de fiscalización de Intervención de cada expediente de solicitude e do informe-proposta.
- e. Propostas de resolucións definitivas, que se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.
- f. Resolución do órgano competente, de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras, na que se deberán acreditar os fundamentos da resolución que se adopte.

O prazo máximo para notificar e resolver non poderá exceder os seis (6) meses e computarase a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento deste prazo máximo sen notificar aos potenciais beneficiarios lexítimos para entender desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes de concesión de subvención.

A proposta de resolución definitiva non crea ningún dereito a favor do beneficiario proposto fronte á administración mentres non se lle notifique a resolución de concesión. Unha vez notificada a resolución de concesión, entenderase aceptada polos concellos salvo que estes a rexeiten expresamente.

Oitava. Lugar e prazo de presentación das solicitudes

As solicitudes presentaranse debidamente cubertas, especificando a súa denominación



concreta, o orzamento e o importe da subvención solicitada, obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da LPACAP.

As ditas solicitudes deberán aprobarse mediante un acordo do órgano competente do concello, que indique expresamente a finalidade concreta e a cantidade que se solicita, achegándose este acordo ou unha certificación acreditativa do acordo de aprobación.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluíndo o DNI-e).

O prazo de presentación das solicitudes de subvencións que se acollan a este plan é de tres (3) meses, contados desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Novena. Comprobación de datos

Para a tramitación dos procedementos de concesión e xustificación ao abeiro das presentes bases, os concellos presentarán unha declaración responsable conforme están ao corrente das obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (en adiante AEAT), coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

Décima. Documentación a presentar

As entidades solicitantes deberán presentar a solicitude normalizada, dispoñible na Sede electrónica da Deputación, na que constan as seguintes declaracións responsables:

- Que non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento da mesma actuación. No caso de que existisen outras axudas ou subvencións concorrentes, achegarase o detalle de cada unha delas, e acreditarse que a suma total non supera o 100 % do importe.
- Que non incorre en ningunha causa de prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas, que coñece e acepta o total contido destas bases da convocatoria, e que asume o compromiso de cumprir as condicións da subvención.
- Que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Facenda estatal, coa Facenda autonómica e coa Seguridade Social.
- Que autoriza expresamente á Deputación de Pontevedra para solicitar canta información resulte necesaria para a correcta comprobación e verificación da información subministrada e, en especial, para darlles acceso de forma automática aos rexistros, bases de datos ou arquivos dixitais onde conste a información necesaria para efectuar as comprobacións, cando iso sexa posible.



Ademais do citado formulario de solicitude, presentarán a seguinte documentación:

- a. Resolución ou acordo do órgano competente do concello da aprobación da solicitude de subvención coa indicación do seu importe. Tamén será válido o certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente da resolución ou do acordo adoptado.
- b. Proxecto, documento técnico ou análogo ou memoria valorada no caso das subministracións.
- c. Informe da persoa redactora do proxecto, avalado pola técnica ou técnico do concello cando a redacción sexa externa, no que se deberá indicar expresamente se a execución do proxecto precisa (ou non) de autorizacións sectoriais. No caso de ser precisas, o seu detalle.
- d. Autorizacións sectoriais precisas para a normal execución do investimento ou documentación que acredite que as solicitou ante os organismos correspondentes, de ser o caso.
- e. Resolución ou acordo de aprobación do proxecto técnico, documento técnico ou análogo das obras ou memoria das subministracións que se inclúen no plan. Tamén será válido o certificado expedido pola ou polo funcionario competente da resolución ou do acordo adoptado.
Cando a aprobación formal non fose posible pola necesidade de dispoñer dalgunha autorización sectorial que está pendente de outorgamento, a entidade municipal achegará a resolución ou o acordo de aprobación do proxecto, documento técnico ou memoria (ou o certificado da resolución ou do acordo adoptado), as autorizacións sectoriais que procedan e a acta de trazado previo coa primeira xustificación.
- f. Acreditación da titularidade, dos acordos de concesión administrativa ou, no seu caso, dos acordos cesión de uso dos terreos, bens ou instalacións nos que se vai facer o investimento.
- g. Acreditación do exercicio de competencia municipal ou, no suposto de novas instalacións, declaración responsable da súa afectación ao exercicio de competencia municipal de carácter deportivo.
- h. Acta de trazado previo (anexo I), no caso de contar coa dispoñibilidade dos terreos precisos para a execución normal do investimento.

Cando se cubra a documentación, débense ter en conta as seguintes instrucións:

Os certificados asinaraos a secretaria ou o secretario do concello e a persoa que teña atribuída a representación legal ou delegada a competencia.

As declaracións, compromisos e outros documentos asinaraos a alcaldesa ou o alcalde ou a persoa en quen delegue.

No caso de que algún dos documentos que se deben presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na citada Sede electrónica.

Calquera falsidade nos datos presentados dará lugar á perda da subvención concedida,



ademais doutras medidas que para o caso poida arbitrar o organismo provincial.

Non se concederán subvencións se non figuran no expediente todos os formularios e documentos preceptivos que se contemplan nestas bases. En caso de defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación a que se refire esta base, ou de incumprimento do previsto no artigo 68 da LPACAP, requiriráselle ao interesado que emende as faltas ou omisións emendables no prazo máximo de dez (10) días hábiles, indicándolle que, de non facelo, terase por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da citada Lei.

Non serán emendables a falta de presentación do proxecto, documento técnico ou análogo ou memoria valorada no caso das subministracións; nin a falta de presentación das autorizacións sectoriais precisas para a normal execución do investimento ou documentación que acredite que as solicitou ante os organismos correspondentes, de ser o caso. Así mesmo, tampouco será emendable non estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Facenda estatal, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación.

Os anexos dispoñibles na Sede electrónica da Deputación, <https://sede.depo.gal>, non poderán ser obxecto de manipulación ou emendas. Poderanse utilizar modelos propios de certificacións que deberán respectar o contido exacto recollido nestas bases.

Décima primeira. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde <https://sede.depo.gal> e a través de <https://dehu.redsara.es/>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décima segunda. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas



Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as entidades interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outras). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para levar a cabo trámites sobre outros expedientes e presentalos electronicamente. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite. Os modelos están dispoñibles en: <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

Décima terceira. Proxectos de obra

Os proxectos serán redactados por técnicos competentes, e deberán referirse necesariamente a obras completas ou de aproveitamento separado; entenderanse por tales as susceptibles de ser entregadas ao uso xeral ou ao servizo correspondente, sen prexuízo de posteriores ampliacións, e comprenderán todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a utilización da obra.

Todos os proxectos conterán, polo menos, a documentación establecida na normativa de contratos e axustarán o seu contido ás instrucións que se recollen nas presentes bases, segundo sexa o orzamento de licitación ou o total de execución no caso de que o realice a propia administración.

Terán a condición de subvencionables os gastos das expropiacións que resulten necesarias para a execución das obras de infraestruturas ou ben para a futura ampliación das dotacións locais ou a prestación de servizos de competencia municipal.

Non se admitirán obras cuxo único obxecto sexa a demolición.

Os concellos poderán solicitar o financiamento dos honorarios de redacción, de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde cando estas sexan obxecto dunha contratación externa.

Os proxectos de obra, de acordo co recollido no artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), deberán comprender, cando menos:

- a. Memoria na que se describa o obxecto das obras, que recollerá os antecedentes e a situación previa a estas, as necesidades que se deben satisfacer e a xustificación da solución adoptada, e na que se detallen os factores de todo tipo que hai que ter en



- conta.
- b. Planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida, así como os que delimiten a ocupación de terreos e a restitución de servidumes e demais dereitos reais, no seu caso, e os servizos afectados pola súa execución.
 - c. Pregos de prescricións técnicas e particulares.
 - d. Programa de desenvolvemento dos traballos cuantificado ou un plan de obra de carácter indicativo, coa previsión, se é o caso, do tempo e do custo.
 - e. Orzamento, integrado ou non por varios parciais, coa expresión dos prezos unitarios e dos descompostos e, se é o caso, o estado das medicións e os detalles precisos para a súa valoración. No caso de incluír partidas alzadas, o seu importe non poderá superar o 5 % do orzamento de execución material. Todas as partidas do orzamento deberán ser subvencionables; non se admitirán partidas de natureza administrativa, coma homologacións, licenzas, ou o custo do cartel de obra, por ser a cargo do adxudicatario.
 - f. Estudo de seguridade e saúde ou, no seu caso, o estudo básico de seguridade e saúde, nos termos previstos nas normas de seguridade e saúde nas obras.
 - g. Estudo de xestión de residuos de construción e demolición, no que se faga unha estimación da cantidade de residuos xerados e unha valoración do custo previsto para a súa xestión, o que debe figurar con carácter independente do orzamento, así como o resto do contido esixido no Real decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.
 - h. Estudo xeotécnico dos terreos sobre os que se vai executar a obra, agás que resulte incompatible coa súa natureza.
 - i. Estudo topográfico para a correcta definición dos terreos sobre os que se vai executar a obra, se é necesario.
 - j. Certificado de eficiencia enerxética en edificios de nova construción e demais ámbitos de aplicación segundo o Real decreto 235/2013, de 5 de abril, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios.
 - k. Na redacción dos proxectos de obra débese ter en conta a porcentaxe de gastos xerais e beneficio industrial e as persoas autoras destes deberán ser técnicas ou técnicos competentes na materia obxecto do proxecto.
 - l. Canta documentación estea prevista nas normas de carácter legal ou regulamentario.

Os proxectos estarán suxeitos ás instrucións técnicas que sexan de obrigado cumprimento.

Naqueles proxectos de obra cuxo orzamento de licitación, excluído o IVE, sexa inferior a 40.000,00 euros, poderase presentar un documento técnico que simplifique, refunda ou incluso suprima algún dos documentos anteriores, sempre que a documentación resultante sexa suficiente para valorar, definir e executar a obra, sen prexuízo de que se deba elaborar un proxecto cando as normas específicas o requiran. En todo caso, como mínimo achegarase o seguinte:

- a. Memoria na que se describa o obxecto das obras, que recollerá os antecedentes e a situación previa a elas, as necesidades que hai que satisfacer e a xustificación da



solución adoptada, e na que se detallen os factores de todo tipo que se deben ter en conta.

- b. Planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida.
- c. Orzamento, as medicións e os detalles precisos para valorar a actuación.
- d. Estudo básico de seguridade e saúde e o estudo de xestión de residuos, dos que só poderá prescindirse nos casos previstos na normativa específica que regula a obra.

Non se poderá facer referencias a marcas concretas en ningún documento do proxecto, incluso nos relativos a cálculos técnicos ou outras referencias de calquera tipo (lumínicos, hidráulicos, etc.). Admitirase, con carácter excepcional, a referencia a marcas cando non sexa posible facer unha descrición o bastante precisa e intelixible do obxecto do contrato, de acordo co artigo 126.6 da LCSP, e deberá engadirse a mención “ou equivalente”.

O concello poderá solicitar, sempre que cumpra os requisitos establecidos na LCSP, a execución da obra directamente polo sistema de administración.

A redacción dos proxectos por administración axustarase á normativa vixente en materia de contratación.

A Deputación, en todo caso, supervisará e controlará os proxectos e terá especialmente en conta os prezos das distintas unidades.

Décima cuarta. Subministracións

No caso das subministracións que constitúan un investimento por si mesmas, o concello deberá achegar unha memoria valorada que deberá incluír, polo menos, a seguinte documentación:

- a. Memoria descritiva na que se detallen o obxecto e a finalidade da subministración, os antecedentes, as necesidades que se van satisfacer e a xustificación da solución adoptada.
- b. Orzamento desagregado no que se definan con claridade os distintos elementos da subministración coas súas características técnicas precisas, con expresión dos prezos de cada elemento e o número de unidades e co IVE desagregado. Todos os equipamentos deberán contar coa acreditación “Etiqueta CE”. A descrición dos elementos deberá realizarse utilizando rangos de prestación, dimensións, características técnicas, etc., para evitar limitar a competencia.
- c. Documentos gráficos para a correcta definición da subministración, se son necesarios.
- d. No caso de subministración e instalación de mobiliario deportivo ou similar será obrigatorio sinalar para cada elemento o lugar exacto da súa instalación no plano.
- e. Lugar e prazo de entrega.
- f. Prazo de garantía.

As memorias das subministracións deberán ser redactadas e asinadas por persoal técnico



competente.

Décima quinta. Aprobación de proxectos, documentos técnicos ou memorias valoradas

Os proxectos, documentos técnicos ou memorias valoradas debe aprobalos o órgano competente do concello. Non obstante, no caso daqueles proxectos, documentos técnicos ou memorias valoradas que non puidesen ser aprobados no momento de presentar a solicitude de subvención por estar supeditados ao outorgamento dalgunha autorización sectorial por parte dalgunha administración, entidade ou organismo, permítese que a aprobación formal se retrase ata que a entidade municipal dispoña desta. Nestes supostos, a concesión da subvención quedará condicionada a que se achegue o acordo ou a resolución de aprobación do proxecto, a acta de trazado previo e a correspondente autorización sectorial xunto coa primeira xustificación.

No caso dos convenios con outras administracións nos que estas asumen a redacción do proxecto así como a execución do investimento, o concello queda exento da aprobación do proxecto técnico.

Décima sexta. Achegas municipais para o financiamento de investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios

O concello poderá destinar a cantidade asignada deste plan ao financiamento das achegas municipais de investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios desta Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal, de acorde co establecido na cláusula Primeira, e sempre que os prazos de execución recollidos no convenio ou noutros plans sexan iguais ou superiores aos contemplados no presente Plan.

Cando un concello traslade crédito deste plan con destino ao financiamento das achegas municipais doutros plans, programas ou convenios provinciais, a subvención que se conceda rexeráse polas normas do plan que se cofinancia.

Décima sétima. Titularidade

O concello deberá ser, en todo caso, titular dos bens, instalacións ou terreos nos que se van executar os investimentos, ben porque sexa propietario ou ben porque dispoña dun dereito de uso ou cesión. No caso de que o ben, instalación ou terreo proveña doutra Administración pública, o Concello deberá acreditar a titularidade coa correspondente cesión, autorización ou concesión; de tratarse dun suxeito xurídico privado, a cesión terá unha duración de 50 anos, salvo, que o investimento teña unha vida esperada superior.

No caso de dispoñer dunha autorización ou dunha concesión administrativa a titularidade deberá acreditarse no momento da xustificación do investimento.



Será imprescindible que nos devanditos bens se realicen ou presten por parte do concello, de forma real e efectiva, actividades ou servizos de competencia municipal, previos aos acordos que sexan necesarios para o establecemento da actividade ou servizo, se fose necesario.

Décima oitava. Autorizacións sectoriais e licenzas

Se os proxectos, pola súa situación ou características, precisan de permisos ou autorizacións doutros organismos, será o concello quen os solicite. Ademais, deberá acreditar que conta con eles ou que xa os solicitou presentando os correspondentes documentos. Neste último caso a subvención concederáse condicionada a que o concello xustifique a obtención da autorización ou permiso.

Así mesmo, nos supostos de investimentos de competencia municipal cuxo trazado discorre, total ou parcialmente, en terreos ou estradas ou nas súas zonas de afección, de titularidade provincial ou de titularidade doutra administración pública ou, incluso, de titularidade privada deberá contar coa autorización expresa do particular ou da respectiva administración ou, cando menos neste último caso, acreditar que a solicitou. A concesión da subvención quedará condicionada a esta circunstancia.

Décima novena. Execución dos investimentos

Os investimentos deberán estar executados na súa totalidade o 31 de decembro de 2027. O incumprimento deste prazo dará lugar á perda do dereito a cobrar total ou parcialmente a subvención.

Este prazo poderá prorrogarse ata un máximo de seis (6) meses por circunstancias debidamente motivadas e xustificadas como, por exemplo, a dilación na obtención de licenzas ou permisos necesarios para a execución das actuacións.

Os concellos ou outras administracións contratarán os investimentos de acordo coa lexislación vixente en materia de contratación pública.

As obras serán executadas polos respectivos concellos segundo o correspondente proxecto técnico de execución, sen prexuízo da posibilidade de que a Deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

A directora ou director das obras será nomeado pola entidade local contratante, que terá que darlle conta á Deputación unha vez que se produza a designación. Calquera cambio na dirección técnica comunicáraselle igualmente á institución provincial no momento no que teña lugar.

Os concellos comunicaranlle á Deputación coa suficiente antelación, polo menos de catro días, a data e máis a hora na que terá lugar a comprobación do replanteo, á que asistirá de considerarse procedente, a Presidencia e/ou unha persoa representante da Corporación ou



facultativa da institución provincial. A copia da acta de comprobación do reformulo que se redacte remitiráselle á Deputación xunto coa fotografía do cartel de obra que acredite a difusión dada ao financiamento outorgado pola Deputación, que se colocará no momento da sinatura da acta.

Así mesmo, os concellos comunicaranlle á Deputación coa suficiente antelación, polo menos de catro días, a data e máis a hora nas que terá lugar, ao remate das obras/investmentos, o acto de recepción destas, ao que asistirá, de consideralo procedente, a Presidencia ou unha persoa representante da Corporación ou facultativa desta. A administración municipal remitiralle á provincial unha copia da acta do acto de recepción.

De ser o caso, os concellos comunicaranlle á Deputación, coa suficiente antelación, polo menos de catro días, a data e máis a hora nas que terá lugar a inauguración oficial dos investmentos financiados co presente plan, á que asistirá, de consideralo procedente, a Presidencia ou unha persoa representante da Corporación provincial.

A Deputación poderá inspeccionar a execución das obras obxecto deste plan e as actuacións realizadas cando o considere oportuno, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que lle corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ás persoas responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

Vixésima. Modificación das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións por desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada

Con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención e antes de que conclúa o prazo para a realización dos investmentos obxecto de subvención e sempre e cando non se prexudiquen intereses de terceiras persoas, poderase solicitar un cambio de destino pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada.

A modificación do destino das subvencións concedidas (cambio de finalidade) estará condicionada ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- a. Petición do cambio de finalidade, que procederá nos seguintes supostos, que deberán vir debidamente motivados e xustificadas:
 - A denegación ou falta dos permisos, licenzas e autorizacións solicitadas e necesarias para a normal execución do investimento segundo a normativa aplicable en cada caso.
 - Recibir subvencións ou subvencións doutros organismos públicos ou privados que cubran o importe total ou parcial do gasto subvencionado.
 - No caso de investmentos cofinanciados, a denegación das subvencións solicitadas que dea lugar á imposibilidade de afrontar a execución do investimento.
 - Ter prioridade o financiamento doutro gasto urxente e non contar con crédito suficiente para levalo a cabo.



- b. Acordo do órgano competente do concello no que se resolva a desistencia (total ou parcial) e o cambio de destino.
- c. Documentación relativa aos novos investimentos que se van financiar.

A modificación do destino das subvencións requirirá a autorización expresa da Deputación, cuxo trámite interno se axustará ao seguinte procedemento:

- a. Informe do Servizo de Cooperación relativo á desistencia (total ou parcial).
- b. Informe favorable da Intervención provincial á desistencia (total ou parcial).
- c. Resolución presidencial pola que se acepta a desistencia (total ou parcial) e se deixa en dispoñible o crédito previamente comprometido para o financiamento dos investimentos que pretenda acometer o concello. Con carácter excepcional, atribúeselle á Presidencia a competencia para resolver, co fin de axilizar a tramitación destes expedientes.
- d. Resolución ou acordo do órgano competente da Deputación, por razón do importe da nova concesión, concedendo unha subvención por cambio de destino, previos informes favorables do Servizo de Cooperación e da Intervención.

O crédito procedente dun cambio de finalidade débese comprometer na súa totalidade. Para isto, a petición do cambio de finalidade pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada acompañarase, en todo caso, das novas solicitudes de subvención xunto coa documentación que corresponda en función do investimento ou do gasto a financiar.

Vixésima primeira. Modificación das resolucións ou dos acordos de concesión por reformulación dos proxectos técnicos

Con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención, antes de que se inicie a licitación do proxecto subvencionado e sempre e cando non se prexudiquen intereses de terceiras persoas, poderase solicitar una modificación do acordo ou da resolución pola necesidade de reformular o proxecto sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada.

Para isto, o concello deberá achegar o seguinte:

- a. Petición formal por parte do concello, que deberá vir motivada, entre outras, nas seguintes circunstancias:
 - Necesidade de adaptar o proxecto ás especificacións técnicas, legais ou regulamentarias aprobadas despois da concesión da subvención e antes da licitación do investimento.
 - Necesidade de cumprir coas cautelas ou os requirimentos impostos nas autorizacións sectoriais outorgadas despois da concesión da subvención e antes da licitación do investimento.
 - Necesidade de corrixir o proxecto ou memoria por erros ou omisións padecidos na redacción e postos de manifesto con posterioridade á concesión da subvención e antes da licitación do investimento.
 - Necesidade de readaptar, redefinir ou variar algún dos conceptos



subvencionados recollidos no proxecto ou memoria antes da licitación do investimento.

- b. Acordo ou resolución do órgano competente do concello que aproba as variacións operadas no proxecto, documento técnico ou memoria valorada ou descritiva do investimento que vai a levar a cabo.

A modificación da resolución ou acordo de concesión requirirá a autorización expresa da Deputación, cuxo trámite interno se axustará ao seguinte procedemento:

- Informe favorable de supervisión do proxecto, documento técnico ou análogo descritivo da actuación que se vai levar a cabo.
- Informes favorables do Servizo de Cooperación e da Intervención.
- Resolución ou acordo do órgano competente que autoriza a modificación do acordo ou a resolución de concesión por reformulación do proxecto técnico.

Se a modificación da resolución ou do acordo de concesión por reformulación do proxecto técnico supón a minoración do custo e, polo tanto, da subvención concedida, o concello poderá solicitar a aplicación do importe sobranse no financiamento dunha nova solicitude de subvención coas limitacións de reinvestimento previstas na base vixésima segunda.

Se a modificación da resolución ou do acordo de concesión por reformulación do proxecto técnico supón un incremento do custo do proxecto, o concello deberá financiar o dito sobrecusto.

Vixésima segunda. Baixas definitivas

Enténdese por baixa definitiva a determinada coa certificación final ou, no seu caso, coa certificación liquidación, tras a xustificación total do investimento e unha vez fiscalizada a documentación xustificativa coa conformidade da Intervención provincial.

A baixa definitiva poderá aplicarse no financiamento de novos investimentos.

Para poder destinar unha baixa definitiva ao financiamento dun novo investimento, o importe individual ou acumulado da baixa e do proxecto será igual ou superior a cinco mil euros (5.000,00 €). Polo tanto, permítese a acumulación das baixas ata acadar o importe mínimo de cinco mil euros (5.000,00 €). Os aforros por liquidación poden incrementarse ao importe da baixa definitiva.

Para a tramitación destas baixas esixírase:

- Petición expresa por parte do concello.
- Documentación dos novos proxectos que se pretenden financiar.

O reinvestimento destas baixas requirirá a autorización expresa da Deputación, cuxo trámite interno se axustará ao seguinte procedemento:

- Informe favorable de supervisión dos proxectos que se financian coa aplicación das



baixas.

- Informes favorables do Servizo de Cooperación e de Intervención.
- Resolución ou acordo do órgano competente da Deputación que autoriza o reinvestimento da baixa nos novos investimentos.

De non acadarse o importe mínimo de cinco mil euros (5.000,00 €), as baixas deben aplicarse no mesmo investimento en concreto:

- No financiamento das asistencias técnicas ou de calquera gasto inherente á execución da obra, sempre e cando estes gastos non estean contemplados no acordo ou na resolución de concesión da subvención e fosen obxecto dunha contratación externa.
- No financiamento da liquidación.
- Na minoración da achega municipal cando se trate dun investimento cofinanciado.

Nestes casos, o concello comunicará á Deputación formalmente o emprego da baixa no financiamento dalgún ou da totalidade dos custes anteriores. Non será necesaria a resolución ou o acordo do órgano competente da Deputación autorizando o seu emprego e aboarse xunto coa certificación final ou liquidación.

As achegas poden estar contempladas no acordo ou na resolución pola que se concede a subvención; poden ser froito dunha modificación do acordo ou da resolución de concesión pola necesidade de reformular o proxecto, cando dita reformulación implica un incremento do custo do proxecto; ou poden ser a causa da tramitación dun modificado ou dunha liquidación. Nestes casos, a Deputación ditará o acordo ou a resolución que corresponda autorizando o emprego da baixa.

Vixésima terceira. Baixas teóricas

Enténdese por baixa teórica a producida coa adxudicación do contrato. Enténdese por novos investimentos, toda proposta do concello que non garda relación coas actuacións incluídas inicialmente neste III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas.

Deste modo, o concello pode solicitar o reinvestimento das baixas teóricas, cuxo importe individual ou acumulado acade os cinco mil euros (5.000,00 €), no financiamento de novos investimentos sen necesidade de esperar a certificación final ou a certificación liquidación e á xustificación do investimento.

A baixa teórica debe ser reinvestida na súa totalidade e o órgano de contratación do concello deberá comprometerse expresamente a financiar, con fondos propios, o incremento de custe derivado da posible tramitación dun modificado, dun exceso de medición ou das asistencias técnicas non contempladas no acordo ou na resolución de adxudicación.

Para a tramitación destas baixas esixirase:

- Petición expresa por parte do concello.



- Acordos de adxudicación dos contratos.
- Compromiso do órgano de contratación de asumir con fondos propios do concello as incidencias que poidan dar lugar a un incremento do custo da obra principal (modificados, excesos de medición ou asistencias técnicas non contempladas no acordo de adxudicación).
- Documentación dos novos proxectos que se pretenden financiar.

O reinvestimento das baixas teóricas requirirá a autorización expresa da Deputación, cuxo trámite interno se axustará ao seguinte procedemento:

- Resolución presidencial pola que se deixa en dispoñible o crédito previamente comprometido para o financiamento dos novos investimentos que pretende acometer o concello. Con carácter excepcional atribúeselle á Presidencia a competencia para resolver, co fin de axilizar a tramitación destes expedientes.
- Informes favorables de supervisión dos proxectos que se financian coa aplicación das baixas teóricas, do Servizo de Cooperación e da Intervención.
- Resolución ou acordo do órgano competente da Deputación que autoriza o reinvestimento da baixa nos novos investimentos.

Vixésima cuarta. Modificación de proxectos e excesos de medición

Se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar un proxecto modificado.

Para a tramitación do proxecto modificado, o concello deberá achegar:

- Petición da entidade municipal na que se solicita a tramitación do proxecto modificado.
- Proxecto modificado.
- Acordo de adxudicación do investimento e, de ser o caso, o contrato.
- Informe da dirección de obra.
- Aprobación do proxecto modificado polo órgano de contratación.

A conformidade ao proxecto modificado pola Deputación esixirá un trámite interno que se axustará ao seguinte procedemento:

- Informe de supervisión do proxecto modificado polas persoas facultativas técnicas de Cooperación.
- Informes favorables do Servizo de Cooperación e de Intervención.
- Resolución ou acordo do órgano competente da Deputación de conformidade do proxecto.

Cando o proxecto modificado implique un incremento de custo con respecto ao inicial, o concello empregará a baixa obtida na adxudicación do contrato no financiamento do modificado, de contar con ela.



De non existir baixa de adxudicación ou, de habela, resultar insuficiente, o concello poderá solicitar o emprego das baixas definitivas ao seu favor procedentes doutros investimentos (con independencia do remanente acumulado) ou asumir o financiamento do importe que corresponda.

Enténdese por exceso de medicións a variación que durante a correcta execución da obra se produza exclusivamente no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, e sempre e cando non representen un incremento do gasto superior do 10 % do prezo do contrato inicial.

Os excesos de medicións deberán certificarse de forma separada (certificación liquidación) do resto do proxecto e acompañarse do informe da dirección de obra ao respecto.

Os excesos de medición que se financien contra a baixa acadada na adxudicación do contrato do propio investimento serán aboados unha vez supervisada a certificación liquidación polas persoas facultativas técnicas de Cooperación e fiscalizada pola Intervención; non será necesaria a autorización previa do reinvestimento polo órgano competente da Deputación.

Os excesos de medición que se financien coas baixas definitivas a favor do concello (con independencia do remanente acumulado) procedentes doutros investimentos incluídos no III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, precisarán dunha autorización previa do órgano competente da Deputación.

Vixésima quinta. Obrigas dos beneficiarios

Os concellos beneficiarios, en conformidade co disposto nestas bases, estarán obrigados a cumprir co que se establece no artigo 11 da LSG, e en particular a:

1. Destinar o importe das subvencións outorgadas ao cumprimento total das finalidades que fundamentan a concesión das subvencións.
2. Realizar as actuacións que fundamentan a concesión das subvencións nos prazos sinalados nestas bases.
3. Subministrar a información e a documentación que, en virtude das facultades de comprobación das subvencións, lles sexa requirida pola institución provincial e no prazo establecido para o efecto.
4. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que determine a Deputación de Pontevedra, achegando canta información lles sexa requirida no prazo que estableza a institución provincial.
5. Designar a directora ou director das obras cando o concello sexa a entidade contratante. Calquera cambio na dirección técnica comunicaráse igualmente ao organismo provincial.
6. Realizar o pagamento aos acredores ou provedores o antes posible e, en todo caso, no prazo máximo dun (1) mes desde a recepción dos fondos da subvención outorgada pola Deputación.



7. Comunicarlle á Deputación calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade subvencionada co obxecto de que, de estimarse con suficiente antelación, se poida modificar o contido da resolución ou acordo de concesión e máis a xustificación dos correspondentes gastos.
8. Comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público estatal ou internacional.
9. A cumprir a normativa de contratación e a demais normativa aplicable.
10. A tramitar e obter as autorizacións e licenzas que fosen precisas antes os organismos e administracións pertinentes.
11. A cumprir coas cautelas, condicionamentos e requisitos que se recollan nas autorizacións sectoriais.
12. Comunicarlle á Deputación coa suficiente antelación, polo menos de catro días, o lugar, a data e hora do acto de comprobación de replanteo, das visitas de obra, do acto de recepción da obra ou da subministración e, de ser o caso, da inauguración do investimento.
13. Facer constar en todas as accións de comunicación ou publicidade o apoio dado pola Deputación.
14. Acreditar a publicidade desde o inicio da obra, indicando as accións de comunicación realizadas, as fotos e demais documentación que se considere necesaria. Para isto, o Concello debe:
 - Incluír no prego de cláusulas ou na documentación que rexe a contratación unha cláusula na que conste a obriga da ou do contratista de poñer, desde o inicio das obras ata a súa total terminación e comprobación material por parte da Deputación, un cartel informativo que indique que se trata dunha obra subvencionada pola institución provincial.
 - Facerse cargo económica e fisicamente dos carteis das obras que se realicen e da súa retirada tras a finalización do prazo de garantía, ou, en todo caso, tras a comprobación material realizada pola Deputación. Estes carteis colocaranse nun lugar suficientemente visible.
 - No caso de obras en instalacións deportivas colocarse un cartel de forma permanente sobre un soporte.
 - Nas subministracións que constitúan un investimento en si mesmo, debe pegarse nun sitio visible un adhesivo normalizado co logotipo da Deputación, así como debe darse publicidade na páxina web municipal ou redes sociais.

Correspóndelle ao Servizo de Comunicación Institucional dar as instrucións que se deben seguir no relativo á imaxe institucional. Para estes efectos, en www.depo.gal atópanse os modelos normalizados dos carteis e outras formas de publicidade que deben incluírse nos investimentos.

En todo caso, a publicidade das subvencións deberá realizarse conforme ao manual de identidade corporativa que se atope vixente e publicado na páxina web da Deputación no momento da concesión das subvencións, co que se pretende sistematizar as obrigas que



teñen os beneficiarios destas axudas en materia de publicidade, de tal forma que sirva como documento de referencia á hora de poñer en práctica todas as accións de publicidade e difusión que resultan obrigatorias conforme o actual marco normativo.

O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

Vixésima sexta. Xustificación dos investimentos

Os investimentos deberán estar executados na súa totalidade o 31 de decembro de 2027, fixándose, en todo caso, o prazo de xustificación ata o 31 de maio de 2028. O incumprimento destes prazos dará lugar á perda do dereito a cobrar total ou parcialmente a subvención.

No caso de que se prorrogue o prazo de execución, tal como se indica na base décima novena, o prazo de xustificación tamén resultará ampliado.

O pago ao concello do importe da subvención realizarase á vista das certificacións de execución das obras ou facturas das subministracións aprobadas polo órgano municipal competente.

Así, as entidades beneficiarias deberán presentar na Sede electrónica, a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, as certificacións ou facturas acompañadas da seguinte documentación:

A documentación xustificativa será comprobada polos servizos de Cooperación e Intervención da institución provincial. Os investimentos realizados estarán sometidas á comprobación explícita da execución por parte dos servizos técnicos provinciais, que verificarán as certificacións de obras e facturas remitidas. Esta comprobación material do investimento é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo. Así mesmo, poderánselles solicitar informes a outros servizos da Deputación competentes en razón da materia.

En todo caso, a Deputación, en virtude das facultades que ten atribuídas, reserva as facultades de inspección e comprobación das obras.

O pagamento das subvencións farase de acordo coa porcentaxe de subvención determinada na fase de concesión. En caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao orzamento que se tivo en conta para a concesión, o pagamento das subvencións reducirase proporcionalmente.

O concello poderá presentar xustificacións parciais que se axusten ao ritmo de execución do investimento.

Coa primeira certificación ou factura achegarase a seguinte documentación:



- Certificación de obra no modelo normalizado da Deputación ou similar, e a factura polas obras ou polas subministracións.
- Acordo municipal de aprobación da certificación de obra ou da factura correspondente.
- Acordo ou resolución de adxudicación do contrato, cando sexa necesario.
- Contrato, no casos de ser obrigatorio.
- O nomeamento da asistencia técnica á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde e, no seu caso, os contratos ou acordos de adxudicación.
- Acta de comprobación de reformulo, cando sexa necesaria.
- Acreditación da publicidade dada ao financiamento obtido da Deputación de conformidade co disposto nestas bases e, en todo caso, mediante fotografías do cartel de obra ou do adhesivo normalizado no caso de subministracións. Neste último caso tamén debe darse publicidade na páxina web municipal ou redes sociais.
- Certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente no que se faga constar que, segundo a documentación que obra no expediente ou da contabilidade ao seu cargo, non se recibiron outras subvencións ou axudas para a finalidade subvencionada. No caso de recibilas, detalle do financiamento obtido.
- Certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente no que se sinala que, segundo a tipoloxía do contrato, se respectaron os requisitos mínimos que para cada procedemento se establece na lexislación de contratos.
- Acordo ou resolución de aprobación do proxecto, documento técnico ou memoria valorada e as copias das autorizacións sectoriais que correspondan cando a concesión da subvención quedou condicionada á aprobación do proxecto e á obtención desas autorizacións.
- Declaración responsable conforme o concello está ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa AEAT, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

As sucesivas certificacións, nos modelos normalizados ou similares, ou facturas acompañaranse do acordo municipal de aprobación das certificacións ou facturas correspondentes.

E coa última certificación ordinaria ou factura achegaranse:

- Certificación de obra no modelo normalizado ou similar e factura polas obras ou polas subministracións.
- Acordo municipal de aprobación da certificación de obra ou da factura correspondente.
- Informe final da dirección de obra. Se o informe fin de obra recolle variacións que dean lugar a excesos de medición (liquidacións), este informe acompañarase da certificación final, a correspondente factura e a súa aprobación.
- Certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente no que se sinala que, segundo a tipoloxía do contrato, se respectaron os requisitos mínimos que para cada procedemento se establece na lexislación de contratos. Non será preciso remitir



este certificado se xa foi remitido coa primeira xustificación.

- Acta de recepción no modelo normalizado, de ser necesaria. As persoas asinantes estarán debidamente identificadas coa expresión do seu cargo.
- No caso daqueles proxectos cuxa execución estivese suxeita ao cumprimento de autorizacións sectoriais que contemplasen a imposición de condicionamentos ou cautelas, o informe da dirección facultativa ou do persoal facultativo técnico municipal relativo ao efectivo axuste dos investimentos realizados á normativa sectorial.
- Acreditación da publicidade dada ao financiamento obtido da Deputación mediante fotografías do cartel de obra, ou do adhesivo normalizado no caso das subministracións. Neste último caso tamén debe darse publicidade na páxina web municipal ou redes sociais. Non será preciso remitir esta documentación cando xa se participou á Deputación ao chegar a primeira certificación.
- Certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente no que se faga constar que, segundo a documentación que obra no expediente ou da contabilidade ao seu cargo, non se recibiron outras subvencións ou axudas para a finalidade subvencionada. No caso de recibilas, detalle do financiamento obtido.
- Declaración responsable conforme o concello está ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa AEAT, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

No caso dos investimentos en obras que se adxudiquen mediante contratos menores definidos no artigo 118 da LCSP esixírase:

- A factura correspondente, que deberá reunir os requisitos (especialmente en canto á existencia de detallar as unidades, os conceptos e os prezos unitarios etc.) que se recollen nos artigos 6 e seguintes do Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación. Deben evitarse conceptos con obxectos indeterminados, difusos e xenéricos que dificulten a comprobación formal e material do investimento.
- Acordo ou resolución de aprobación da factura.
- Acta de recepción no modelo normalizado, de contar con ela. Non obstante, a acta de recepción pódese substituír pola factura conformada polo funcionario municipal encargado da comprobación material, con identificación do seu nome, cargo e sinatura. Este trámite constituirá a constatación do cumprimento do contrato.
- Acreditación da publicidade dada ao financiamento obtido da Deputación mediante fotografías do cartel de obra ou do adhesivo normalizado no caso de subministracións. Neste último caso tamén debe darse publicidade na páxina web municipal ou redes sociais.
- Certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente no que se faga constar que, segundo a documentación que obra no expediente ou da contabilidade ao seu cargo, non se recibiron outras subvencións para a finalidade subvencionada. No caso de recibilas, detalle do financiamento obtido.
- Certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente no que se sinala



que, segundo a tipoloxía do contrato, se respectaron os requisitos mínimos que para cada procedemento se establece na lexislación de contratos.

- Declaración responsable conforme o concello está ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa AEAT, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

Se a subvención concedida contempla o financiamento dos custos derivados das asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde, o concello deberá achegar para a súa xustificación:

- A factura pola asistencia técnica.
- A certificación do acordo de aprobación da factura.
- A certificación do acordo ou a resolución de adxudicación do gasto, se o custo da asistencia técnica é igual ou superior a seis mil euros (6.000,00 €).
- Nos casos en que sexa obrigatorio, o contrato ou a aceptación do acordo ou a resolución de adxudicación por parte do adxudicatario.

No caso dos investimentos en subministracións será necesario a achega da seguinte documentación:

- A factura correspondente, que deberá reunir os requisitos (especialmente en canto á esixencia de detallar as unidades, os conceptos e os prezos unitarios etc.) que se recollen nos artigos 6 e seguintes do Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación. Deben evitarse conceptos con obxectos indeterminados, difusos e xenéricos que dificulten a comprobación formal e material do investimento.
- O certificado do acordo de aprobación da factura.
- O certificado do acordo de adxudicación do contrato.
- O contrato de ser necesario.
- A acta de recepción no modelo normalizado ou similar. Non obstante, no caso de investimentos de subministración que se adxudiquen mediante contratos menores, a acta de recepción pódese substituír pola factura conformada da persoa funcionaria municipal encargada da comprobación material, con identificación do seu nome, cargo e sinatura. Este trámite constituirá a constatación do cumprimento do contrato.
- A acreditación da publicidade que se lle deu ao financiamento da Deputación conforme a base vixésima quinta.
- No caso daquelas subministracións que pola súa situación tivesen unha afección sectorial e non se presentara a autorización con anterioridade, a acreditación da concesión da devandita autorización que se acompañara dun informe do persoal facultativo técnico municipal sobre o cumprimento do contemplado na mesma.
- Unha certificación da funcionaria ou funcionario público competente do conxunto de axudas concedidas por esta Deputación, por outras administracións públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade.
- Unha certificación da funcionaria ou funcionario público competente no que se



sinale que, segundo a tipoloxía do contrato, se respectaron os requisitos mínimos establecidos para cada procedemento na lexislación de contratos.

- Declaración responsable conforme o concello está ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa AEAT, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

En caso de que o concello non xustifique o gasto realizado, execute o investimento subvencionado máis alá do prazo de execución establecido na presente base e na base décima novena, iníciase o procedemento de perda do dereito ao cobro da cantidade que corresponda.

Se o beneficiario da subvención non presenta a documentación xustificativa no prazo sinalado na presente base, requírase de forma inmediata para que a presente no prazo improrrogable de quince (15) días hábiles. Achegar a documentación xustificativa fóra deste prazo dará lugar a imposición dunha dedución do 5% do da contía subvencionada.

O incumprimento da obriga de comunicar os actos oficiais relativos ao inicio (acto de comprobación do replanteo), execución (visitas de obra), recepción e inauguración dos investimentos financiados con cargo a este plan no prazo estipulado na base vixésima quinta, poderá dar lugar á imposición dunha dedución de ata o 5% do importe da subvención concedida, previa tramitación do procedemento pertinente.

O incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión do financiamento recibido por parte da Deputación conforme ao disposto na base vixésima quinta no prazo establecido inicialmente, dará lugar a unha dedución do 5% da contía concedida. A persistencia do incumprimento tras o requirimento que se realice ao efecto, dará lugar a unha dedución de entre o 10% e o 20%, de conformidade co previsto na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Vixésima sétima. Compatibilidade con outras subvencións

As subvencións que se concedan no marco destas bases admiten a compatibilidade con outras axudas públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade, tanto as outorgadas por esta Deputación coma por outras administracións públicas, incluídos os fondos comunitarios, sempre que o importe destas, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non supere o custo da actividade subvencionada.

Para estes efectos, e en conformidade co disposto no artigo 14.1.d) da LXS e no artigo 33 do RLXS, unha das obrigas do beneficiario é comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as finalidades subvencionadas.

No caso de que se obteña financiamento adicional, este considerase que reverte no 100 % da achega municipal. De seguir existindo exceso de financiamento destinarase a reducir a achega da Deputación.



Vixésima oitava. Perda do dereito de cobro e/ou reintegro

Procederáse ao reintegro e/ou perda do dereito de cobro, total ou parcial, das subvencións outorgadas, en conformidade con estas bases, nos termos fixados na normativa de subvencións e, de modo particular, nos artigos 36 e seguintes da LXS.

Serán causas específicas de perda do dereito de cobro ou reintegro, total ou parcial, das subvencións outorgadas, ademais das xerais, as seguintes:

- Incumprimento da normativa de contratos.
- Incumprimento do deber de comunicar a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as finalidades subvencionadas.
- Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión do financiamento público recibido.
- Incumprimento da obriga de obter as autorizacións sectoriais ou licenzas que resulten necesarias para a execución do investimentos ou o incumprimento do recollido nas devanditas autorizacións.

Vixésima novena. Recursos

Contra o acordo de aprobación destas bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 123 e 124 da LPACAP), ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, de acordo co disposto no artigo 8 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso no prazo establecido no artigo 46 desta Lei, sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que se estime conveniente.

Trixésima. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras e o seu extracto publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Así mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, remitiráselle o texto da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

Trixésima primeira. Protección de datos

Os datos persoais obtidos nestes procedementos serán obxecto de tratamento pola Deputación, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que as persoas interesadas declaren nas súas solicitudes para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.



A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal> e o consentimento das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>”.

2º. ORDENAR a publicación destas bases e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.

6.8495.- **ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO CONVOCADO MEDIANTE CONCURSO PÚBLICO PARA O ALLEAMENTO OU CONSTITUCIÓN DUN DEREITO DE SUPERFICIE DE VARIAS PARCELAS (10) RESULTANTES DO PROXECTO DE PARCELACIÓN DO PLAN DE SECTORIZACIÓN DO SOLO URBANIZABLE E INDUSTRIAL OUTEDA-CURRO (SRAU-I OUTEDA-CURRO) (CONCELLO DE BARRO) (EXPTES. 2025062454-2025045268-2025030363)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/yHBpwQ2kACLOJ8nI1yeNf8Bjrg45VErUAeacp2Q10IPtO6V>

O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 27 de xuño de 2025, aprobou o expediente do concurso público para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie, mediante procedemento aberto, de varias parcelas (10) resultantes do proxecto de parcelación do Plan de Sectorización do solo urbanizable e industrial Outeda-Curro (SRAU-I Outeda-Curro) (Barro), polos importes que figuraban para



cada parcela no anexo IV do prego de cláusulas económicas administrativas, a razón de 99,00€/m², IVE excluído, e de 119,79€/m², IVE engadido.

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Boletín oficial da provincia de Pontevedra e no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 04/07/2025. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na sesión do día 07/08/2025, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A” e “B”, correspondentes á documentación administrativa/económica presentada pola empresa Transportes Cameselle, S.L. (B36058493), (única empresa que concorreu á licitación), en relación ás parcelas A-22 de 5.383,62 m² e A-24 de 5.460,73 m².

Visto o informe de valoración da oferta presentada pola empresa Transportes Cameselle, S.L. emitido polo Técnico colaborador do Polígono de Barro, en data 14/08/2025, (CSV: 3Q4T5NAOJ8H3OA2P), a Mesa de Contratación, na sesión do día 21/08/2025, acordou prestar conformidade o citado informe, así como aprobar a clasificación das ofertas presentadas ao concurso público e propoñer ao órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento da documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación da constitución dun dereito de superficie sobre as parcelas A-22 e A-24 do Polígono de Barro, á empresa Transportes Cameselle, S.L. (B36058493), polos prezos e valores ofertados por dita empresa.

Visto que por Resolución Presidencial número 2025006994, de data 25 de agosto de 2025, procedeuse a requirir ao licitador para que aportase a documentación esixida nos pregos de cláusulas económico-administrativas, e que en data 5 de setembro de 2025 (nº de rexistro web2025063048) a empresa Transportes Cameselle S.L. aportou a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Deputación de Pontevedra e coa Seguridade Social; así como o documento acreditativo do depósito das garantías definitivas por importe equivalente ao 100% do canon



anual ofertado sen IVE á que se refire a cláusula décimo oitava do PCAP; neste caso 32.624,74 € (parcela A-22) e 33.092,02 € (parcela A-24).

Vistos os informes favorables do Técnico-Colaborador do Polígono, que conta co conforme do Secretario, e da Intervención Provincial, de datas 8 e 16 de setembro de 2025, respectivamente.

Considerando que conforme á disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, correspóndelle ao Pleno a competencia neste expediente.

Á vista do exposto, o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por unanimidade:

Primeiro. Adxudicar á empresa Transportes Cameselle S.L. (B36058493) a constitución dun dereito de superficie, con opción de compra, sobre as parcelas A-22 e A-24 do Polígono de Barro conforme ao cadro de financiación reflectido no informe da Intervención Provincial, de data 16 de setembro de 2025, e cun prazo de vixencia de 25 anos.

De acordo co disposto no Prego de cláusulas administrativas particulares, o adxudicatario procederá ao ingreso da parte proporcional do canon anual ofertado calculado desde o momento da notificación da adxudicación ata a finalización do ano natural en curso (31 de decembro), máis o IVE correspondente, dentro dos trinta días seguintes á notificación da adxudicación do dereito de superficie sobre a citada parcela; o ingreso realizarase mediante transferencia bancaria á conta corrente e no prazo que se indique ao efecto na liquidación que se practique e notifique pola Deputación de Pontevedra (achegarase factura), e contabilizarase con cargo ao concepto orzamentario “25/456-609.00 venta de parcelas polígono” no primeiro exercicio 2025.

Nas seguintes anualidades o canon anual actualizado (conforme á fórmula de revisión prevista na cláusula novena), máis o IVE correspondente, ingresarase mediante transferencia bancaria á conta corrente que se indique ao efecto, dentro do primeiro trimestre natural de cada ano, no prazo que se sinale na liquidación que se practique e notifique pola Deputación de Pontevedra.



Segundo. Proceder á devolución das garantías provisionais depositadas pola empresa Transportes Cameselle S.L. para optar á licitación, de conformidade co disposto na cláusula décimo terceira do PCAP, unha vez formalizado o contrato, e que son as seguintes:

- Parcela A-22, 10.659,57 €, operación OCVD-CVD, co número 12025000148141.
- Parcela A-24, 10.921,46 €, operación OCVD-CVD, co número 12025000148145

Terceiro. Efectuar o alleamento ou constitución dun dereito de superficie, por adxudicación directa, das oito (8) parcelas sobre as que non se recibiu ningunha oferta, durante o prazo dun ano a contar dende a publicación deste acordo plenario no Boletín Oficial da Provincia e no perfil de contratante da Deputación de Pontevedra, de conformidade co disposto no informe do Técnico colaborador do Polígono de data 8 de setembro de 2025.

Dita adxudicación farase en iguais condicións ás que se ofertaron no prego deste concurso, previa aceptación das mesmas polos posibles adquirentes, coa finalidade de salvagardar os principios de publicidade, igualdade e libre concorrência.”

7.8496.- **APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DA ACTUACIÓN “REFORMA E AMPLIACIÓN DE EDIFICACIÓN EXISTENTE PARA CENTRO DE ATENCIÓN Á INFANCIA” PRESENTADO POLO CONCELLO DE ARBO AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA-PLAN EXTRA (EXPTES. 2024076221-2025063035)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/aDJ7YCWZRHOh8NSpjT9BICRUZOdPthW8i2L0xEcSSFT19EKu>

ANTECEDENTES

– O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de



18/10/2024, mediante o acordo núm. 2.8272, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, de 22/10/2024. Así mesmo, advertido un erro de feito no apartado 6.2.1.d) das bases reguladoras, procedeuse á súa corrección no acordo plenario núm. 16.8311, adoptado na sesión ordinaria de 29 de novembro de 2024, publicado no BOPPO núm. 240, do 11 de decembro de 2024. Do mesmo xeito, o apartado quinto das bases reguladoras foron obxecto de modificación no acordo plenario extraordinario núm. 2.8369, adoptado na sesión extraordinaria de 7 de marzo de 2025, publicado no BOPPO núm. 51, polo que se acorda incrementar o crédito inicial en 2.799.316,56 € con cargo á aplicación orzamentaria 2025/942.9420.762.84, así como suprimir o segundo apartado da mencionada base quinta que di: “O Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra non poderá ser obxecto de prórroga”. Posteriormente, na sesión ordinaria do día 25/04/2025, mediante o acordo núm. 5.8396, modificouse a base Quinta, quedando redactada co seguinte teor literal: “(...)Os concellos, en atención a súa capacidade financeira, poderán financiar a súa parte nas anualidades 2025-2026 con cargo ao Plan +Provincia da anualidade correspondente”.

- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria de 07/03/2025, mediante o acordo núm. 3.8370, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrência competitiva ao Concello de Arbo con destino á execución da actuación denominada “Reforma e ampliación de edificación para centro de Atención á Infancia”, ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.

O custo total da actuación ascendía a 574.671,35€ e a subvención concedida e de 488.470,65€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 86.200,70€.

- Mediante a resolución presidencial núm. RP2025003516 de 05/05/2025 aprobouse o correspondente convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Arbo, co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 08/05/2025. Na súa cláusula 6ª recóllese que, de xurdir a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de



contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

- Na data 11/06/2025 o Concello de Arbo presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2025044849), entre outros documentos, un proxecto reformulado do proxecto inicial e na data 24/06/2025 (núm. rexistro WEB2025047524) o concello presenta documentación complementaria requirida polo Servizo de Cooperación. Posteriormente, o día 10/09/2025 (núm. rexistro WEB2025063941), o concello presenta na sede electrónica da Deputación a autorización sectorial de Patrimonio, e o día 11/09/2025 a aprobación por parte do órgano competente do proxecto técnico reformulado. Os cambios introducidos no proxecto non supoñen modificación do importe total do orzamento de licitación e as variacións entre ambos proxectos débense a correccións de erros operativos detectados e a melloras do proxecto mediante a reformulación de decisións.
- O técnico facultativo do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto na data 25/06/2025 (CSV: C7NOM1QRTMWK1QGO).
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra na data 03/07/2025, conclúese que pódese continuar coa tramitación do expediente, tendo en conta que os cambios introducidos non supoñen unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado e que se mantén a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.
- O día 11/09/2025 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente (CSV: K6VLYON3VDX85VJJ).
- Na data 15/09/2025 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que fai constar que este plan recibiu financiación para todos os proxectos presentados, polo que calquera eventual reformulación ou modificación non ten influencia nin supón prexuízos a terceiros no que respecta ás puntuacións técnicas que rexeron a



concorrenza competitiva, posto que incluso unha redución das mesmas tería nula afección na concesión da financiación, sen prexuízo doutras implicacións administrativas que os cambios puidesen producir (CSV: PTIWNVZJACLR3K7).

- O día 16/09/2025 a Intervención provincial informa favorablemente a proposta de aprobación do proxecto reformulado (CSV: 3GM6NBC1KVDPAROP).
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 19/09/2025 (CSV: 0MIBAP31JIOJ73DE).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria – Plan



Extra.

- Convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Arbo para a execución da actuación denominada “Reforma e ampliación de edificación existente para centro de Atención á Infancia” ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria- Plan Extra.

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle ó xefe do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS, que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.



- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstos nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Base 17ª das reguladoras do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, en concordancia coa cláusula 6ª do Convenio, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Esta modificación non poderá supoñer unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

Competencia para resolver

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓN

O proxecto reformulado presentado polo Concello de Arbo para a execución da actuación denominada “Reforma e ampliación de edificación existente para centro de Atención á Infancia”, no marco do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

O importe total do orzamento do proxecto reformulado correspóndese co do proxecto inicial, manténdose invariable o importe da subvención concedida.



A Comisión de Persoas Expertas do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra pon de manifesto que os cambios introducidos non afectan á puntuación obtida no proceso de baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, e de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, o Pleno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto técnico da actuación “Reforma e ampliación de edificación existente para centro de Atención á Infancia” presentado polo Concello de Arbo ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Arbo, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

8.8497.- **APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DA ACTUACIÓN “REHABILITACIÓN DO EDIFICIO DE MULTIUSOS DE PORTONOVO” PRESENTADO POLO CONCELLO DE SANXENXO AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA-PLAN EXTRA (EXPTES. 2024077368-2025063036)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/6BZ5YSdMdU7pxI4H34B9PIF0Uve1zOgGUGKEjxg1zG1KrSRe>



ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de 18/10/2024, mediante o acordo núm. 2.8272, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, de 22/10/2024. Así mesmo, advertido un erro de feito no apartado 6.2.1.d) das bases reguladoras, procedeuse á súa corrección no acordo plenario núm. 16.8311, adoptado na sesión ordinaria de 29 de novembro de 2024, publicado no BOPPO núm. 240, do 11 de decembro de 2024. Do mesmo xeito, o apartado quinto das bases reguladoras foron obxecto de modificación no acordo plenario extraordinario núm. 2.8369, adoptado na sesión extraordinaria de 7 de marzo de 2025, publicado no BOPPO núm. 51, polo que se acorda incrementar o crédito inicial en 2.799.316,56 € con cargo á aplicación orzamentaria 2025/942.9420.762.84, así como suprimir o segundo apartado da mencionada base quinta que di: “O Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra non poderá ser obxecto de prórroga”. Posteriormente, na sesión ordinaria do día 25/04/2025, mediante o acordo núm. 5.8396, modificouse a base Quinta, quedando redactada co seguinte teor literal: “(...)Os concellos, en atención a súa capacidade financeira, poderán financiar a súa parte nas anualidades 2025-2026 con cargo ao Plan +Provincia da anualidade correspondente”.
- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria de 07/03/2025, mediante o acordo núm. 3.8370, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrência competitiva ao Concello de Sanxenxo con destino á execución da actuación denominada “Rehabilitación do Edificio de Multiusos de Portonovo”, ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.

O custo total da actuación ascendía a 1.257.621,75€ e a subvención concedida a 900.000,00€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 357.621,75€.

- Mediante a resolución presidencial núm. RP2025003577 de 06/05/2025 aprobouse o correspondente convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Sanxenxo, co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das



partes.

- Na data 03/09/2025 o Concello de Sanxenxo presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2025062562) un proxecto reformulado do proxecto inicial, un oficio da dirección de obra, un informe aclaratorio dos redactores sobre as modificacións acometidas, o decreto da Alcaldía de aprobación do proxecto reformulado e o certificado enerxético do edificio, así como a súa etiqueta enerxética. Posteriormente, o día 12/09/2025, en contestación ao requirimento técnico efectuado polo Servizo de Cooperación (NOT2025022734 e NOT2025022745), o concello presenta no rexistro da Deputación un novo proxecto reformulado incorporando os extremos requiridos, así como unha nova aprobación por parte do órgano competente do concello do proxecto técnico reformulado (núm. rexistro WEB2025064448). Os cambios introducidos no proxecto non supoñen modificación do importe total do orzamento de licitación e as variacións entre ambos proxectos débense a unha optimización da proposta, que inclúe o intercambio dos espazos propostos para a segunda e terceira planta. Agora a segunda planta albergará as aulas de maiores de uso público e a terceira os servizos sociais do concello, podendo limitar de maneira máis efectiva o acceso á planta baixo cuberta.
- O técnico facultativo do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto na data 12/09/2025 (CSV: 8FIR3DR9GSS3RIT5).
- Examinado o proxecto pola comisión de persoas expertas do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra na data 15/09/2025, conclúese que pódese continuar coa tramitación do expediente, tendo en conta que se mantén a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.
- O día 15/09/2025 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente (CSV: 7G9XQV98TOUJP4FT).
- Na data 16/09/2025 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que fai constar que este plan recibiu financiación para todos os proxectos presentados, polo que calquera eventual reformulación ou modificación non ten influencia nin supón prexuízos a terceiros no que respecta ás puntuacións técnicas que rexeron a



concorrenza competitiva, posto que incluso unha redución das mesmas tería nula afección na concesión da financiación, sen prexuízo doutras implicacións administrativas que os cambios puidesen producir (CSV: XBMCOZ2JWEZD7OH7).

- O día 16/09/2025 a Intervención provincial informa favorablemente a proposta de aprobación do proxecto reformulado (CSV: PLV5DNJX90VRKY9N).
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 19/09/2025 (CSV: Z7WGAVQTDEZF65R5).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.



- Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle ó xefe do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS, que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o



beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrència competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.

- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Base 17ª das reguladoras do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do Concello. Esta modificación non poderá supoñer unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado. Tras a aprobación polo Concello, a Deputación supervisará a modificación e dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

Competencia para resolver

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓN

O proxecto reformulado presentado polo Concello de Sanxenxo para a execución da actuación denominada “Rehabilitación do Edificio de Multiusos de Portonovo”, no marco do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

O importe total do orzamento do proxecto reformulado correspóndese co do proxecto inicial, manténdose invariable o importe da subvención concedida.

A Comisión de Persoas Expertas do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra pon de manifesto que os cambios introducidos non afectan á



puntuación obtida no proceso de baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acolidas no Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrência competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, o Pleno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto técnico da actuación “Rehabilitación do Edificio de Multiusos de Portonovo” presentado polo Concello de Sanxenxo ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Sanxenxo, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

9.8498.- **SOLICITUDE DUNHA FUNCIONARIA INTERINA QUE PRESTA SERVIZOS NO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE PARA COMPATIBILIZAR O DESEMPEÑO DO SEU POSTO DE TRABAJO CO EXERCICIO DUNHA SEGUNDA ACTIVIDADE NO SECTOR PRIVADO (EXPTES. 2025062457-2025061231)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/6mv0XQoJ9xTThDaRzz5sfDuv8pWEBYEhSg49tEWEoJ1m8kqy>

Visto o informe da xefa do Servizo de RRHH e Formación de data 12 de setembro de 2025, que textualmente di:

“ANTECEDENTES



1º.- Mediante escrito presentado no Rexistro xeral da Deputación Provincial de Pontevedra o 5 de setembro do 2025, Dona Susana Mosteiro Falcón, con DNI nº ***7694**, funcionaria interina como oficiala cociñeira adscrita ó Centro Príncipe Felipe, solicita autorización con efectos do 08/09/2025 e ata o 19/10/2025, para compatibilizar o desempeño do seu posto de traballo cunha segunda actividade no sector privado como cociñeira no Hotel Piñeiro.

Así mesmo, declara que a súa actividade como cociñeira será realizada nun horario que non interfira co desenvolvemento da súa función pública e en todo caso cun horario inferior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo na Deputación.

2º.- O posto de traballo que desempeña no Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra ten asignada unha retribución bruta mensual con todos os conceptos prorrateados de 2.158,35 €.

3º.- A interesada percibe un complemento específico de 568,43 €/mes, que supera o 30% das retribucións básicas excluída a antigüidade (274,23 €/mes), polo que renuncia á percepción desta cantidade.

4º.- Este recoñecemento non pode afectar á xornada e horario de traballo establecido no Centro Príncipe Felipe, de 8:00 a 15:00 horas ou de 15:00 a 22:00 horas en quendas semanais alternas, de luns a venres, estando prevista a realización de traballo de forma rotatoria as fins de semana.

CONSIDERACIÓNS NORMATIVAS

1º.- Lei 53/84, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

2º.- Real Decreto 598/85, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos, Empresas dependentes.

3º.- Artigo 70.9 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se atribúe ao Pleno da Corporación Provincial a declaración de compatibilidade para o exercicio dunha segunda actividade no sector público ou privado.



4º.- Segundo o artigo 11 da Lei 53/84, do 26 de decembro, e artigo 9 do Real Decreto 598/85, do 30 de abril, o persoal comprendido no seu ámbito de aplicación non poderá exercer, por si ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de Entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desenvolva o Departamento, Organismo ou Entidade onde estivese destinado. Exceptúanse da devandita prohibición as actividades particulares que, en exercicio dun dereito legalmente recoñecido, realicen para si os directamente interesados.

5º.- De acordo co disposto no artigo 12.2 da Lei 53/84, as actividades privadas que correspondan a postos de traballo que requiran a presenza efectiva do interesado durante un horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo nas Administracións Públicas soamente poderán autorizarse cando a actividade pública sexa unha das enunciadas nesta Lei como prestación a tempo parcial.

6º.- Tal e como sinala o artigo 14 da Lei 53/84, o exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade. A resolución motivada recoñecendo a compatibilidade ou declarando a incompatibilidade, que se ditará no prazo de dous meses, corresponde ao Ministerio da Presidencia, a proposta do Subsecretario do Departamento correspondente; ao órgano competente da Comunidade Autónoma ou ao Pleno da Corporación Local, previo informe, no seu caso, dos Directores dos Organismos, Entes e Empresas públicas.

Este recoñecemento de compatibilidade non poderá modificar a xornada de traballo e horario da interesada e quedará automaticamente sen efecto en caso de cambio de posto no sector público.

7º.- O artigo 16 da Lei 53/84, en redacción dada pola disposición final terceira do Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, indica que non poderá autorizarse ou recoñecerse compatibilidade ao persoal funcionario, ao persoal eventual e ao persoal laboral cando as retribucións complementarias que teñan dereito a percibir do apartado b) do artigo 24 do



presente Estatuto inclúan o factor de incompatibilidade ao retribuído por arancel e ao persoal directivo, incluído o suxeito á relación laboral de carácter especial de alta dirección.

Así mesmo, o apartado 4 do citado precepto recolle de forma literal que “por excepción e sen prexuízo das limitacións establecidas nos artigos 1.º 3, 11, 12 e 13 da presente Lei, poderá recoñecerse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ó persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complementos específicos, ou concepto equiparable, cuxa contía non supere o trinta por cento da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan o seu orixe na antigüidade”.

8º.- A actividade que desenvolve a interesada no Centro Príncipe Felipe non está incluída en ningún dos supostos que contempla o artigo 11 do RD para o non recoñecemento da compatibilidade.

9º.- A Disposición transitoria novena da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia determina que entremetres non se introduza o complemento retributivo do posto de traballo previsto por esta lei, todas as referencias a este último se entenderán feitas ó complemento específico existente á entrada en vigor da mesma, destinado a retribuír as condicións particulares dalgúns postos de traballo en atención a súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigosidade ou penosidade. En ningún caso poderá asignarse máis dun complemento específico a cada posto de traballo.

Así mesmo indica, no apartado dous, que entremetres non se produza a substitución do complemento específico mencionado no apartado anterior polo complemento de posto de traballo previsto pola presente lei, poderá recoñecerse, conforme ó disposto na normativa sobre incompatibilidades que resulte de aplicación, compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ó persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complemento específico ou concepto equiparable, sempre que a súa contía non supere o trinta por cento da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan o seu orixe na antigüidade.

No suposto de que a contía de tal complemento supere o trinta por cento referido, poderá concederse a compatibilidade sempre e cando a persoa



interesada renuncie á percepción do complemento específico ou concepto equivalente.

CONCLUSIÓN

En base ós antecedentes e consideracións normativas citadas anteriormente propónse conceder a Dona Susana Mosteiro Falcón, con efectos do 8 de setembro de 2025 e ata o 19 de outubro de 2025, a compatibilidade solicitada para o desempeño dun segundo posto de traballo no sector privado como cociñeira no Hotel Piñeiro, debendo implicar o posto de traballo no sector privado a presenza efectiva da interesada por un tempo inferior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo na Deputación.

Como consecuencia, deixará de percibir o importe do complemento específico.”

Considerando o exposto no informe da xefa do Servizo de RRHH e Formación de data 12 de setembro de 2025, o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do PSdeG-PSOE e coas abstencións do BNG:

Conceder autorización á funcionaria interina, D^a. Susana Mosteiro Falcón con efectos do 8 de setembro de 2025 e ata o 19 de outubro de 2025, para compatibilizar o desempeño do seu posto de traballo como oficiala cociñeira adscrita ó Centro Príncipe Felipe, cunha segunda actividade no sector privado como cociñeira no Hotel Piñeiro, debendo implicar o posto de traballo no sector privado a presenza efectiva da interesada por un tempo inferior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo na Deputación.

Como consecuencia, deixará de percibir o importe do complemento específico.

10.8499.- **MODIFICACIÓN DO RÉXIME DE DEDICACIÓN
DUN CARGO POLÍTICO PASANDO DA
DEDICACIÓN PARCIAL Á EXCLUSIVA E A
DETERMINACIÓN DAS SÚAS RETRIBUCIÓN
(EXPTES. 2025062688-2024069258).**



Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/ktBbgv9HwRaxFzoBTZe0IPooBMQlnoaTIDdAe9hfr5qCDQXt>

Dada conta da Proposición da Presidencia de data 16 de setembro de 2025 na que propón ó Pleno a modificación da relación de cargos políticos que teñen asignado o réxime de dedicación exclusiva e parcial para os efectos de pasar unha dedicación parcial do 85% a exclusiva, quedando esta última, incluído o 0,5% da revisión salarial, cunha retribución anual cifrada en 71.279,66 euros.

En virtude do disposto nos artigos 75 e 75 bis da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LRBRL), 225 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e 13 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF); o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda acorda por maioría, cos votos a favor do PP e coas abstencións do PSdeG-PSOE e do BNG, o seguinte:

Modificar o réxime de dedicación dun cargo político da Corporación Provincial, pasando de dedicación parcial do 85% a exclusiva, cunha retribución anual en 71.279,66 €.

Esta modificación terá efectos dende a data de aceptación do cargo.

O nomeamento para este cargo deberá ser aceptado expresamente, tal e como dispón o citado artigo 13 do ROF. De ser así terá que comunicarse esta circunstancia ó Pleno na seguinte sesión ordinaria.

O custo laboral total anual ascende a 71.279,66 €, en concepto de retribucións, e a 23.508,03 € en concepto de cota patronal á Seguridade Social, cantidades que se imputarán ás aplicacións orzamentarias 25/900.9120.100.00 e 25/900.9120.160.01.

Unha vez aprobado o cambio, corresponde ó Presidente o nomeamento do membro da Corporación que pasará a desempeñar o cargo a tempo parcial.



Este acordo será publicado na forma prevista no apartado 5 do artigo 75 da LRBRL, e no portal de transparencia da Deputación, en cumprimento do estipulado no artigo 8.1.f) da Lei 19/2013. de 9 de decembro.”

11.8500.- **APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA
REGULADORA DO SERVIZO DE
TELEASISTENCIA DOMICILIARIA DA
DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (EXPTE.
2025047915)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/0fzcZktRzjRZctHzlsOF9P784NQbJSq1GsebcwLjYbEFUbuOC>

As deputacións teñen a competencia propia de apoiar ás corporacións locais da provincia que presten servizos sociais comunitarios municipais, en virtude das previsións establecidas no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no que se determina a competencia propia das deputacións provinciais para a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión.

De conformidade co previsto no artigo 60 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia (LSSG), correspóndelles aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, a competencia, entre outras, da creación, da xestión e do mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos, así como da xestión e do mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59.i) da citada lei, polo que todos os concellos de Galicia deberán garantir, como mínimo, a prestación de servizos sociais comunitarios básicos de titularidade municipal.

As competencias das deputacións provinciais recollidas na citada lei son desenvolvidas polo Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios básicos e o seu financiamento, que, en coherencia co artigo 109.1.b) da Lei 51/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determina no seu artigo 31 que as deputacións lles proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos



concellos e agrupacións de concellos, especialmente aos de menos de 20.000 habitantes, na implantación e xestión dos servizos sociais comunitarios municipais.

En consonancia co principio de autonomía persoal e vida independente, entre outros, a LSSG recolle, no seu artigo 20.e), o servizo de teleasistencia e outros servizos de carácter tecnolóxico que procuren a permanencia das persoas usuarias no seu medio habitual. Este servizo xorde da necesidade de prestar unha atención domiciliaria a colectivos especialmente vulnerables, coma persoas maiores, con diversidade funcional, con dificultades de autonomía persoal, que carezan de vínculos familiares ou sociais, ou afectadas por enfermidades crónicas e outras patoloxías asociadas.

Con data de 5 de agosto de 2025, a Xefatura do Servizo de Benestar Social conformado polo deputada delegada de Benestar Social, emite memoria xustificativa sobre incoación do procedemento para a aprobación da ordenanza reguladora do Servizo de Teleasistencia Domiciliaria da Deputación de Pontevedra.

En cumprimento do establecido no artigo 133 LPAC, con carácter previo á elaboración da ordenanza iniciouse un procedemento de consulta pública a través do portal web da Deputación de Pontevedra. Durante o período de consulta, do 3 de xuño ao 16 de xullo de 2025, recibíuse unha achega, segundo certificado emitido pola Xefa de Servizo de Benestar Social.

Consta no expediente informe favorable de Secretaría de data 7 de agosto de 2025 (CSV: OQM9G91Q5ZDL8G0V), informe favorable de Intervención, de data 4 de setembro de 2025 (CSV: J7POYQ46XGURZ48P) e informe positivo de impacto de xénero de 5 de setembro de 2025 (CSV: TC76YJ3CPRU2OHTR).

Segundo o disposto no artigo 33.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, é competencia do Pleno da Deputación de Pontevedra a aprobación das ordenanzas.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico, acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e coas abstencións do PSdeG-PSOE:



Primeiro. A aprobación inicial da Ordenanza Reguladora do Servizo de Teleasistencia Domiciliaria da Deputación Provincial de Pontevedra, cuxo texto é o seguinte:

**“ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA
DOMICILIARIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA**

No capítulo III do título I da Constitución española de 1978, relativo aos principios reitores da política social e económica, compromete os poderes públicos na promoción das condicións necesarias para garantir e asegurar a calidade de vida, a plena autonomía persoal e a inclusión social da cidadanía; especificamente, na prestación dunha atención especializada ás persoas maiores e ás persoas con discapacidade.

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no artigo 27.23.º do seu Estatuto de autonomía, en concordancia co artigo 148.1.º.20 da Constitución española, ten a competencia exclusiva en materia de asistencia social.

No uso da citada competencia estatutaria, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSG), que ten por obxecto estruturar e regular como servizo público os servizos sociais na Comunidade Autónoma de Galicia para construír o sistema galego de benestar e garantir o dereito recoñecible e esixible das persoas aos servizos sociais como o conxunto coordinado de prestacións, servizos e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan acadar diversos obxectivos. Entre estes atópanse os seguintes: facilitar alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopan en situación ou en risco de exclusión social; garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia; previr a aparición de calquera situación de dependencia, exclusión, desigualdade ou desprotección ás que fan referencia os obxectivos anteriores; e promover e garantir o dereito universal da cidadanía galega ao acceso aos servizos sociais e a suficiencia orzamentaria que asegure a súa efectividade.

De conformidade co previsto no artigo 60 da LSSG, correspóndelles aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, a competencia, entre outras, da creación, da xestión e do mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos, así como da xestión e do mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59.i da citada lei, polo que todos os concellos de Galicia deberán garantir, como mínimo, a prestación de servizos sociais comunitarios básicos de titularidade municipal.

As competencias das deputacións provinciais recollidas na LSSG son desenvolvidas polo Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios básicos e o seu financiamento, que, en coherencia co artigo 109.1.b da Lei 51/1997, de 22



de xullo, de Administración local de Galicia, determina no seu artigo 31 que as deputacións lles proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos e agrupacións de concellos, especialmente aos de menos de 20.000 habitantes, na implantación e xestión dos servizos sociais comunitarios municipais.

Así mesmo, as deputacións teñen a competencia propia de apoiar as corporacións locais da provincia que presten servizos sociais comunitarios municipais, en virtude das previsións establecidas no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no que se determina a competencia propia das deputacións provinciais para a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión. En consonancia co principio de autonomía persoal e vida independente, entre outros, a LSSG recolle, no seu artigo 20.e, o servizo de teleasistencia e outros servizos de carácter tecnolóxico que procuren a permanencia das persoas usuarias no seu medio habitual.

Este servizo xorde da necesidade de prestar unha atención domiciliaria a colectivos especialmente vulnerables, coma persoas maiores, con diversidade funcional, con dificultades de autonomía persoal, que carezan de vínculos familiares ou sociais, ou afectadas por enfermidades crónicas e outras patoloxías asociadas. Moitas destas situacións adoitan vir acompañadas de sentimentos de soidade, angustia, inseguridade, illamento ou mesmo deterioración do estado de saúde mental.

En definitiva, trátase de mellorar a calidade de vida destas persoas e de facilitarlles, sempre que non precisen coidados ou apoios para as actividades básicas da vida diaria permanentes, a posibilidade de continuar vivindo no seu fogar e na súa contorna habitual, coa seguridade de contar cunha atención dilixente en caso de risco ou emerxencia.

A Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia asinaron no ano 2013 un convenio de colaboración para a prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria dirixido ás persoas que por razón de idade, enfermidade, discapacidade, illamento xeográfico ou desarraigamento social precisen da asignación deste servizo para mellorar a súa calidade de vida, posibilitando, con iso, a súa permanencia na contorna habitual. No 2017 formalizouse a primeira addenda ao convenio e no 2021 a segunda e derradeira.

Con estes antecedentes, a Deputación de Pontevedra promove a presente ordenanza reguladora co obxectivo de establecer as condicións e funcionamento do servizo de teleasistencia domiciliaria (TAD) mediante a xestión coordinada entre a Deputación e os concellos da provincia co fin de garantirlles a calidade do servizo ás persoas beneficiarias.

Así, esta norma garante a seguridade xurídica, ao establecer un marco normativo predicible, integrado, claro e certo, que facilita a súa aplicación e interpretación por parte das e dos destinatarios. Trátase en definitiva de asegurar unha resposta coordinada e eficiente ás necesidades dos concellos da provincia de ata 20.000 habitantes e favorecer a equidade territorial, a calidade asistencial e a optimización dos recursos públicos dispoñibles, co



obxectivo último de mellorar a atención e a seguridade das persoas usuarias no seu propio fogar.

CAPÍTULO I. DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Artigo 1. Obxecto da ordenanza reguladora

Este documento ten por obxecto regular a prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria da Deputación Provincial de Pontevedra, así como as obrigas de cada unha das partes que interveñen no desenvolvemento do servizo.

Artigo 2. O servizo de teleasistencia

O servizo de teleasistencia defínese como unha prestación técnica de atención permanente de apoio e intervención social, enmarcada no contexto de atención de proximidade grazas ao uso de tecnoloxías da información e da comunicación.

Coa teleasistencia procúrase a permanencia e integración na contorna familiar e social habitual da persoa, con especial atención ás persoas en situación de fragilidade, soidade ou illamento, así como en situación de crise ou emerxencia dentro e fóra do domicilio e, asemade, potencia a autonomía da persoa e da súa familia ou unidade de convivencia.

O recurso permite que as e os usuarios, ante situacións de emerxencia e cun só premer un botón, poidan contactar mediante conversa directa sen empregar as mans, durante as 24 horas do día e todos os días do ano, cunha central atendida por persoas especificamente preparadas para atender as situacións que se presenten.

O servizo de teleasistencia comprende, ademais, unha instalación que permite detectar avisos e alarmas e un modelo de acompañamento personalizado de chamadas periódicas á persoa usuaria.

Artigo 3. Obxectivos do servizo

A través do mencionado servizo procúranse os seguintes obxectivos:

- Proporcionarlles seguridade e tranquilidade ás persoas usuarias e ás súas familias.
- Proporcionar unha atención inmediata e adecuada ante situacións de emerxencia ou necesidade mediante a mobilización, cando sexa necesario, dos recursos propios e alleos que existan na súa zona.
- Garantir a comunicación interpersoal ante calquera situación de necesidade as 24 horas do día e os 365 días do ano.
- Potenciar a autonomía persoal das persoas usuarias favorecendo a permanencia no domicilio e contorna habitual o maior tempo posible.
- Previr situacións de risco por razóns de idade, discapacidade, vulnerabilidade ou soidade.
- Favorecer a comunicación das persoas beneficiarias evitando o illamento social e a soidade non desexada.



- Mellorar a calidade de vida das persoas maiores e das persoas con discapacidade.

Artigo 4. Tipoloxía de dispositivos

O servizo de teleasistencia está formado pola “unidade domiciliar da persoa usuaria”, que funciona a través da liña telefónica, composta por unha unidade de alarma portátil (pulseira ou medallón) e un terminal telefónico que envía a alarma á central de atención.

O terminal instalado no domicilio está conectado á rede eléctrica e á liña telefónica, permite a transmisión de comunicacións e avisos con marcación automática e función de voz incorporada para establecer contacto coa central de atención con só premer un botón.

Segundo a valoración do persoal técnico instalaranse dispositivos de teleasistencia móbil con xeolocalización. Esta modalidade de servizo préstase fóra do domicilio mediante un dispositivo que garante o contacto telefónico e a xeolocalización da persoa usuaria.

Á prestación do servizo de teleasistencia básica poderanse incorporar, cando se estime necesario, dispositivos de teleasistencia avanzada para detectar situacións de risco e para a protección persoal e doméstica, como detectores de fume, de lume, de fugas de gas e sensores de movemento, entre outros.

Artigo 5. Procedemento e tramitación das solicitudes do servizo

A tramitación electrónica do expediente realizarase desde o Servizo de Benestar Social, e comprenderá os actos de instrución necesarios para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a resolución, que se lles trasladarán ao concello e á empresa que presta o servizo.

O procedemento artículase en dúas fases diferenciadas, segundo o previsto nos capítulos II e III desta ordenanza reguladora. A primeira fase corresponde á adhesión das entidades locais ao servizo de teleasistencia, dirixida aos concellos de menos de 20.000 habitantes que desexen participar no programa, mediante a presentación da correspondente solicitude a través da Sede electrónica da Deputación. A segunda fase refírese á presentación das solicitudes das persoas usuarias, que deberán ser tramitadas polos servizos sociais comunitarios de cada concello adherido, tamén a través da sede electrónica, xunto coa documentación requirida para valorar a súa idoneidade no acceso ao servizo.

O servizo de teleasistencia prestarase para un máximo de 1.000 persoas. Unha vez cuberta esta cifra, as solicitudes recibidas, logo de ser valoradas favorablemente, incorporaranse a unha lista de agarda, que será atendida por rigorosa orde de presentación no rexistro da institución provincial.

Artigo 6. Obrigas da Deputación de Pontevedra

A Deputación, a través do centro xestor de Benestar Social, ten entre as súas obrigas asignar unha ou un profesional do servizo con titulación de grao ou diplomatura en Traballo Social como responsable técnico do servizo, co fin de acadar unha correcta implantación e xestión deste. Esta persoa terá, entre outras, as seguintes funcións:



- Supervisar e facer o seguimento do servizo.
- Velar polo cumprimento e calidade deste.
- Promover e participar na súa difusión.
- Prestarlles apoio aos concellos para o desenvolvemento e a xestión do servizo.
- Promover a implantación do servizo TAD nos concellos da provincia a través das actuacións que sexan necesarias.
- Coordinar o servizo coa persoa responsable da empresa adxudicataria e as e os responsables dos servizos sociais municipais dos concellos adheridos.
- Elaborar informes técnicos, memorias e propostas de modificación do servizo TAD que se estime necesario ou que se lle requiriran pola Deputación.
- Valorar as solicitudes recibidas e emitir a proposta que corresponda en cada expediente individual.
- Velar por que as actuacións da empresa sexan as acordadas, por que o trato ás persoas usuarias sexa o correcto e por que a resposta ás demandas inmediatas e adecuadas.
- Supervisar que a prestación do servizo pola empresa se desenvolva de acordo cos prazos establecidos para a instalación e a alta das persoas usuarias, así como para a resolución de incidencias nos terminais.

Artigo 7. Dereitos da Deputación de Pontevedra

A deputación poderá convocar e/ou requirirlos aos concellos e á empresa adxudicataria para as consultas e o seguimento do servizo de teleasistencia domiciliaria cando así o precise.

CAPÍTULO II. DAS ENTIDADES DESTINATARIAS: CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES

Artigo 8. Adhesión das entidades locais ao servizo provincial de teleasistencia domiciliaria

8.1. Poderán adherirse ao servizo provincial de teleasistencia domiciliaria os concellos da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 20.000 habitantes, de conformidade co procedemento establecido nesta ordenanza reguladora.

8.2. Aos concellos beneficiarios do servizo na actualidade garantiráselles a súa continuidade; non obstante, deberán presentar no prazo dun mes, contado desde a entrada en vigor da ordenanza reguladora, a súa solicitude de adhesión a través da Sede electrónica da Deputación de Pontevedra mediante o procedemento electrónico habilitado para o efecto.

8.3. Os demais concellos interesados poderán solicitar a súa adhesión en calquera momento do ano mediante a presentación da correspondente solicitude a través da Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, empregando o procedemento electrónico habilitado para o efecto.



8.4. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución de adhesión será de tres meses, contados desde a data de entrada da solicitude no rexistro electrónico da institución provincial.

8.5. A adhesión formalizarase mediante unha resolución da Presidencia da Deputación e coa conseguinte sinatura do convenio atendendo ao convenio marco (anexo I), o que implicará a aceptación íntegra desta ordenanza reguladora, así como dos compromisos administrativos e financeiros.

8.6. Os concellos adheridos poderán solicitar a súa renuncia ou baixa voluntaria no servizo mediante unha comunicación formal dirixida á Deputación, cunha antelación mínima de tres meses. Esta baixa producirá efectos ao final do trimestre natural en que se presente a solicitude, sen prexuízo das obrigas pendentes que poidan derivar da súa participación no servizo.

Artigo 9. Obrigas das entidades destinatarias

Coa adhesión ao servizo provincial de teleasistencia domiciliaria as entidades locais terán as seguintes obrigas:

- Nomear unha persoa responsable técnica do servizo, que deberá ter o título de grao en Traballo Social ou equivalentes.
- Cumprir a ordenanza reguladora do servizo de teleasistencia.
- Realizarlle directamente o pagamento á empresa adxudicataria da contraprestación que lles corresponda do servizo.
- Tramitar as solicitudes de teleasistencia das persoas usuarias pertencentes ao seu termo municipal, segundo o procedemento para a tramitación electrónica de expedientes exposto no artigo 5.
- Facer un seguimento das intervencións realizadas coas persoas beneficiarias do seu concello, así como das incidencias notificadas pola empresa que preste o servizo. Estas notificacións practícaranse a través dos medios indicados no procedemento de adhesión polos concellos adheridos para recibilas (sede electrónica, caixa de correo electrónico propio etc.).
- Asumir a responsabilidade de informar as persoas interesadas no servizo do seu termo municipal.
- Trasladarlles ás persoas usuarias as sucesivas resolucións e notificacións recaídas no procedemento.
- Comunicarlle á Deputación, no prazo máximo de dez días, calquera variación que se experimente en relación coas circunstancias que motivaron a adxudicación do servizo a favor das persoas usuarias do municipio.
- Tramitar, no prazo máximo de dez días, as baixas producidas en canto á prestación do servizo, motivadas por calquera das causas sinaladas na ordenanza reguladora.
- Cumprirse co deber de informar a persoa solicitante sobre o tratamento que farán dos datos o concello e a institución provincial, así como da cesión de datos a terceiras persoas.



Artigo 10. Dereitos das entidades destinatarias

As entidades destinatarias poderán solicitarlle á empresa adxudicataria e á Deputación de Pontevedra toda a información que precisen das persoas beneficiarias do servizo de teleasistencia domiciliaria do seu concello.

CAPÍTULO III. DAS PERSOAS USUARIAS

Artigo 11. Persoas usuarias do servizo de teleasistencia

A condición de persoa usuaria da teleasistencia adquirese e pérdese por resolución da deputada delegada do Servizo de Benestar Social.

Artigo 12. Requisitos das persoas usuarias do servizo

Poderán ser persoas destinatarias (como titulares ou beneficiarias) do servizo as persoas maiores de 65 anos e as persoas con discapacidade que non teñan dereito ao servizo a través do sistema para a autonomía e a atención á dependencia (SAAD), así como aquelas persoas en situación de especial vulnerabilidade para as que a prestación do servizo sexa un recurso idóneo, segundo unha valoración técnica acreditada mediante un informe social da traballadora ou traballador social de referencia dos servizos sociais comunitarios municipais do concello onde estean empadroadas e teñan residencia efectiva.

Para acceder á prestación do servizo de teleasistencia será necesario cumprir os seguintes requisitos:

- Residir nun concello de menos de 20.000 habitantes adherido ao servizo de teleasistencia domiciliaria da Deputación.
- Dispoñer de liña telefónica fixa ou móbil no domicilio ou estar en condicións de obtela previamente á instalación do equipo.
- Non ter recoñecido un grao de dependencia no marco da normativa vixente. En caso de que a persoa solicitante teña en trámite a solicitude de recoñecemento da situación de dependencia deberá reflectirse no informe social. Cando a persoa usuaria teña dereito efectivo á mesma prestación polo sistema de atención á dependencia deberá causar baixa no servizo de teleasistencia da institución provincial; en consecuencia, deberao comunicar nos servizos sociais comunitarios, desde onde se tramitará a baixa no servizo provincial.
- Non padecer unha enfermidade mental ou discapacidade que impida facer un uso adecuado dos medios tecnolóxicos dispoñibles para levar a cabo a prestación.
- Cumprir os límites de acumulación de recursos de unidade de convivencia establecidos nesta ordenanza reguladora.

Artigo 13. Tipoloxía de persoas usuarias segundo o servizo

- Persoa titular do servizo de teleasistencia domiciliaria: aquela que se beneficie do terminal de persoa usuaria e, no seu caso, da unidade de control remoto (UCR). O custo do servizo ascenderá ao 100% do seu importe.
- Persoa beneficiaria adicional: aquela que, convivindo cunha persoa titular do servizo, reúna os requisitos para ser usuaria deste. Dispoñerán dunha unidade de control



remoto para o seu uso exclusivo. O custo do servizo para este tipo de persoas usuarias será do 50% do fixado para a persoa titular.

Artigo 14. Presentación de solicitudes das persoas usuarias: forma, lugar e documentación
As persoas interesadas deberán solicitar a alta no servizo de teleasistencia domiciliaria a través dos servizos sociais comunitarios do seu concello.

A entidade local, por medio da persoa representante ou outra en quen delegue, será quen presente na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra a solicitude, acompañada da documentación esixida a través do procedemento específico habilitado.

Con esta achegaranse unha copia do DNI e da tarxeta sanitaria da persoa solicitante e os formularios de TAD 1, TAD 2, TAD 3 e TAD 4, que estarán á disposición para a súa tramitación.

Artigo 15. Obrigas das persoas usuarias

As persoas beneficiarias do servizo de teleasistencia terán as seguintes obrigas:

- Contar con liña telefónica fixa ou móbil, que permita a instalación do terminal.
- Aceptar as condicións de uso e manexo do servizo, que deberán asinar no momento en que se proceda á antedita instalación.
- Cumprir as normas de funcionamento do servizo e empregar correctamente o equipo individual de teleasistencia, de acordo coas instrucións recibidas polo persoal responsable da súa instalación ou mantemento e procurar a correcta conservación de todos os elementos que o integran.
- Ter designada unha persoa de contacto que teña acceso ás chaves da vivenda da persoa usuaria, para a súa utilización en caso de necesidade de acceso nunha emerxencia.
- Poñer en coñecemento e manter actualizados os datos requiridos polos servizos sociais municipais relativos ás condicións de acceso ao servizo.
- Asumir o custo dos danos que puidesen orixinarse na vivenda no suposto de que, con motivo dunha chamada de emerxencia, os organismos de salvamento, seguridade pública ou sanitarios, tivesen que forzar a entrada á vivenda co fin de prestar asistencia.
- Facilitarlle o acceso á vivenda ao persoal técnico dos servizos sociais comunitarios e da empresa no desenvolvemento das súas competencias profesionais para que procedan a revisar e comprobar o correcto funcionamento dos equipos, así como outras cuestións referidas ao servizo.
- Segundo a ordenanza municipal, de ser o caso, aboar a contía de copagamento que lle corresponda.
- Poñer en coñecemento do concello e, no seu caso, da empresa adxudicataria, as variacións no uso do servizo, baixa, suspensión do servizo, continuación ou calquera outra circunstancia que poida afectar a este.
- Devolver en perfecto estado de conservación e uso o equipo individual de TAD domiciliaria cando se extinga a prestación.

Artigo 16. Dereitos das persoas usuarias



As persoas usuarias terán os seguintes dereitos:

- Recibir unha atención adaptada ás súas necesidades, que garanta a calidade nas condicións prescritas en cada caso.
- Ser informadas das normas de organización e funcionamento do servizo.
- Revisión e substitución do equipo individual de teleasistencia.
- Reprogramación do equipo individual cando concorra unha causa xustificada.
- Ser atendidas con eficacia, a recibir a información que necesiten do servizo e a presentar, en caso de conflito derivado da prestación do servizo, as reclamacións oportunas.
- Ser informadas expresamente de que os datos persoais facilitados para ser usuaria do servizo e os obtidos durante o desenvolvemento deste serán tratados de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, e coa Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Solicitar voluntariamente o cesamento na utilización do servizo.
- A que os seus dereitos lingüísticos e os demais dereitos que, en materia de servizos sociais, recoñeza a normativa vixente en cada momento sexan respectados.

CAPÍTULO IV. DA EMPRESA ADXUDICATARIA DA XESTIÓN E DO DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA

Artigo 17. Empresa adxudicataria do servizo de teleasistencia

O servizo de teleasistencia domiciliaria da Deputación de Pontevedra prestarase por xestión indirecta, conforme á normativa de contratos vixente, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

Artigo 18. Xestión do servizo

18.1. Alta no servizo de teleasistencia

A persoa responsable da coordinación do servizo por parte da empresa adxudicataria acordará o día e a hora aproximada da cita para instalar o terminal e trasladaralle á Deputación de Pontevedra a axenda de visitas. Do mesmo xeito, comunicaralle o día e a hora aproximada da instalación íntegra do terminal tanto á Deputación de Pontevedra coma aos servizos sociais comunitarios do concello de referencia.

A data do inicio da prestación efectiva do servizo será a que se tome como referencia para os efectos de facturación.

A empresa realizará as probas prácticas de funcionamento precisas co fin de comprobar que as persoas usuarias coñecen o servizo; ademais, ofreceranlles toda a información do funcionamento do sistema por escrito.

18.2. Ausencias domiciliarias



Consideraranse como ausencias domiciliarias aquelas dunha duración limitada ou previsiblemente curta (non superior a un mes). A persoa beneficiaria do servizo ou un familiar deberá comunicarlle ao centro de atención.

Os días nos que a persoa usuaria se manteña en situación de ausencia domiciliaria procederase a facturar o 100% do custo total do servizo que corresponda.

Unha vez transcorridos 30 días, se non se realizou ningunha comunicación para reactivar o servizo, a situación do servizo de teleasistencia da persoa usuaria cambiará automaticamente á de suspensión temporal.

18.3. Suspensión temporal

Son causas de suspensión temporal do servizo as seguintes:

- Unha situación sobrevida dunha ausencia domiciliaria.
- Comunicación, da persoa usuaria ou dalgún familiar, de ausencia no domicilio por un período de tempo superior a un mes e inferior a seis.

Durante este período de tempo a empresa adxudicataria deberá realizar chamadas cunha periodicidade mínima mensual co fin de comprobar que esta situación se mantén e que non se produciron modificacións que determinen un novo cambio de estado, reactivación da alta ou baixa definitiva.

A suspensión temporal finalizará polas seguintes situacións: solicitude de continuación do servizo, por superar os 6 meses de suspensión temporal ou por baixa a petición da persoa usuaria.

A facturación da empresa adxudicataria deste período de suspensión temporal será do 50% do custo total do servizo que corresponda.

Esta suspensión poderase solicitar tantas veces como sexa preciso sempre que as causas que a motiven estean debidamente xustificadas.

Cada unha das situacións de suspensión temporal terá unha duración máxima de 6 meses continuados, contados desde a data en que se estimase a situación. Transcorrido este prazo máximo sen que se comunique a continuación do servizo, procederase de oficio a tramitar a baixa.

Cun prazo dun mes de antelación ao cumprimento do prazo máximo de suspensión (6 meses), a entidade ou empresa adxudicataria notificaralle ao Servizo de Benestar Social da Deputación de Pontevedra e ao concello da persoa usuaria a dita situación.

As situacións de ausencia domiciliaria e suspensión temporal non implican a desinstalación do terminal no domicilio, unicamente se interrompe a comunicación coa persoa usuaria ata a continuación ou baixa do servizo.



18.4. Extinción e baixas na prestación do servizo

A prestación do servizo provincial de teleasistencia domiciliaria rematará nos seguintes supostos:

- Petición da persoa usuaria.
- Defunción da persoa usuaria.
- Ser persoa beneficiaria do servizo a través do sistema para a autonomía e atención á dependencia (SAAD).
- Ingreso da persoa usuaria nun centro residencial.
- Modificación das circunstancias que motivaron a adxudicación do servizo.
- Inadecuada e reiterada manipulación ou incorrecta conservación do equipo individual asignado.
- Deixar de reunir os requisitos establecidos para o dereito ao servizo.
- Esgotarse o prazo máximo de suspensión temporal.
- Outros motivos, que deberán especificarse.

Os concellos serán responsables de tramitar, no prazo máximo de 10 días, a solicitude de baixa da prestación do servizo, motivada por calquera das causas previstas nesta ordenanza.

Artigo 19. Obrigas da empresa adxudicataria

A empresa adxudicataria deberá cumprir todas as obrigas estipuladas no contrato da adxudicación do servizo e, fundamentalmente:

- Atender as persoas usuarias mediante o uso do dispositivo adecuado, co apoio dos medios persoais e materiais necesarios para responder de forma inmediata a situacións de emerxencia, inseguridade, soidade e illamento.
- Potenciar a autonomía da persoa atendida e a da súa familia e unidade de convivencia para que a persoa poida permanecer no seu domicilio o maior tempo posible e manter o control da súa vida.
- Facilitar tanta información sexa precisa sobre as persoas usuarias do servizo por calquera das partes implicadas neste ordenanza.
- Informar os concellos e a Deputación de Pontevedra das situacións de ausencias domiciliarias e suspensións temporais.
- Coordinar o servizo coas persoas responsables dos concellos adheridos e coa Deputación de Pontevedra.
- Cumprir os prazos de instalación e reposición estipulados no contrato da adxudicación do servizo.
- Dotar e instalar no domicilio das persoas usuarias os elementos do sistema (terminal, radio-ligazón, micrófonos, altosfalantes), así como calquera dispositivo de teleasistencia avanzada.
- Prestar un servizo de garantía, mantemento e reposición do equipamento técnico.
- Realizar o tratamento dos datos das persoas usuarias respectando o cumprimento da normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

CAPÍTULO V. DO FINANCIAMENTO DO PROGRAMA E DA ACUMULACIÓN DE RECURSOS DAS PERSOAS SOLICITANTES



Artigo 20. Financiamento

O servizo de teleasistencia domiciliaria financiarase con fondos propios da Deputación, que asumirá o 50% do custo do servizo contratado, e que estará dotado economicamente no seu orzamento anual.

O 50% restante será financiado polos concellos adheridos con cargo aos seus respectivos orzamentos.

Os concellos poderán establecer o copagamento das persoas usuarias beneficiarias do servizo de acordo coas súas ordenanzas municipais.

Artigo 21. Acumulación de recursos das persoas solicitantes

Para que unha persoa poida ser beneficiaria do servizo, os ingresos anuais da unidade de convivencia non deben superar o límite de acumulación de recursos fixado nesta ordenanza reguladora.

Para os efectos do cálculo dos ingresos anuais teranse en conta os ingresos netos de catorce pagas (pensións, prestacións económicas, retribucións...), así como os rendementos de capital da unidade de convivencia. Aos ingresos da unidade de convivencia minoraranse os gastos de alugueiro, así como hipotecas da residencia habitual da persoa ou persoas solicitantes. Así mesmo, poderá xustificarse a través dun informe social a existencia doutros gastos da unidade de convivencia e de situacións particulares destas persoas que lle afecten á capacidade económica das solicitantes.

A valoración favorable ou non destas circunstancias para a alta efectiva no servizo de teleasistencia realizaraa o traballador ou traballadora social responsable da coordinación do servizo deste organismo provincial.

CONVIVENCIA	INGRESOS TOTAIS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA
Persoa que vive soa	Iguais ou inferiores a 2 veces o IPREM*
Convivencia de dúas persoas	Iguais ou inferiores a 3,5 veces o IPREM*
Convivencia de tres ou máis persoas	Iguais ou inferiores a 5 veces o IPREM*

Disposición adicional única

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados polas persoas solicitantes do servizo de teleasistencia serán tratados coa única finalidade da valoración das solicitudes e a prestación deste servizo.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión realizada en interese público, de conformidade co disposto no artigo 6.1.e do Regulamento



(UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, así como na normativa sectorial de servizos sociais que ampara a execución deste servizo por parte da Deputación de Pontevedra.

Os datos serán tratados de xeito confidencial e só poderán ser cedidos nos casos previstos legalmente e a aquelas terceiras persoas imprescindibles para a prestación efectiva do servizo. As persoas usuarias poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos perante a Deputación de Pontevedra, segundo o previsto en <https://www.depo.gal/web/edepo/t-proteccion-de-datos>.

Disposición transitoria única

Esta ordenanza reguladora será aplicable a todas as persoas usuarias do servizo de teleasistencia domiciliar da Deputación Provincial de Pontevedra, sen necesidade de ningún trámite.

Disposición derogatoria única

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango xerárquico que contradigan, se opoñan ou resulten incompatibles co establecido na presente ordenanza.

Disposición final única

De conformidade co establecido no artigo 70.2 da LRBRL, esta ordenanza entrará en vigor coa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) do seu texto íntegro e unha vez que transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da citada lei.”

Segundo. A exposición pública da mesma por un prazo de trinta días hábiles a efectos de reclamacións e suxestións, mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Deputación. Así mesmo, publicarase o texto da Ordenanza na páxina web provincial durante ese prazo ao obxecto de dar audiencia á cidadanía afectada e recabar cantas aportacións adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

No caso de non presentarse reclamacións, suxestións ou aportacións, a Ordenanza entenderase definitivamente aprobada.

Terceiro. Resoltas as reclamacións polo Pleno da Corporación, de ser o caso, ou elevado a definitivo o acordo inicial, de non se formular alegacións, procederase á publicación do texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor ata que se efectúe dita publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.



12.8501.- **APROBACIÓN DO DOCUMENTO DE POLÍTICA
DE SEGURIDADE DA INFORMACIÓN DA
DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (EXPTE.
2025041023)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/eXbxvmQi3nYfSUdv5CDLWylVdN1qW8JfH7tD7z7ftKc6UpmY>

Dada conta do proxecto de Política de Seguridade da Información da Deputación de Pontevedra elaborado conxuntamente pola Secretaría Xeral e o Servizo de Novas Tecnoloxías.

Resultando que, con data de 2 de setembro de 2025, emitíuse un informe xurídico favorable polo asesor xurídico de administración electrónica, e que, con data de 4 de setembro de 2025, consta dilixencia da Intervención.

Resultando que en data 15 de setembro de 2025 o Comité de Seguridade da Información en sesión ordinaria aprobou internamente o texto proposto.

Resultando que con data 19 de setembro de 2025 a Comisión Informativa de Proxectos Europeos, Modernización Tecnolóxica, Administrativa e Axenda Dixital ditaminaba favorable a aprobación da Política de Seguridade da Deputación de Pontevedra.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinalados na documentación obrante no expediente, e de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Proxectos Europeos, Modernización Tecnolóxica, Administrativa e Axenda Dixital, o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e coas abstencións do PSdeG-PSOE:

PRIMEIRO.- Aprobado a proposta Política de Seguridade da Información da Deputación de Pontevedra, cuxo texto íntegro se recolle a continuación:

“POLÍTICA DE SEGURIDADE DA INFORMACIÓN DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA



ÍNDICE

1. Aprobación e entrada en vigor	107
2. Introducción	107
3. Misión da Deputación de Pontevedra	109
4. Alcance	110
5. Marco normativo	110
6. Principios básicos	110
6.1. Seguridade como proceso integral	111
6.2. Xestión da seguridade baseada nos riscos	111
6.3. Prevención, detección, resposta e conservación	111
6.4. Existencia de liñas de defensa	112
6.5. Vixilancia continua e reavaliación periódica	112
6.6. Diferenciación de responsabilidades	113
7. Requisitos mínimos	113
8. Organización da seguridade	115
8.1. Roles ou perfís de seguridade	115
8.2. Comité de Seguridade	117
8.3. Procedementos de designación	119
8.4. Resolución de conflitos	119
9. Formación e concienciación	120
10. Xestión de riscos	120
11. Estrutura da documentación	121
12. Protección de datos de carácter persoal	122
12.1. Política xeral	122
12.2. Deber de información	123
12.3. Rexistro de actividades de tratamento	123
13. Clasificación da información	124
14. Obrigas do persoal	124
14.1. Obrigas do persoal traballador da Deputación	124
14.2. Obrigas de terceiros	125
15. Auditorías e revisión da Política de seguridade da información	125

1. Aprobación e entrada en vigor

Este texto foi elaborado, conxuntamente, polos servizos de Novas Tecnoloxías e Secretaría Xeral e sometido á súa aprobación formal polo Comité de Seguridade da Información na súa sesión do día 15 de setembro de 2025.

Esta Política de seguridade da información foi aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 30 de setembro de 2025, e será efectiva desde a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra ata que sexa substituída por un novo texto.

2. Introducción

Na actualidade, os sistemas dixitais constitúen a infraestrutura invisible que sostén gran parte da actividade das administracións públicas. A información, os datos e as ferramentas



tecnolóxicas forman xa parte esencial da engrenaxe institucional, o que converte a ciberseguridade nun pilar estratéxico para garantir a estabilidade e a eficacia da acción pública.

As entidades locais, como as administracións máis próximas á cidadanía, teñen un papel decisivo na prestación de servizos e na xestión do territorio. Con todo, este papel vese hoxe condicionado por un reto transversal e crecente: a ciberseguridade. Estas organizacións deben manter a continuidade, calidade e protección dos servizos que ofrecen, á vez que afrontan a realidade de operar con recursos limitados nunha contorna cada vez máis exposta a ameazas tecnolóxicas sofisticadas e persistentes.

A acelerada dixitalización e a adopción de tecnoloxías de alto impacto coma a intelixencia artificial (IA) e a analítica avanzada están a representar avances incuestionables en eficiencia, accesibilidade e transparencia. Con todo, tamén abriron novas vías a riscos antes inexistentes. Os ciberataques a concellos e deputacións xa non son meras hipóteses ou casos illados, senón incidencias recorrentes capaces de interromper servizos esenciais, expoñer información sensible e erosionar a confianza cidadá nas institucións democráticas.

A citada dixitalización e adopción de tecnoloxías, a analítica avanzada de datos, a computación na nube ou as plataformas de goberno electrónico, están a supoñer avances incuestionables en termos de eficiencia operativa, accesibilidade cidadá e transparencia institucional. Con todo, esta transformación dixital incrementou de maneira exponencial a superficie de exposición a ciberameazas. Entre os riscos máis recorrentes que lles afectan aos concellos e ás deputacións atópanse os ataques de ransomware, que paralizan a prestación de servizos esenciais; as campañas de phishing e de enxeñaría social dirixidas ao persoal administrativo; as fugas ou accesos indebidos a información sensible; e os ataques de denegación de servizo (DDoS), que comprometen a dispoñibilidade dos sistemas críticos. A reiteración deste tipo de incidencias evidencia que a ciberseguridade se converteu nun elemento estratéxico para garantir a continuidade dos servizos públicos, salvagardar os datos da cidadanía e preservar a confianza nas institucións democráticas.

Por iso, a lexislación vixente imponlles ás administracións a obriga de establecer medidas organizativas e tecnolóxicas adecuadas para protexer os seus sistemas e responder ante incidencias. No artigo 12 do Real decreto 311/2022, que regula o Esquema Nacional de Seguridade (ENS), esíxeselles ás entidades locais políticas de seguridade baseadas na xestión de riscos, a mellora continua e a asignación clara de responsabilidades.

A este marco súmase a Directiva (UE) 2022/2555 (NIS2), que reforza a necesidade de contar con estruturas internas capaces de avaliar riscos, desenvolver plans de continuidade e asegurar unha resposta eficaz fronte a incidencias. Esta norma salienta a importancia dunha gobernanza efectiva e multidisciplinar, e recomenda que os órganos directivos dispoñan de información actualizada sobre o nivel de risco e as medidas adoptadas.

En liña con estas esixencias, a Deputación de Pontevedra, coa Resolución presidencial núm. 2025006016, de 15 de xullo de 2025, creaba o Comité de Seguridade da Información



como órgano interno de coordinación para o seguimento e o impulso da Política de seguridade da información na Deputación, no marco do ENS, e acordaba, ademais, a elaboración desta Política de seguridade da información.

Con estes antecedentes, esta Política de seguridade da información da Deputación concíbese como o instrumento que define e organiza a forma na que se aplicarán os requisitos do ENS, asegurando que os mecanismos e procedementos se implanten de maneira coherente co Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos, co obxectivo final de consolidar un marco estable que garanta a seguridade, calidade e fiabilidade dos servizos públicos dixitais ofrecidos pola Deputación de Pontevedra.

3. Misión da Deputación de Pontevedra

A Deputación de Pontevedra, como entidade local con personalidade xurídica plena, exerce as súas competencias en réxime de autonomía, facendo uso da súa potestade de autoorganización para desenvolver as súas funcións de acordo cos principios de eficacia, eficiencia, transparencia, descentralización, desconcentración, coordinación e servizo á cidadanía, con pleno sometemento á legalidade vixente.

No ámbito específico da seguridade da información, a misión institucional oríéntase a garantir que todos os sistemas, datos, comunicacións e servizos dixitais baixo a responsabilidade da Deputación se xestionen de forma segura, fiable e conforme aos estándares normativos establecidos polo ENS, a Directiva (UE) 2022/2555 (NIS2) e a demais normativa aplicable.

Para iso, adóptanse medidas técnicas, organizativas e procedementais que permitan acadar os seguintes obxectivos:

- Protexer a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade, autenticidade e rastrexabilidade da información.
- Establecer procesos de xestión de riscos que identifiquen, avalíen e mitiguen as ameazas e vulnerabilidades que poidan afectar os activos de información.
- Implantar mecanismos de prevención, detección, resposta e recuperación ante incidencias de seguridade, garantindo a continuidade dos servizos esenciais e minimizando o impacto de calquera eventualidade.
- Promover, mediante a formación continua e a concienciación en boas prácticas, a cultura de seguridade en todo o persoal, incluídos provedores e terceiros que accedan a sistemas ou datos institucionais.

Nas súas relacións coa cidadanía e con outras administracións, a Deputación de Pontevedra integrará a seguridade como un elemento clave para a confianza dixital, asegurando que a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) contribúa á mellora continua da calidade dos servizos públicos, á plena efectividade dos dereitos das persoas e a unha interacción transparente e participativa.



A misión da Deputación neste ámbito non se limita a cumprir coas obrigas legais, senón que busca anticiparse ás ameazas emerxentes, adaptando continuamente as súas políticas, procedementos e tecnoloxías para unha contorna dixital segura, resiliente e aliñada cos obxectivos estratéxicos da institución.

4. Alcance

A Política de seguridade da información da Deputación de Pontevedra aplicarase aos sistemas de información que están relacionados co exercicio de dereitos por medios electrónicos, co cumprimento de deberes por medios electrónicos ou co acceso á información ou ao procedemento administrativo e que se atopan dentro do ámbito de aplicación do ENS.

5. Marco normativo

A Política de seguridade da información da Deputación de Pontevedra apóiase nun conxunto de normas e directrices que constitúen a base legal e técnica para a súa aplicación. Entre as máis relevantes atópanse as seguintes:

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público.
- Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.
- Real decreto 311/2022, de 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade.
- Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello (Regulamento xeral de protección de datos).
- Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Regulamento da Administración electrónica da Deputación.
- Guías de seguridade do CCN, que serán de aplicación para mellorar o cumprimento do establecido no ENS.
- A demais normativa sectorial, autonómica ou local que resulte de aplicación.

Dado que o marco xurídico en materia de seguridade da información está en constante evolución, a Deputación manterá un espazo web de referencia onde se poderá consultar en todo momento a relación actualizada de normas aplicables e as súas posibles modificacións: Ligazón permanente: <https://www.depo.gal/seguridad-informacion/normativa>.

6. Principios básicos

Os principios básicos son as directrices fundamentais de seguridade que deben terse sempre presentes en calquera actividade relacionada co uso dos activos de información.

A seguridade da información ten como finalidade última garantir que a organización pode cumprir os seus obxectivos, desenvolver as súas funcións e exercer as súas competencias de



maneira fiable, apoiándose para iso en sistemas de información seguros e nun uso responsable dos datos que xestiona.

En consecuencia, a xestión da seguridade da información no ámbito da Deputación de Pontevedra deberá rexerse polos principios básicos que se recollen a continuación:

6.1. Seguridade como proceso integral

A seguridade da información concíbese como un proceso integral e continuo que abarca os aspectos técnicos, humanos, materiais e organizativos vinculados aos sistemas de información. Non debe abordarse como unha actuación illada ou puntual, senón como parte inseparable da xestión ordinaria, presente desde a fase de deseño e ao longo de todo o ciclo de vida dos sistemas.

6.2. Xestión da seguridade baseada nos riscos

A xestión de riscos constitúe un compoñente esencial da seguridade da información. A súa finalidade é manter unha contorna controlada, reducindo os riscos a niveis aceptables mediante a aplicación de medidas proporcionais e eficaces. Estas medidas deberán equilibrar a natureza dos datos e tratamentos, a probabilidade e o impacto dos riscos identificados, e o custo e eficacia das solucións aplicadas.

En particular, ao avaliar os riscos deberánse considerar de forma específica aqueles derivados do tratamento de datos persoais, conforme ao marco legal vixente en materia de protección de datos.

6.3. Prevención, detección, resposta e conservación

Prevención

Débese previr, na medida do posible, que a información ou os servizos que se xestionan se vexan comprometidos por incidencias de seguridade. Para iso, implementaranse, polo menos, as medidas de seguridade mínimas establecidas polo ENS, así como aqueles controis adicionais que se consideren necesarios en función da evolución das ameazas e os riscos.

Estes controis deberán estar claramente definidos, documentados e actualizados, como parte do compromiso institucional coa mellora continua. Para garantir o cumprimento efectivo desta política deberase realizar o seguinte:

- Autorizar os sistemas antes da súa posta en funcionamento.
- Avaliar periodicamente a seguridade, incluíndo os cambios de configuración habituais.
- Solicitar revisións externas co fin de obter unha avaliación independente.

Detección

A Deputación de Pontevedra establecerá controis de operación nos seus sistemas de información co fin de detectar posibles anomalías na prestación dos servizos.



Cando se identifiquen desviacións significativas respecto dos parámetros definidos como normais sobre a existencia de liñas de defensa activaranse os mecanismos de detección, análise e informe necesarios, garantindo que a información lles chegue con regularidade ás persoas responsables designadas.

Resposta

A Deputación de Pontevedra dispón de mecanismos específicos para responder de forma eficaz ante incidencias de seguridade que poidan afectar os seus sistemas de información ou os servizos que presta. Así mesmo, désígnanse puntos de contacto responsables de canalizar as comunicacións relativas a incidencias detectadas, tanto no seo da propia Deputación coma para os concellos da provincia.

Como parte deste enfoque, establécense protocolos de intercambio de información sobre incidencias, que inclúen a coordinación bidireccional cos Equipos de Resposta a Emerxencias CSIRT do CCN-CERT ou a Rede Nacional de SOC, ou outras entidades competentes, garantindo así unha xestión áxil, coherente e colaborativa ante calquera situación que poida comprometer a seguridade.

Conservación

O sistema de información da Deputación de Pontevedra garante a conservación dos datos e a información en soporte electrónico, asegurando a súa dispoñibilidade, integridade e autenticidade ao longo do tempo.

Así mesmo, vélese polo mantemento operativo dos servizos vinculados á información dixital durante todo o seu ciclo de vida, mediante un deseño adecuado e a aplicación de procedementos que permitan preservar o patrimonio dixital da Deputación como parte esencial da súa función pública.

6.4. Existencia de liñas de defensa

O sistema de información da Deputación de Pontevedra contará cunha estratexia de protección en capas, deseñada para que, en caso de que unha delas sexa comprometida, poidan activarse medidas que mitiguen a incidencia e eviten a súa propagación. Este enfoque reduce a probabilidade de que o sistema sexa afectado no seu conxunto e minimiza o impacto global.

Estas liñas de defensa artícularanse mediante un conxunto coherente de medidas organizativas, físicas e lóxicas, integradas na operativa habitual e aliñadas cos principios do ENS.

6.5. Vixilancia continua e reavaliación periódica

Establécese un modelo de vixilancia continua que permita detectar comportamentos anómalos e dar unha resposta oportuna ante posibles ameazas. A avaliación constante do estado de seguridade dos activos facilitará a identificación de vulnerabilidades e deficiencias na configuración dos sistemas.



As medidas de seguridade serán revisadas e actualizadas periodicamente co fin de manter a súa eficacia fronte á evolución dos riscos e os contornos tecnolóxicos. En caso necesario, poderá abordarse unha reformulación integral da estratexia de seguridade, garantindo así unha adaptación dinámica e sostida no tempo.

6.6. Diferenciación de responsabilidades

A xestión da seguridade da información require unha asignación clara, estruturada e diferenciada de responsabilidades entre os distintos órganos e perfís implicados no tratamento e custodia dos sistemas e servizos de información. Esta diferenciación ten como finalidade garantir unha gobernanza eficaz, evitar conflitos de interese e asegurar que cada actor actúe dentro do ámbito das súas competencias, contribuíndo de forma coordinada ao cumprimento dos obxectivos de seguridade.

Na organización da Deputación de Pontevedra, as responsabilidades en materia de seguridade distribúense de acordo co modelo establecido no ENS, e distínguense funcións de goberno, supervisión e operación. Cada un destes niveis asume atribucións específicas conforme ao recollido nesta política e nos procedementos que a desenvolven.

A correcta identificación de roles, a formalización dos nomeamentos e a existencia de mecanismos de coordinación interfuncional son elementos clave para asegurar unha actuación eficaz, responsable e aliñada cos principios de seguridade da información.

7. Requisitos mínimos

A Deputación de Pontevedra adoptará as medidas técnicas, organizativas e procedementais necesarias para garantir o cumprimento da normativa legal vixente en materia de seguridade da información. Esta política desenvolverase conforme aos principios básicos establecidos no apartado anterior e aplicárase a través dos seguintes requisitos mínimos:

- Protección das instalacións: os activos de información deberán situarse en zonas seguras, protexidas mediante controis de acceso físico adecuados ao seu nivel de criticidade. Tanto os sistemas coma os activos localizados nas ditas áreas deberán contar con protección suficiente fronte a ameazas físicas ou ambientais.
- Autorizacións e controis de acceso: o acceso á información será controlado e limitado exclusivamente a persoas, procesos, dispositivos ou sistemas autorizados, e só en función dos permisos asignados. Para iso, implantaranse mecanismos de identificación e autenticación apropiados á sensibilidade do activo.
- Xestión de activos de información: todos os activos deberán ser inventariados e categorizados. Os soportes que conteñan información deberán etiquetarse de maneira que indiquen o seu nivel de seguridade, sen revelar directamente o contido.
- Autorización de sistemas e solucións: os sistemas de información deberán autorizarse formalmente antes da súa posta en operación. O seu deseño e configuración deberán garantir a seguridade desde a orixe e aplicar o principio de protección de datos por defecto. O acceso estará adecuadamente controlado e limitado.



- Seguridade ligada ás persoas: estableceranse as medidas necesarias para asegurar que toda persoa que acceda, de forma autorizada, aos activos de información, coñeza as súas responsabilidades e actúe conforme a elas, minimizando así o risco de uso indebido.
- Protección de datos de carácter persoal: aplicaranse as medidas técnicas e organizativas necesarias para xestionar os riscos asociados ao tratamento de datos persoais, de conformidade co Regulamento (UE) 2016/679.
- Rexistro de actividade: a actividade das persoas usuarias deberá rexistrarse para permitir a verificación do bo uso dos sistemas, con pleno respecto aos principios de proporcionalidade, necesidade e garantía de dereitos. Todo acceso deberá estar asociado a unha identificación única que permita coñecer quen realiza cada acción, con que permisos e cando.
- Xestión de incidencias de seguridade: estableceranse procedementos que permitan identificar, rexistrar e dar unha resposta áxil e eficaz ante incidencias de seguridade.
- Protección das comunicacións: a información transmitida a través de redes de comunicacións será protexida adecuadamente, sen prexuízo das actuacións necesarias para o rexistro de actividade autorizado.
- Especificacións de seguridade: o desenvolvemento e mantemento dos sistemas de información deberá incorporar as especificacións de seguridade que correspondan, así como os procedementos de control necesarios durante todo o seu ciclo de vida.
- Adquisición de produtos e contratación de servizos: a adquisición de produtos e servizos de seguridade deberá garantir que as súas funcionalidades están certificadas e son proporcionais á categoría do sistema e ao nivel de seguridade requirido.
- Monitorización continua: despregaranse servizos horizontais de seguridade que reforcen a capacidade de vixilancia e a detección de ameazas na operación diaria.
- Prevención ante sistemas interconectados: protexerase adecuadamente o perímetro dos sistemas de información, en especial fronte a redes públicas, reforzando as tarefas de prevención, detección e resposta ante incidencias vinculadas a contornos interconectados.
- Mínimo privilexio: os sistemas de información serán deseñados e configurados conforme ao principio de mínimo privilexio, polo que se outorgarán unicamente os permisos e funcionalidades imprescindibles para acadar os obxectivos da organización.
- Xestión da continuidade: implantaranse os mecanismos necesarios para asegurar a dispoñibilidade e continuidade dos sistemas de información e dos procesos de negocio asociados, atendendo aos niveis de servizo definidos.
- Cumprimento normativo: garantirase o cumprimento de todas as obrigas legais aplicables en materia de seguridade da información mediante o desenvolvemento de medidas organizativas, técnicas e procedementais que aseguren unha adecuada gobernanza do risco.



8. Organización da seguridade

Esta Política de seguridade da información é de aplicación a todos os servizos prestados pola Deputación, así como a todo o persoal, sen excepcións.

A implantación desta política require que todos os membros da Deputación entendan as súas obrigas e responsabilidades en función do posto desempeñado.

Como parte da Política de seguridade da información, cada rol específico, personalizado en usuarios concretos, debe entender as implicacións das súas accións e as responsabilidades que ten atribuídas, que quedan identificadas e detalladas nesta sección.

8.1. Roles ou perfís de seguridade

No marco do modelo de gobernanza definido polo ENS, a Deputación de Pontevedra distribúe as funcións de seguridade da información en tres niveis diferenciados: goberno, supervisión e operación. Esta estrutura permite unha xestión clara e eficiente na que cada nivel asume funcións específicas e complementarias.

Responsable de goberno

É o deputado delegado con competencias en materia de Transparencia e Administración Xeral, quen asume as funcións asociadas aos seguintes roles definidos polo ENS:

- Responsable da información: ten a potestade de establecer os requisitos de seguridade aplicables á información xestionada pola Deputación. Naqueles casos nos que a dita información inclúa datos de carácter persoal, deberá garantirse o cumprimento da normativa vixente en materia de protección de datos e incorporar os requisitos específicos aplicables.
Así mesmo, correspóndelle determinar os niveis de seguridade que se deben aplicar á información, en función da súa natureza, criticidade e contexto de tratamento.
- Responsable do servizo: é a persoa encargada de establecer os requisitos de seguridade aplicables aos servizos prestados pola Deputación, asegurando que se garanta a súa dispoñibilidade, integridade, confidencialidade e calidade. Do mesmo xeito, correspóndelle determinar os niveis de seguridade da información asociados aos mencionados servizos, en coherencia coa súa criticidade e cos obxectivos funcionais da organización.

Responsable de supervisión

Esta función recae no Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra ou na persoa funcionaria en quen delegue e no delegado de protección de datos, quen asume os seguintes roles:

- Responsable da seguridade: encárgase de definir, coordinar, implantar e supervisar as medidas necesarias para protexer a información, de acordo cos obxectivos estratéxicos da Deputación. Ademais, actúa como punto de contacto principal nesta materia. Entre as súas funcións destacan:
 - Coordinar o traballo do Comité de Seguridade.



- Asegurar que se aplican correctamente as medidas de seguridade da información e de protección de datos.
 - Verificar que se cumpre a estratexia de seguridade, así como as normas e os procedementos establecidos.
 - Supervisar a xestión de incidencias de seguridade.
 - Informar e difundir internamente as normas e responsabilidades en materia de seguridade.
 - Colaborar nas auditorías que avalían o grao de cumprimento da política e a normativa aplicable.
 - Asesorar os distintos departamentos da Deputación en todo o relativo á seguridade da información.
- **Responsable de seguridade física:** encárgase de definir, coordinar, difundir e supervisar os requisitos de seguridade relacionados coas instalacións físicas onde se sitúan os sistemas de información da Deputación de Pontevedra.
- Entre as súas funcións principais inclúense:
- Identificar as necesidades de seguridade física nas diferentes localizacións.
 - Promover e xustificar un orzamento anual para investimentos e actuacións nesta materia.
 - Supervisar a instalación e o mantemento dos elementos e sistemas de protección física.
 - Analizar as incidencias que se poidan producir e propoñer medidas correctoras ou de mellora.
 - Manter actualizada a documentación asociada á seguridade física dos sistemas e instalacións.
- **Delegado de protección de datos:** actúa como apoio á persoa responsable de supervisión, exercendo funcións de asesoramento e supervisión no ámbito da protección de datos persoais, conforme ao RXPd e á LOPDGDD. As súas principais funcións son:
- Informar e asesorar o persoal sobre as súas obrigas en materia de protección de datos.
 - Supervisar o cumprimento do RXPd, as leis nacionais aplicables e as políticas internas de protección de datos.
 - Apoiar e revisar a realización de avaliacións de impacto cando sexa necesario.
 - Cooperar coas autoridades de control na materia coma o Comité Europeo de Protección de Datos, a Axencia Española de Protección de Datos e axencias autonómicas.
 - Actuar como punto de contacto coas ditas autoridades para calquera cuestión relacionada co tratamento de datos.
 - Desempeñar as súas funcións tendo en conta os riscos asociados a cada tratamento, así como a súa natureza, contexto e finalidade.



Responsable de operación

Recae na persoa funcionaria que ocupe a xefatura do Servizo de Novas Tecnoloxías, quen desempeña o rol de:

- Responsable do sistema: é a persoa encargada de asegurar que os activos e servizos dos sistemas de información que lle dan soporte á actividade da Deputación de Pontevedra funcionen de forma segura e conforme aos obxectivos estratéxicos da organización. Entre as súas funcións destacan:
 - Asignarlles funcións e responsabilidades ás e aos responsables técnicos informáticos, segundo a estratexia de seguridade definida.
 - Organizar a súa actuación nos distintos contornos de seguridade designados.
 - Garantir que o inventario de activos dos sistemas de información estea actualizado.
 - Velar porque cada activo conte co nivel de protección adecuado, coordinando a implantación e operación dos controis necesarios.
 - Asegurar que os novos sistemas ou modificacións dos existentes cumpran cos requisitos de seguridade establecidos.
 - Establecer procesos de monitorización para detectar e xestionar incidencias de seguridade.
 - Manter e revisar as directrices, as políticas e a normativa de seguridade asociadas aos sistemas de información.

8.2. Comité de Seguridade

Máximo órgano responsable de coordinación para o seguimento e impulso da Política de seguridade da información no marco do ENS.

Funcións

A continuación, descríbense as principais funcións do Comité de Seguridade da Deputación de Pontevedra:

- Elaborar e actualizar a Política de seguridade da información da entidade, que deberá ser aprobada polo Pleno da Deputación.
- Definir e impulsar a estratexia e a planificación da seguridade da información proponendo a asignación de orzamento e os recursos precisos.
- Participar na resposta a ciberincidentes e facilitar a comunicación e colaboración entre as entidades afectadas dentro do seu ámbito de actuación.
- Establecer criterios sobre os programas de formación e actividades de concienciación en materia de seguridade da información e ciberseguridade para o persoal empregado da Administración pública rexional.
- Fomentar o intercambio de experiencias e mellores prácticas en materia de seguridade da información e ciberseguridade da Administración e do sector público provincial e autonómico.



- Resolver os conflitos de responsabilidade que poidan aparecer entre as diferentes persoas responsables, elevando aqueles casos nos que non teña suficiente autoridade para decidir.

Composición

O Comité de Seguridade estará integrado polos seguintes membros:

- Presidencia: o presidente da Deputación de Pontevedra ou a deputada ou deputado en quen delegue.

Ao Presidente correspóndenlle as seguintes funcións:

- Representar o comité.
- Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias, así como fixar a orde do día, tendo en conta, no seu caso, as peticións dos demais membros, sempre que fosen formuladas coa suficiente antelación.
- Presidir as sesións e moderar o desenvolvemento destas.
- Asegurar o cumprimento das disposicións normativas.
- Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de presidente.

- Secretaría: o Vicesecretario Xeral da Deputación de Pontevedra ou a persoa funcionaria da Secretaría Xeral en quen delegue.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

- Asistir, con voz, pero sen voto, ás reunións.
- Realizar a convocatoria das reunións por orde do presidente, así como efectuar e recibir os actos de comunicación dos membros do comité, a través de medios electrónicos.
- Levantar acta das reunións que se realicen.
- Garantir que os procedementos e regras de constitución sexan respectados.
- Cantas outras funcións sexan inherentes á condición de secretario ou lle sexan encomendadas polo presidente.

- Vogalía:

- O deputado delegado con competencias en Transparencia e Administración Xeral.
- O deputado delegado con competencias en Novas Tecnoloxías.
- O Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra ou a persoa funcionaria da Secretaría Xeral ou persoa en quen delegue.
- O xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías.
- O delegado de Protección de Datos da Deputación de Pontevedra.
- O director de Comunicación da Deputación de Pontevedra.

Ás persoas vogais do comité correspóndenlles as seguintes funcións:

- Asistir ás reunións e participar nos debates.
- Proponerlle ao presidente, a través do secretario, a inclusión de puntos na orde do día das sesións ordinarias.
- Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición.



O comité poderá convidar ás súas reunións, con carácter consultivo e sen dereito a voto, as persoas representantes doutros organismos, entidades públicas ou privadas, expertas en ciberseguridade, e a calquera outro profesional cuxa presenza se considere relevante para os asuntos que se van tratar. A invitación destas persoas será acordada polo presidente en función das necesidades específicas de cada reunión.

8.3. Procedementos de designación

Co fin de garantir unha xestión clara, eficiente e conforme ao modelo de gobernanza establecido no ENS, a Deputación de Pontevedra establecerá, de maneira formal, os nomeamentos das persoas responsables en materia de seguridade da información.

As designacións realizaranse para cada un dos seguintes bloques funcionais:

- Responsable de goberno.
- Responsable de supervisión.
- Responsable de operación.

Estes nomeamentos deberán constar por escrito, ser aprobados polo órgano competente e comunicárselles ás persoas afectadas, así como ás unidades responsables da súa coordinación operativa.

O procedemento incluírá, polo menos, os seguintes pasos:

1. Proposta de designación por parte do Comité de Seguridade.
2. Aprobación formal por parte do órgano superior da Deputación ou do órgano ao que se lle atribuíu esta competencia.
3. Rexistro e comunicación das designacións aos servizos implicados e aos membros do Comité de Seguridade.
4. Revisión periódica, cunha cadencia mínima de dous anos ou sempre que se produza unha vacante, reestruturación organizativa ou cambio funcional que afecte o desempeño do rol asignado.

Todo o proceso deberá documentarse adecuadamente e manterse actualizado como parte da documentación do Sistema de Xestión de Seguridade da Información.

8.4. Resolución de conflitos

En caso de que se produzan conflitos de competencias, discrepancias funcionais ou solapamentos de responsabilidade entre as persoas designadas nos distintos roles vinculados á seguridade da información, aplicarase un mecanismo de resolución interno baseado nos principios de xerarquía, proporcionalidade e responsabilidade compartida.

Como norma xeral:

- Os conflitos resolveraos en primeira instancia a persoa superior xerárquica común das persoas implicadas, co apoio da persoa responsable de Seguridade da Información, quen actuará como mediadora técnica e funcional.



- Naqueles casos nos que non se alcance un acordo ou a controversia teña un impacto significativo sobre a seguridade do sistema, o asunto elevarase á Presidencia da Deputación, que adoptará a decisión definitiva.

A resolución dos conflitos deberá documentarse adecuadamente, incluíndo as razóns técnicas, organizativas ou normativas que sustentan a decisión, así como as medidas adoptadas para garantir a súa aplicación efectiva. Na medida do posible, resolveranse no seo interno do comité.

9. Formación e concienciación

A Deputación de Pontevedra levará a cabo de forma sistemática accións de formación e concienciación en materia de seguridade da información dirixidas ao conxunto do persoal empregado público.

As formacións planificaranse nun marco temporal de carácter anual e integranse no Plan agrupado de formación continua. Adicionalmente, inclúiranse no marco formativo aquelas formacións proporcionadas polo nodo CIBER.gal, ao ser a Deputación de Pontevedra uno dos seus membros fundadores.

O obxectivo destas accións é dobre:

- Informar o persoal técnico ou especializado sobre os procedementos de seguridade existentes, a configuración segura de equipos, o desenvolvemento seguro, a xestión de incidencias e os principais riscos identificados.
- Concienciar o persoal en xeral sobre a importancia da seguridade e sobre as pautas básicas para o manexo e intercambio seguro da información.

Todo o persoal deberá asistir, coa periodicidade que estableza o Comité de Seguridade da Información, ás sesións de concienciación que reforcen unha cultura de seguridade compartida na organización.

Ademais, as persoas que teñan responsabilidades no uso, xestión, mantemento ou explotación de servizos tecnolóxicos recibirán formación específica sobre o manexo seguro dos sistemas. Esta formación será obrigatoria antes de asumir calquera función relacionada, tanto se se trata dunha incorporación inicial coma dun cambio de posto ou reasignación de tarefas dentro da organización.

10. Xestión de riscos

Todos os sistemas de información suxeitos a esta Política de seguridade deberán someterse a avaliacións periódicas de riscos, co fin de identificar, analizar e valorar as ameazas que poidan afectar a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade, rastrexabilidade ou autenticidade da información e dos servizos.

Estas avaliacións permitirán adoptar as medidas de protección máis adecuadas en función do nivel de exposición e do impacto potencial sobre os activos, as persoas ou os servizos públicos. A análise de riscos repetirase nos seguintes casos:

- De forma regular, polo menos unha vez ao ano.



- Cando se modifique a información xestionada, especialmente se cambia a súa sensibilidade, volume ou criticidade.
- Cando se alteren os servizos prestados, incluíndo a incorporación de novos procesos, canles ou funcionalidades.
- Tras unha incidencia grave de seguridade que poida afectar a operativa ou os datos.
- No caso de vulnerabilidades reportadas que poidan comprometer os sistemas ou a información.

Para garantir un enfoque homoxéneo, o Comité de Seguridade da Información definirá unha metodoloxía común de valoración que inclúa criterios de referencia segundo o tipo de información xestionada e a natureza dos servizos prestados. Esta metodoloxía aplicaráse a todas as análises realizadas, permitindo comparabilidade, rastrexabilidade e control sobre a evolución do risco no conxunto da organización.

A documentación asociada a cada análise integrarase no Sistema de Xestión de Seguridade da Información e será obxecto de seguimento e actualización continua.

11. Estrutura da documentación

Esta Política de seguridade da información desenvolverase mediante a elaboración de documentación complementaria, composta por normativas, procedementos, instrucións e outros elementos que permitan abordar de forma específica os distintos aspectos operativos da seguridade da información.

Esta documentación organizarase en diferentes niveis xerárquicos, cada un cun procedemento propio de elaboración, aprobación, revisión e acceso, garantindo así a coherencia do conxunto do sistema de xestión da seguridade.

1. Política de seguridade da información

É o documento de maior nivel, marco de referencia para o resto da documentación. Será aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra a proposta do Comité de Seguridade da Información.

O comité será tamén o órgano encargado de revisala periodicamente e elevar propostas de modificación cando sexa necesario. Terá a consideración de documento público, accesible para calquera persoa ou entidade interesada.

2. Normativa interna de Seguridade da Información

Comprende as normas que desenvolven aspectos específicos da política e establecen regras de obrigado cumprimento na Deputación. Será aprobada polo Comité de Seguridade da Información e a súa elaboración e actualización corresponderalle á persoa responsable de Seguridade da Información.

Estará á disposición de todo o persoal da Deputación, preferentemente en formato dixital, a través das canles internas habilitadas.

3. Procedementos operativos de seguridade

Detallan a forma concreta de aplicar as normas en contextos específicos de traballo.



Serán aprobados pola persoa responsable de Seguridade da Información e a súa elaboración e actualización corresponderalle á persoa responsable do sistema ou á persoa responsable do servizo competente en cada materia.

Estarán dispoñibles para todo o persoal que deba aplicalos no exercicio das súas funcións.

4. Documentación complementaria

Inclúe estándares de seguridade, instrucións técnicas, boas prácticas, recomendacións, guías, cursos de formación, presentacións etc. Deben ser aprobados polo Comité de Seguridade.

Este modelo de estruturación documental permite asegurar unha xestión clara, gradual e trazable da seguridade da información na Deputación de Pontevedra, reforzando a eficacia operativa e o cumprimento normativo.

Os documentos que forman parte do Sistema de Xestión da Seguridade da Información (SXSI) estarán dispoñibles en soporte dixital para todo o persoal que os necesite no exercicio das súas funcións. O seu acceso permitirase unicamente en modo consulta, sen posibilidade de modificación, garantindo así a integridade e rastrexabilidade da documentación oficial.

12. Protección de datos de carácter persoal

12.1. Política xeral

A Deputación de Pontevedra recollerá datos de carácter persoal cando sexan adecuados, pertinentes e non excesivos, con fins determinados, explícitos e lexítimos, e non serán tratados ulteriormente de maneira incompatible cos ditos fins. Con todo isto, a Deputación comprométese a garantir a protección dos dereitos fundamentais das persoas, en especial a protección das persoas físicas en relación co tratamento de datos persoais protexido no artigo 18.4 da Constitución española conforme ao establecido no Regulamento xeral de protección de datos (UE) 2016/679 (RXPDP) e na Lei orgánica 3/2018, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD).

Para iso, establécense as seguintes directrices e principios:

1. Cumprimento normativo

A Deputación asegurará o cumprimento estrito das obrigas derivadas do RXPDP, a LOPDGDD e calquera outra disposición aplicable en materia de protección de datos persoais, tanto nos tratamentos realizados por medios automatizados coma non automatizados.

2. Principios aplicables ao tratamento

Todo tratamento de datos persoais deberá respectar os principios establecidos no artigo 5 do RXPDP, en particular os seguintes:

- Licitude, lealdade e transparencia.
- Limitación da finalidade.
- Minimización de datos.
- Exactitude.
- Limitación do prazo de conservación.
- Integridade e confidencialidade.



- o Responsabilidade proactiva.

3. Medidas técnicas e organizativas

A Deputación implantará as medidas técnicas e organizativas apropiadas para garantir un nivel de seguridade adecuado ao risco, incluíndo os seguintes:

- o A pseudonimización e o cifrado dos datos persoais cando sexa necesario.
- o Mecanismos que garantan a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia dos sistemas.
- o Procedementos de restauración rápida do acceso no caso de incidencia física ou técnica.
- o Avaliacións periódicas da eficacia das medidas implantadas.

4. Avaliacións de impacto e rexistro de actividades

A Deputación realizará, cando proceda, unha avaliación de impacto relativa á protección de datos (AIPD), especialmente en tratamentos de alto risco.

Ademais, manterá actualizado e publicado un rexistro de actividades de tratamento.

5. Dereitos das persoas

Garantirase o exercicio efectivo dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade e oposición por parte das persoas interesadas. Para iso, habilitaranse as canles adecuadas e informarase con claridade sobre os procedementos dispoñibles no apartado de transparencia do portal corporativo.

6. Rol do delegado de Protección de Datos, DPD

O delegado de Protección de Datos actúa como figura independente de asesoramento, supervisión e punto de contacto coa Axencia Española de Protección de Datos (AEPD). A súa intervención contémplase de forma transversal na xestión da seguridade da información e será consultado ante calquera dúbida, incidencia ou decisión relevante sobre o tratamento de datos persoais.

12.2. Deber de información

De conformidade co principio de transparencia recollido nos artigos 13 e 14 do RXPDP, as persoas responsables do tratamento proporcionaranlles ás persoas interesadas información detallada sobre os tratamentos que lles concirnan no momento da recollida dos datos persoais ou, cando os datos non se obtiveron da persoa interesada, como moi tarde no prazo dun mes.

Para facilitar o correcto cumprimento do deber de información desenvolveranse os oportunos modelos ou estándares de adecuación do clausulado informativo seguindo o establecido no RXPDP, na LOPDGD e na demais normativa vixente en materia de protección de datos persoais, tendo en consideración as guías, recomendacións e demais disposicións publicadas pola AEPD.

12.3. Rexistro de actividades de tratamento

O principio de transparencia que rexe as actuacións das administracións públicas establece que estas deberán publicar de forma periódica e actualizada a información cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade.

No cumprimento deste principio e do artigo 6 bis da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de



transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Deputación de Pontevedra publica e mantén actualizado o rexistro de actividades de tratamento de datos persoais que se realiza, e inclúe neste toda a información requirida polo RXP, a LOPDGDD e a demais normativa vixente en materia de protección de datos persoais.

Este rexistro atópase publicado no portal institucional da Deputación, accesible a través da URL: <https://www.depo.gal/es/aviso-proteccion-de-datos>.

13. Clasificación da información

A información xestionada pola Deputación de Pontevedra clasifícase conforme aos criterios legais e regulamentarios vixentes, incluídos aqueles establecidos por normas nacionais, internacionais e tratados subscritos polo Estado español, especialmente no relativo a materias clasificadas ou de carácter sensible.

A clasificación da información ten como finalidade determinar o nivel de seguridade requirido para a súa protección en función do seu valor, criticidade, sensibilidade e posibles consecuencias derivadas da súa divulgación, alteración ou perda.

Será deber de cada responsable da información identificar e aplicar a clasificación correspondente, de acordo co establecido no procedemento de clasificación da información elaborado no que se definen os criterios e niveis aplicables no ámbito da Deputación.

14. Obrigas do persoal

14.1. Obrigas do persoal traballador da Deputación

Todo o persoal da Deputación de Pontevedra é responsable de contribuír á seguridade da información mediante un uso dilixente e adecuado dos sistemas, recursos e datos aos que accede no exercicio das súas funcións. Este uso deberá axustarse ás normas, procedementos e directrices establecidos nesta política e no marco normativo vixente.

Cada persoa usuaria deberá actuar de acordo coas súas atribucións profesionais, respectando os principios de confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e rastrexabilidade da información.

É obriga de todo o persoal coñecer e cumprir esta Política de seguridade da información, así como a normativa e os procedementos que a desenvolven. O Comité de Seguridade será o responsable de garantir que esta información estea dispoñible e se difunda adecuadamente.

Así mesmo, cada membro do persoal deberá participar nas accións de formación e concienciación que lle correspondan e colaborar activamente na detección, notificación e prevención de incidencias de seguridade.



O incumprimento das obrigas en materia de seguridade poderá dar lugar á aplicación das medidas disciplinarias correspondentes conforme ao recollido na normativa aplicable ao réxime disciplinario do persoal funcionario de carreira, coma o Real decreto lexislativo 5/2015 polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público ou a Lei 40/2015 do Réxime xurídico do sector público, sen prexuízo das responsabilidades civís ou penais que puidesen derivar.

14.2. Obrigas de terceiros

As entidades externas que, no marco dunha relación contractual ou de colaboración, accedan a sistemas, servizos ou datos xestionados pola Deputación de Pontevedra deberán cumprir cos mesmos principios e obrigas de seguridade que se lle esixen ao persoal interno da organización.

En particular, deberán seguir as seguintes directrices:

- Non divulgar información relativa aos servizos prestados sen autorización expresa.
- Informar e formar o seu persoal sobre as obrigas establecidas nesta política.
- Aplicar as medidas esixidas pola normativa de protección de datos cando traten datos persoais por conta da Deputación.
- Cumprir cos procedementos internos de xestión de seguridade, especialmente no relativo ao control de accesos, xestión de usuarios, contrasinais e notificación de incidencias.
- Notificar de inmediato calquera incidencia ou sospeita que afecte a seguridade dos sistemas, servizos ou datos da Deputación, e colaborar activamente na súa resolución.
- Implantar medidas que eviten a propagación de software malicioso, mantendo sistemas antivirus actualizados e controis perimetrais nos equipos conectados á rede corporativa.
- Aplicar actualizacións de seguridade e mecanismos de protección fronte a accesos non autorizados desde redes externas.

A Deputación de Pontevedra reserva o dereito de revisar, auditar ou, no seu caso, interromper a relación contractual con calquera entidade externa que non cumpra con estas obrigas, en defensa da integridade do seu sistema de información e dos dereitos da cidadanía.

15. Auditorías e revisión da Política de seguridade da información

De conformidade co establecido no artigo 31 do ENS, realizarase, de maneira periódica e polo menos cada dous anos, unha auditoría orientada a verificar o grao de cumprimento dos requisitos fixados pola dita norma. Esta auditoría levarase a cabo igualmente sempre que se produzan modificacións substanciais nos sistemas que poidan impactar na súa seguridade. O obxectivo será avaliar e valorar a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a protección dos sistemas de información e o adecuado tratamento dos datos persoais.



Esta Política de seguridade da información será revisada con carácter anual polo Comité de Seguridade da Información, que poderá modificala e actualizala en función da evolución dos riscos, os cambios organizativos, tecnolóxicos ou normativos, e as leccións aprendidas tras incidencias ou auditorías.

Calquera proposta de modificación será elevada ao Pleno da Deputación de Pontevedra para a súa aprobación, garantindo que a política se manteña actualizada, eficaz e aliñada cos obxectivos estratéxicos e os principios do ENS”.

SEGUNDO.- Publicar o texto íntegro da Política no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na sección de Transparencia da web institucional.

13.8502.- **CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA Ó CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADA DA ESTRADA PROVINCIAL EP-0405 XESTEIRA-ALMOFREI, E DE DOUS TREITOS ANTIGOS, UN NA EP-0401 CARBALLEDO-CAROI E OUTRO NA EP-7101 CERDEDO-A PORTELA (EXPTE. 2022059984)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/MicXZ9HS65dtLzZ828juQ2yY0cdk85pEnePDRsXrUahR4wB1>

Antecedentes.

O Concello de Cerdedo-Cotobade e a Deputación de Pontevedra formalizaron o 13 de febreiro de 2023 un Convenio de colaboración para a execución do proxecto denominado “Ensanche e mellora da EP-0405 (PQ 0+000 ó PQ 1+500)”.

Conforme a súa cláusula quinta 5) o convenio ten o carácter de solicitude de inicio do procedemento de transferencia ao concello da estrada provincial EP-0405 Xesteira-Almofrei, e de dous treitos antigos, un na EP-0401 Carballedo-Caroi e outro na EP-7101 Cerdedo-A Portela.

O 8 de agosto de 20205 os Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais informaron favorablemente o cambio de titularidade a prol do Concello de Cerdedo – da estrada provincial EP-0405 Xesteira-Almofrei, e de



dous treitos antigos, un na EP-0401 Carballedo-Caroi e outro na EP-7101 Cerdedo-A Portela.

Consideracións:

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (en diante, LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia (en diante, RXEG).
- Lei 13/1989, de 10 de outubro, de Montes veciñais en man común de Galicia (LMMCG).
- Lei 6/2023, de 2 de novembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia (LPG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de réxime local (LBRL).
- Regulamento de bens das entidades locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño (RBEL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en diante LPACAP).
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (en diante, ROF).
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

2ª. Motivación.

No informe técnico estímase o valor patrimonial das vías obxecto de transferencia en catro millóns cento sesenta e cinco mil cincocentos vinte e oito Euros (4.165.528,00 €) e motívanse os cambios de titularidade de acordo co disposto no preámbulo e no artigo 9 da LEG e no artigo 18 do RXEG.

Así, sinálase que:

“O proxecto arriba referido modificou e mellorou a estrada provincial EP-0405 A Xesteira-Almofrei mediante a execución dunha senda peonil de formigón coloreado cun ancho mínimo de 2,50 metros, situada na súa marxe esquerda. Ademais, executáronse dúas plataformas únicas sobreelevadas de prioridade peonil, xunto coa mellora da drenaxe das augas pluviais mediante a creación de cunetas de seguridade.



Estas actuacións, xunto co establecemento de maiores limitacións ás velocidades máximas de circulación dos vehículos, supoñen unha notable mellora das condicións de uso desta estrada por parte dos colectivos máis vulnerables no ámbito viario, de xeito que pasan a ser os verdadeiros protagonistas destes espazos públicos, acadando así unha mobilidade universal nun ámbito continuo de seguridade viaria. Ao obxecto de materializar as obras descritas, foi necesaria a execución e ampliación da plataforma da estrada provincial mediante a construción de diversos muros vinculados funcionalmente a ela.

Así pois, unha vez rematadas estas obras, a EP-0405 A Xesteira-Almofrei modifica a súa funcionalidade técnica e o seu carácter de infraestrutura viaria, pasando a ter unhas características funcionais e de utilidade asimilables ás do viario municipal. Deste xeito, dá servizo de acceso aos predios e ás edificacións lindeiras, así como a equipamentos públicos como a Igrexa de San Lourenzo de Almofrei, carecendo da función de soporte físico para as comunicacións e a circulación de vehículos automóbiles e, en consecuencia, deixando de reunir as características propias dunha estrada provincial.

No que respecta aos dous treitos antigos, o de 134 metros lineais, situado no PQ 4+630 (marxe esquerda) da estrada provincial EP-0401 Carballedo-Caroi, e o de 185 metros lineais, situado no PQ 7+290 (marxe esquerda) da estrada provincial EP-7101 Cerdedo-A Portela, é preciso informar que ambos son o resultado dunha mellora do trazado destas estradas, polo que non forman parte do seu itinerario principal e, en consecuencia, non teñen as características propias dunha estrada provincial, senón as de elementos funcionais das mesmas, en virtude da letra c) do apartado 2 do artigo 6 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

As propostas de cambio de titularidade destes treitos antigos manteñen, ao mesmo tempo, o servizo público viario existente e a continuidade dos itinerarios dos que forman parte, dado que están desvinculados das estradas e o itinerario viario discorre pola traza principal. Así, dáselle cumprimento ao previsto no apartado 11 do artigo 18 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

Por todo o anterior, e dado que con estes cambios de titularidade o Concello de Cerdedo-Cotobade poderá garantir un mellor mantemento e explotación da referida estrada provincial e dos citados treitos antigos, así como levar un control máis directo sobre eles para evitar posibles ocupacións indebidas do dominio público, infórmase favorablemente ao seu cambio de titularidade a favor do Concello de Cerdedo-Cotobade de acordo co disposto no Preámbulo e no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e no artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.”

3ª Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento.



Os artigos 9.4 da LEG e o 18. 1 do RXEG establecen que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos destas que estean incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, logo do acordo das administracións afectadas.

De acordo co artigo 9.6 da LEG as resolucións ou os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade de estradas obxecto da dita lei deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia e serán efectivos ao día seguinte da súa publicación naquel.

A lexislación de réxime local non regula especificamente a transmisión da titularidade de bens e dereitos demaniais sen desafectación recollida no capítulo V da Lei 6/2023, de 2 de novembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia aplicable ás entidades locais segundo dispón a súa disposición adicional segunda sen que recolla ningunha previsión sobre os órganos competentes das entidades locais para acordar a transmisión e a aceptación da transmisión.

O artigo 33.2.ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2.ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspóndelle ao Pleno a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuíta a outras administracións.

Conforme ao disposto nos artigos 3.3.a) e 4.1.b) 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo se regula o Réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención. Ambos informes foron emitidos favorablemente en data 12 e 14 de agosto de 2025 respectivamente.



Polo que antecede, o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Cerdedo-Cotobade da estrada provincial EP-0405 Xesteira-Almofrei, e de dous treitos antigos, un na EP-0401 Carballedo-Caroi e outro na EP-7101 Cerdedo-A Portela.

Segundo.- Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 95 da LEG e 18 e seguintes do RXEG.

Terceiro.- Facultar ao Presidente da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega ao concello.

14.8503.- **APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO
CONSTRUTIVO “VIAL DE CONEXIÓN ENTRE A
AVENIDA DE MARÍN E A RÚA ROSALÍA DE
CASTRO (CONCELLO DE PONTEVEDRA)”
(EXPTE. 2024065220)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/NvrYUvzP9lbguadNGzBI4lCmBdd0lyuukWSUJghdc36Ipg>

Antecedentes.

No exercicio das súas atribucións, a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra teñen o obxectivo compartido de implementar medidas de calzado de tráfico, mobilidade amable e sostible e seguranza e calidade medioambiental baixo a premisa de contribuír ao desconxestionamento e diversificación do tráfico de paso.

Para dar cumprimento ó obxectivo referido no parágrafo anterior, a Deputación e o Concello de Pontevedra asinaron en data 26 de novembro de 2024 un convenio de colaboración para levar a cabo a execución das obras do vial de conexión entre a Avenida de Marín e a rúa de Rosalía de Castro en Pontevedra.



A actuación principal vai consistir na apertura dun vial para conectar as rúas Rosalía de Castro e Avenida de Marín co fin de reordenar o tráfico e mellorar a seguridade viaria da zona.

Preténdese a transferencia de tráfico para poder acometer unha futura reordenación do mesmo, co fin de garantir a seguridade viaria dos usuarios, especialmente a dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. Para elo, proxéctase un vial de dous carrís con dobre sentido de circulación, de ancho 3,5 m, beiravías de ancho mínimo 0,30 m, e beirarrúas de 3 m de ancho entre bordos. A intersección coas rúas a conectar realizarase mediante glorietas, a primeira na Avenida de Marín con radio exterior de calzada de 17 metros e carrís de 4 m, e a segunda na rúa Rosalía de Castro, con radio exterior de calzada de 14 m e carrís de 4 m.

O orzamento das obras proxectadas ascende a un millón douscentos setenta e nove mil setecentos sesenta e dous euros con trinta e nove céntimos (1.279.762,39 €).

Unha vez levada a cabo a tramitación das autorizacións sectoriais correspondentes, así como o informe de supervisión por parte do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, procédese ao trámite da aprobación do proxecto segundo o disposto na normativa vixente.

Consideracións legais e técnicas.

1ª.- Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia (RXEG).



- RD Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana (TRLRU), e o RD 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o regulamento de valoración da Lei do solo.
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).
- Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

2ª.- Documentación.

Constan no expediente os seguintes documentos:

- Proxecto das obras con Código Seguro de Verificación (CSV) MC5OO9IAFQSUI5P1 redactado polo enxeñeiro José Ángel Núñez.
- Informe de supervisión favorable, con Código Seguro de Verificación (CSV) NCE03G6HYER3ZJJJNCE03G6HYER3ZJJJ, de data 10 de outubro de 2024.
- Convenio asinado entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra, con Código Seguro de Verificación (CSV) CQ4D83Q1N2770BMA, de data 26 de novembro de 2024.

3ª.- Información pública – Prazo de exposición pública e informe das administracións territoriais afectadas.

A regulación dos estudos e proxectos para construír novas estradas ou modificar as existentes e o procedemento para a súa aprobación contense nos artigos 15 a 22 –ambos incluídos– da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG), e artigos 44 a 57 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de Estradas de Galicia, modificado polo Decreto 51/2023 (RXEG).

Con respecto á información pública, régulanse os supostos de información pública preceptiva no artigo 21.1 da LEG e 49.1 do RXEG. Son preceptivos- información pública e informe das administracións afectadas- nos seguintes supostos establecidos no artigo 49.1 do RXEG:

“1. Será preceptivo o sometemento dos estudos informativos ou, se é o caso, dos anteprojectos ou proxectos que asuman a súa función, segundo o previsto na lexislación de estradas de Galicia, aos trámites de información



pública en materia de estradas e de informe das administracións afectadas cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

- a) Construción de novas estradas ou treitos delas que non se prevesen no planeamento urbanístico municipal”.

Segundo a normativa reguladora das estradas de Galicia, atendendo ao exposto na memoria do proxecto e ao informe de supervisión, estamos ante un suposto de necesidade de sometemento a información pública e informe das administracións afectadas para os efectos de tramitación da aprobación do proxecto xa que se trata da construción dunha nova estrada que non está prevista no planeamento urbanístico municipal.

Con respecto á tramitación da información pública, se temos en conta o establecido no artigo 50 do RXEG establécese que: “O trámite de información pública en materia de estradas levarase a cabo durante un prazo mínimo de trinta (30) días hábiles, ampliable a xuízo da Administración promotora da actuación mediante un anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia, nos taboleiros de anuncios dos concellos afectados e, como mínimo, en dous medios de comunicación de entre os de máis difusión no ámbito da actuación (artigo 21.2 LEG)”.

De acordo co disposto no artigo 51 do RXEG, os estudos e proxectos sometidos ao trámite de información pública en materia de estradas tamén se someterán ao informe, en materia de estradas, das administracións territoriais afectadas polo ámbito da actuación para que, nun prazo de trinta (30) días hábiles, examinen se o trazado proposto é o máis adecuado para os seus intereses e informen sobre ese aspecto. Transcorrido ese prazo sen que as administracións consultadas emitisen o citado informe, entenderase que amosan a súa conformidade co trazado proposto (artigo 21.3 LEG).

4ª Aprobación do proxecto.

Con respecto á aprobación do proxecto, o artigo 59 e seguintes do RXEG establecen que:

Artigo 59. Eficacia dos estudos e proxectos de estradas



1. Os estudos e proxectos sometidos aos trámites de información pública en materia de estradas e informe das administracións afectadas, unha vez aprobados definitivamente, teñen a consideración de proxectos de interese autonómico, segundo o disposto na lexislación autonómica de ordenación do territorio, sen que sexa precisa unha declaración previa de interese autonómico por parte do Consello da Xunta de Galicia (artigo 23.1 LEG).

2. As determinacións contidas nos estudos e proxectos de estradas que teñan a consideración de proxectos de interese autonómico terán forza vinculante para as administracións públicas e para as persoas particulares e prevalecerán sobre as determinacións do planeamento urbanístico vixente.

As entidades locais nas que se asenten as infraestruturas obxecto do estudo ou proxecto de estradas deberán adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido naquel, para o que se establecerán nel as determinacións do planeamento urbanístico que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación, no prazo dun ano desde esa data e, en todo caso, na súa primeira modificación ou revisión, agás no caso de que o propio estudo ou proxecto de estradas precise un momento ou uns prazos diferentes para levar a cabo a adaptación das ditas determinacións (artigo 23.1 LEG).

Ao respecto, a Secretaría Xeral emitiu informe en data 5 de setembro de 2025 indicando que o seu informe non era preceptivo. Pola súa banda, o Servizo de Intervención emitiu informe favorable en data 16 de setembro de 2025.

5ª. Órgano competente.

A competencia para a aprobación do proxecto (inicial e definitiva), estímase que reside no Pleno de conformidade co art. 3.4 do RLEF e o establecido nas cláusulas do convenio de colaboración subscrito entre a Deputación e o Concello de Pontevedra asinado en data 26 de novembro de 2024. Non se atopou precepto que implique acordo con maioría cualificada (art. 47 Lei 7/1985).

Tomando en consideración o exposto o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos públicos e Mobilidade acorda por unanimidade:



Primeiro.- Aprobado inicialmente o proxecto construtivo de “Vial de conexión entre a Avenida de Marín e a rúa Rosalía de Castro (Concello de Pontevedra)” cun orzamento de un millón douscentos setenta e nove mil setecentos sesenta e dous euros con trinta e nove céntimos (1.279.762,39 €).

Segundo.- Expoñer ao público o proxecto construtivo por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica da Deputación de Pontevedra e no Diario Oficial de Galicia, no Taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra e en dous diarios dos de maior circulación da provincia para os efectos de reclamacións polo prazo de trinta días hábiles, entendéndose definitivamente aprobado de non producirse estas coa implícita consideración de proxecto de interese autonómico, segundo o disposto na lexislación autonómica de ordenación do territorio.

Terceiro.- Someter o presente proxecto a informe das administracións territoriais afectadas polo ámbito de actuación polo prazo de trinta días hábiles. Transcorrido ese prazo sen que as administracións consultadas emitisen o citado informe, entenderase que amosan a súa conformidade co trazado proposto.

15.8504.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) RELATIVA Á SOLICITUDE AO GOBERNO DE ESPAÑA DA ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA A REVITALIZACIÓN DO AEROPORTO DE PEINADOR (VIGO) (EXPTE. 2025062762)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/IZY9BXNnSphzsrSSrwhgGmU7qqfW1VxM4IoKfdSOBpojnDac>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría de votos a favor do PP e cos votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG, aprobar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) relativa á solicitude ao Goberno de España da adopción de medidas para a revitalización do aeroporto de Peinador (Vigo).

Dita Moción é como segue:



“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O aeroporto de Peinador (Vigo) está a padecer nos últimos anos un proceso de deterioro nos seus servizos, frecuencias e funcionamento que está a mermar a súa utilidade como un sistema eficiente de transporte para os 950.000 cidadáns da provincia, tal e como revelan as cifras anuais de usuarios.

Esta situación entendemos que é responsabilidade principalmente de Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea (AENA), entidade pública empresarial adscrita ao Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible, pola súa falta de implicación, compromiso e investimentos para o axeitado desenvolvemento do único aeroporto da provincia.

De feito, recentemente o Goberno de España, que foi o que creou a Comisión de Coordinación de Aeroportos de Galicia, que convoca as súas sesións e que preside este grupo de traballo, deixou exclusivamente en mans da Xunta e dos municipios a consecución de frecuencias para estas instalacións cando tiña a obriga, como titular da instalación, de liderar este proceso.

Pero, de entre os tres aeroportos galegos, o de Peinador é o que presenta as cifras máis baixas de viaxeiros malia pertencer á cidade máis poboada e importante de Galicia, pola política de absoluto abandono de AENA e do Ministerio de Transportes con esta instalación aeroportuaria e tamén, hai que dicilo, pola errática e inconsistente acción do goberno local de Vigo a través de millónarios contratos de promoción turística ás compañías que non teñen servido para consolidar nin unha soa ruta.

Así, Peinador pechou o pasado ano con 1.058.529 pasaxeiros -tendo en conta que estivo pechado 25 días en maio por obras-, o que supón un estancamento con respecto aos 1.136.157 do ano 2023 e incluso, desbotando o período 2020-2022 polos efectos da pandemia, aos 1.129.689 do exercicio 2018. Ademais, estas cifras están moi alonxadas dos 1.405.968 do récord do ano 2007.

Sen embargo, o declive ao que AENA está a someter ao aeroporto vigués plásmase na redución de voos, que pasaron de 14.866 a só 11.515 no pasado



2024. É dicir, cada día hai maiores niveis de ocupación dos avións, o que demostra o interese en empregar este medio de transporte, pero a oferta redúcese paseniñamente e as perspectivas de futuro son aínda peores tras a anunciada marcha de Ryanair.

Seguindo cos datos que reflicten o retroceso do aeroporto de Vigo, cómpre sinalar que as mercadorías desplomáronse das 1.065 toneladas de carga desprazadas en 2018 a só 315 no pasado ano.

Así, Peinador caeu un 6,8% en usuarios no ano anterior, caendo do 22^o ao 24^o posto no ranquin de España (conformado por 48 aeroportos) e ao 32^o en operacións comerciais, mentres Santiago ocupa o posto 16^o e A Coruña o 20^o. E seguindo con este declive, os 11.515 voos que operaron en 2024 supuxeron un retroceso do 22,5%, o que supón a maior caída de toda España nun contexto xeneralizado de subas de frecuencias, mentres que o desprazamento de mercadorías perdeu ata un 61%, un desplome que, desgraciadamente, tamén é o maior de todo o país.

Paralelamente, a decisión de Ryanair de cancelar a súas operacións en Peinador a partir do vindeiro 1 de xaneiro pon en evidencia, unha vez máis, a errática política aeroportuaria do goberno local que logo de 18 anos deixará unha terminal baleira de conexións internacionais e cada vez con menos voos domésticos.

De feito, a marcha da compañía irlandesa deixará a Peinador con só catro destinos: Gran Canaria, Tenerife, Madrid e Barcelona. Este último destino, por certo, foi tamén operado por Ryanair por conta e risco ata a súa decisión de deixar de operalo o pasado 1 de abril por mor das taxas que cobra AENA nas terminais rexionais e que están en ascenso, sendo un dos principais puntos do conflito e do problema.

Unha política de AENA, empresa que conta co Estado como socio maioritario, que está máis centrada en maximizar os seus beneficios económicos, máis de 1.900 millóns de euros o pasado ano, que en equilibrar o territorio aeroportuario español, potenciando aos grandes aeroportos fronte ás terminais rexionais. O resultado, xa que logo, é a discriminación de territorios e terminais, nomeadamente Vigo e o seu aeroporto.



Neste senso, cómpre lembrar que as competencias no tráfico aéreo e os aeroportos españois correspóndelle ao Estado e non ás comunidades autónomas nin aos concellos. É o goberno central o que debe levar a cabo unha estratexia que aposte polos aeroportos rexionais mediante unha política de taxas aeroportuarias atractivas.

É por iso que o Goberno de España e AENA deben rectificar a súa política estéril por unha que, lonxe de condenar aos aeroportos rexionais a quedar sen apenas voos, sexa quen de captar novas aeroliñas que os reforcen cunhas taxas máis competitivas.

A resposta, xa que logo, non pode ser seguir deixando que concellos como Vigo continúen a malgastar cartos públicos en contratos con empresas que unha vez rematado o seu compromiso, abandonan a cidade. De feito, hoxe Peinador ten menos voos que nunca froito da mala xestión deste goberno municipal, que non quere delegar en expertos en materia aeroportuaria.

Precisamente o asesoramento profesional pode ser a clave para a terminal olívica, á que se lle presenta unha oportunidade ante a fuxida de Ryanair de Galicia. Coa súa marcha polo aumento das taxas, Lavacolla vai perder rutas que pode atraer Vigo aproveitando o seu peso poboacional.

Deste xeito, desde o PP Provincial entendemos que o principal problema que ten o aeroporto de Peinador radica na perda constante de frecuencias e de destinos e que actualmente apenas oferta un total de sete posibilidades fixas (Londres, Madrid, Barcelona, Valencia, Palma, Gran Canaria e Tenerife) e pasará a ter apenas catro en 2026.

E todo elo segue a ter efectos nefastos nas primeiras cifras deste ano, posto que o aeroporto vigués presenta datos negativos habitualmente e pechou agosto, o mes con máis demanda do ano, con 111.611 viaxeiros tras caer un 4,4% con respecto ao mesmo período do ano anterior.

Deste xeito, a terminal viguesa atópase cun escenario de redución de voos e frecuencias, recortes de persoal e servizos sen que se tomen medidas por parte dos responsables aeroportuarios estatais por medio da adopción de políticas e medidas que permitan incrementar a oferta e os destinos para rendibilizar o aeroporto de Peinador e ofrecer aos cidadáns un sistema de



transporte atractivo, eficiente e eficaz en termos económicos, sociais e turísticos.

Pola contra, e segundo o manifestado polos representantes do Goberno de España no pasado mes de maio, a súa intención é deixar en mans da Xunta e dos concellos o incremento de liñas malia non ser da súa competencia, posto que, como manifestou o Goberno galego, a el e aos municipios correspóndelle a promoción turística, pero logo cada persoa é libre de escoller o medio de transporte para o seu desprazamento ata o destino.

E nesta situación, desde o PP Provincial tamén temos que lamentar que, no marco da caída de pasaxeiros e mercadorías e o deterioro do aeroporto vigués polas decisións do Goberno de España, o Concello de Vigo siga sen defender axeitadamente a única terminal da provincia e non eleve as xustas esixencias e demandas para reflatalo ante os responsables de AENA e Transportes e se limite a culpabilizar á Xunta no marco da súa habitual política de confrontación cando, ademais, non se trata da súa competencia.

Por todo elo, desde o Partido Popular cremos que se debe trasladar a AENA e ao ministerio a necesidade de que implementen as medidas necesarias para que o aeroporto de Peinador incremente voos, destinos e frecuencias, que cremos que é onde está a clave para un futuro repunte, co obxectivo de ofrecer unha alternativa de transporte eficaz aos vigueses e demais cidadáns da provincia.

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

1º- Demandar ao Goberno de España e AENA que exerzan as súas competencias para potenciar aos medianos e pequenos aeroportos, nomeadamente Peinador, a través dun traballo activo de captación de novas rutas.

2º- Instar ao Goberno de España e AENA a rectificar a súa estratexia e manter unha política de taxas aeroportuarias que faga viables e atractivas as



operacións das aeroliñas nos aeroportos periféricos, como é o caso de Peinador en Vigo.

3º- Solicitar ao Concello de Vigo, principalmente ao alcalde, Abel Caballero, e ao goberno local, a que se involucre na defensa do Aeroporto de Peinador ante as administracións e empresas estatais competentes para garantir que os cidadáns e o tecido empresarial da cidade e da contorna metropolitana dispoñan dunha oferta axeitada e ampla de conexión, alomenos, con diversos destinos do resto de España.”

16.8505.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA (PSdeG-PSOE) PARA ESIXIR DA DEPUTACIÓN QUE INSTE Á XUNTA DE GALICIA A ASUMIR A XESTIÓN E O FINANCIAMENTO ÍNTEGROS DOS GRUPOS DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAIS (GES) (EXPTE. 2025062692)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/cijXk4ZTn5E2nXSnRIBDZvPn1i9jJmKmrhT7NuLzVIHrIGX>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría de votos en contra do PP e cos votos a favor do PSdeG-PSOE e as abstencións do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir da Deputación que inste á Xunta de Galicia a asumir a xestión e o financiamento íntegros dos grupos de emerxencias supramunicipais (GES).

17.8506.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA (PSdeG-PSOE) PARA ESIXIR DA DEPUTACIÓN QUE INSTE Á XUNTA DE GALICIA A MELLORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS (EXPTE. 2025062694)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/BUeFtIERk9ISFfRcU8UUPN1ZZ3cwfnUcNJY0P4DjvryvhQb>



O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría de votos en contra do PP e cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir da Deputación que inste á Xunta de Galicia a mellora do servizo de axuda no fogar e outros acordos complementarios e aceptando o Grupo Socialista a emenda de engádegas dos tres puntos presentada polo BNG.

18.8507.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) PARA RECUPERAR A LIÑA DE AXUDAS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA Á REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO MARÍTIMO E FLUVIAL CON DOTACIÓN SUFICIENTE NO ORZAMENTO DE 2026 E SUCESIVOS (EXPTE. 2025062723)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/jfqX1RIHSowXZCsWQYEjXSPv3ICeSCFm7oBkRZ0b2hfopiy9>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico, acorda por maioría de votos en contra do PP e cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) para recuperar a liña de axudas da Deputación de Pontevedra á rehabilitación e conservación do patrimonio marítimo e fluvial con dotación suficiente no orzamento de 2026 e sucesivos.

B) **Parte de información e control:**

19.8508.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE AGOSTO DE 2025 (EXPTES. 2025062460-2025061277)**

Acceso ás intervencións:



<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/jvPreZCFtiEHw5GvFiWAdq3WhbelQhtW19U3HWNKZeD5nPSZ>

A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de agosto de 2025, asinado pola Viceinterventora con data 11 de setembro de 2025, onde deixa constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior.

Á vista deste precepto legal o servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial



contra incendios e salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de agosto de 2025 que se expón a continuación:

PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES AGOSTO 2025

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Agosto	18,4500000000	4.294.147,25	14,8400000000	3.479.972,64	16,8340355683
Escola de Enfermería	Agosto	2,0000000000	2.077,97	0,0000000000	0,00	2,0000000000
Consorcio de Incendios e Salvamento	Agosto	3,1600000000	16.606,00	0,0000000000	1.691,69	2,8678461598
Consorcio Deza Tabeirós	Agosto	8,7100000000	7.665,37	0,0000000000	0,00	8,7100000000
TOTAL			4.320.496,59		3.481.664,33	16,7893495605

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que se cumpre co período medio de pago legalmente previsto.”

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 19 de setembro de 2025 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de agosto de 2025 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de agosto de 2025 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes.



20.8509.- **DAR CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO NA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 5 DE SETEMBRO DE 2025 POLO QUE SE DESESTIMA A SOLICITUDE DA EMPRESA ORANGE ESPAGNE SAU PARA A AMPLIACIÓN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO CORPORATIVO DE TELECOMUNICACIÓNS DA DEPUTACIÓN (EXPTES. 2025062461-2025052177-2025007270)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/yZ8wJwwX5nSj63spZ3KKyV5D9yeppxjJTINFqOZBDmV4obt>

O Pleno desta Deputación na sesión que tivo lugar o día 31 de xullo de 2025 aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo corporativo de telecomunicacións da Deputación de Pontevedra, figurando no acordo que o Pleno delegaba na Xunta de Goberno os actos de trámite relacionados coa adxudicación e execución do contrato.

Unha vez iniciado o prazo de presentación de ofertas a empresa Orange Espagne, S.A.U., con NIF A-82009812, mediante escrito que tivo entrada no rexistro da Deputación o día 27/08/2025 (Nº rexistro WEB2025061014) solicitou a ampliación do prazo de presentación de ofertas, motivo polo que a Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 5 de setembro de 2025 tivo que adoptar o correspondente acordo para resolver a solicitude efectuada pola empresa Orange Espagne, S.A.U., sendo o contido literal do acordo adoptado o seguinte:

“O Pleno da Deputación de Pontevedra en sesión celebrada o día 31/07/2025 aprobou o expediente de contratación mediante procedemento aberto do servizo corporativo de telecomunicacións da Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación enviouse ao DOUE para a súa publicación con data 05/08/2025 e publicouse na Plataforma de contratación do sector público con data 06/08/2025 sendo o prazo de presentación de ofertas de 30 días



naturais contados desde a data de envío do anuncio ao DOUE, finalizando dito prazo o 05/09/2025 ás 10:00 h.

Don Iñigo Polo González, con DNI 52.475.582-R, en nome e representación da empresa ORANGE ESPAGNE, S.A.U. (en adiante, “ORANGE”), con NIF A-82009812, mediante escrito que tivo entrada no rexistro da Deputación de Pontevedra o día 27/08/2025 (Nº rexistro WEB2025061014) solicita a ampliación do citado prazo de presentación de ofertas. Xustifica dita petición de acordo co seguinte:

“En primeiro lugar, o período habilitado para a presentación de ofertas coincide substancialmente co mes de agosto, tradicionalmente caracterizado por unha significativa redución da actividade empresarial. Esta situación afecta á operatividade da nosa organización, así como á dos nosos provedores, dificultando a negociación e formalización de acordos esenciais para a execución do contrato licitado.

En segundo lugar, o pasado día 22 de agosto, isto é 16 días despois de que publicasen o anuncio e os pregos, a miña representada recibiu aclaracións relativas ao documento anexo ao PPT, cuxo obxecto é “ampliar, actualizar ou aclarar a información contida no documento ANEXO ao PPT en resposta ás preguntas ou dúbidas expostas polas empresas oferentes durante o período de presentación de ofertas que fan referencia ao devandito documento ANEXO”. A información contida no referido documento introduce modificacións substanciais respecto ao anexo inicialmente publicado, o que obriga a reformular a elaboración da oferta para integrar adecuadamente os novos datos facilitados polo órgano de contratación. Esta revisión, pola súa complexidade e relevancia, require un tempo adicional que o prazo restante ata a data límite de presentación de ofertas non permite abordar coas garantías necesarias para os licitadores.

En terceiro lugar, esta parte formulou diversas consultas ao órgano de contratación, cuxa resposta resulta imprescindible para a correcta elaboración da oferta. Á data deste escrito, ditas preguntas aínda non foron respondidas.”

Con data 28/08/2025 o Xefe do Servizo de Contratación emite informe en relación con dita solicitude indicando o seguinte:



“Primeiro.- O órgano de contratación é o Pleno da Deputación de Pontevedra. En sesión do 31 de xullo de 2025, entre outros acordos, acordou delegar na Xunta de Goberno, os actos de trámites que conleven a adxudicación e execución do contrato.

Dentro deste ámbito, e tendo en consideración que o 5 de setembro finaliza o prazo de presentación de ofertas e non está prevista unha convocatoria anterior do Pleno, entendemos que a Xunta de Goberno pode resolver por delegación a solicitude da empresa Orange Espagne, S.A.U.

Segundo.- Os órganos de contratación fixarán os prazos de presentación das ofertas e solicitudes de participación tendo en conta o tempo que razoablemente poida ser necesario para preparar aquelas, atendida a complexidade do contrato, e respectando, en todo caso, os prazos mínimos fixados nesta Lei, tal e como establece neste caso o órgano de contratación.

O artigo 138.3 da LCSP fixa que a información adicional debe poñerse a disposición dos licitadores como moi tarde 6 días antes de finalizar o prazo, sen que dese precepto se desprenda unha ampliación automática cando se cumpre o devandito límite temporal.

Así mesmo, o artigo 136.2 sinala que non se ampliará o prazo inicial de presentación de ofertas cando a información adicional solicitada teña un carácter irrelevante para os efectos de poder formular unha oferta ou solicitude que sexan válidas.

A mera coincidencia do período de licitación co mes de agosto é unha circunstancia organizativa dos operadores económicos que non constitúe por si mesma un motivo legal de ampliación. A LCSP non contempla o “período vacacional” como causa de extensión, e o prazo fixado se adecúa ao marco legal aplicable; polo tanto, non procede a súa ampliación por este motivo.

A empresa non identifica no seu escrito que concretas cláusulas ou extremos do anexo ao PPT son substanciais, en que termos e como iso impacta na preparación da oferta. Sen esa especificación mínima, o órgano de contratación non pode apreciar a concorrencia do suposto do art. 138 da LCSP relativo a “modificacións significativas dos pregos”, que -insistimos- circunscribese a alteracións de clasificación, importe/prazo, obrigacións do adxudicatario ou do propio obxecto do contrato. A carga de concretar e xustificar tales extremos corresponde a quen solicita a ampliación.



A xuízo dos técnicos de Novas Tecnoloxías non se facilitou ningunha información con ese carácter substancial.

CONCLUSIÓN

Á vista do anterior, non se aprecia na solicitude ningún elemento claro e específico que xustifique a ampliación do prazo de presentación de ofertas nos termos do art. 138 da LCSP; en particular, non se concreta a existencia de “modificacións substanciais” no sentido estrito definido pola Lei, nin debe ser considerado que a licitación coincida no mes de agosto. Polo tanto, enténdese que a solicitude debe ser desestimada.”

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que no seu apartado 2, establece que corresponde ó Pleno actuar coma órgano de contratación neste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16^a.3 onde figura que lle compete ó Pleno a disposición e autorización dos gastos precisos para o presente expediente de contratación, e tendo en conta o acordo do Pleno de data 31/07/2025 polo que acordou delegar na Xunta de Goberno, os actos de trámites que conleven a adxudicación e execución do contrato, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Desestimar a solicitude da empresa Orange Espagne SAU de ampliación do prazo de presentación de ofertas do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo corporativo de telecomunicacións da Deputación de Pontevedra.”

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 19 de setembro de 2025 tomou coñecemento do contido do acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do día 5 de setembro de 2025 en relación á solicitude efectuada pola empresa ORANGE ESPAGNE, S.A.U. (CIF A-82009812), para a ampliación do prazo de presentación de ofertas no procedemento aberto convocado para a contratación do servizo corporativo de telecomunicacións da Deputación.



O Pleno queda enterado do contido do acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do día 5 de setembro de 2025 polo que se desestima a solicitude efectuada pola empresa ORANGE ESPAGNE, S.A.U. (CIF A-82009812), para a ampliación do prazo de presentación de ofertas no procedemento aberto convocado para a contratación do servizo corporativo de telecomunicacións da Deputación.

21.8510.- **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS PRESIDENCIAIS**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/aPC6l659JTCrVodtj0jEbip1yyxsEYq3GcAxqTSpOj3l9gwh>

Queda enterado o Pleno das seguintes:

- a) Relación de extractos de Resolucións Presidenciais rexistradas electrónicamente do mes de agosto de 2025.
- b) Relación de extractos de Resolucións do ORAL do mes de agosto de 2025.

22.8511.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/Di8VufpYgVTTrvPtXZ7QfDku6ERTrpCfiZkkon2Z82BD5lu0>

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente, sendo as catorce horas e cincuenta e dous minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará o Ilmo. Sr. Presidente comigo, o Secretario, que dou fe.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á acta da presente sesión do Pleno desta Deputación do 30 de



setembro de 2025 o arquivo audiovisual resultante da gravación da sesión, co nome “Pleno extraordinario 30-setembro-2025”, que se conserva nos servidores desta Corporación, garantíndose a súa autenticidade e integridade co seguinte código de integridade SHA512 - 276ff8973a076321413635db69402917ec8f6c09d8f5b751756789fdbe8e63cc6bfd2534aa2a68780d168b7a8041e846231cfaeb9d2e12da91b1782450a779a xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

No soporte audiovisual quedan recollidas as intervencións as/os señoras/es deputadas/os que participaron nas deliberacións a modo de diario da sesións. O arquivo audiovisual pode consultarse no portal web corporativo da Deputación de Pontevedra e na URL directa: <https://depontevedra.seneca.tv:443/watch?id=MGJhY2UyMWQyYTc1ZC00NWNmLWI0YWUtMmE5ZDYzYTU3Nzhk>

- Minutaxe -----

- 00:00:01 - Asistentes : Luis López Diéguez, Luis; Secretario; Interventor; Guisasola Padín, Marcos; Tourís Romero, Javier; Castillo Amigo, Juan Pablo; Bouzós Barros, Paula; Martínez Chantada, Ricardo; Álvarez Carrero, Roberto José; Vázquez Almuíña, Jesús; Cachafeiro Anta, Belén; Lorenzo Alonso, Manuel Alejandro; Ramallo Vázquez, María Pilar; Domínguez Artime, Rafael; Cubela López, Jorge; Sánchez Méndez, Luisa María; Rivas Gómez, Digna Rosa; Iglesias González, Ana Laura; Agís Gómez, Gregorio Luís; Ferreira González, Paco; Mejías Sacaluga, Ana María; Gómez Díaz, Gorka; Gómez Prado, Carlos; Iglesias Mougán, Javier; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Pumar, María Manuela; Ortega Iñarrea, María; Mosquera Lorenzo, César; Lomba Rodríguez, Beatriz.
- 00:05:26 - López Diéguez, Luis
- 00:07:00 - López Diéguez, Luis
- 00:07:16 : 1. Toma de posesión de dona Paula Bouzós Barros como deputada provincial (Expte. 2025063406-2025064095).
- 00:07:41 - Secretario
- 00:07:44 : 2. Toma de posesión de don Juan Pablo Castillo Amigo como deputado provincial (Expte. 2025063405-2025064096).
- 00:08:41 - López Diéguez, Luis
- 00:08:53 - Secretario
- 00:09:45 - López Diéguez, Luis
- 00:10:31 : 3. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 5/2025 (Exptes. 2025062459-2025059573).
- 00:10:43 - Cubela López, Jorge



- 00:14:13 - López Diéguez, Luis
00:14:19 - Mosquera Lorenzo, César
00:19:30 - López Diéguez, Luis
00:19:36 - Iglesias González, Ana Laura
00:24:46 - López Diéguez, Luis
00:24:58 - Cubela López, Jorge
00:28:28 - López Diéguez, Luis
00:28:32 - Mosquera Lorenzo, César
00:31:43 - López Diéguez, Luis
00:31:47 - Iglesias González, Ana Laura
00:35:03 - López Diéguez, Luis
00:35:08 - Cubela López, Jorge
00:37:18 - López Diéguez, Luis
- 00:38:53 : 4. Aprobación das Bases reguladoras e convocatoria do Plan
Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025) (Exptes.
2025061321-2025063538).
00:39:09 - Ramallo Vázquez, María Pilar
00:44:53 - Ramallo Vázquez, María Pilar
00:44:57 - López Diéguez, Luis
00:45:01 - Mosquera Lorenzo, César
00:49:41 - López Diéguez, Luis
00:49:46 - Iglesias González, Ana Laura
00:52:16 - López Diéguez, Luis
- 00:53:18 : 5. Aprobación das Bases reguladoras e convocatoria do III Plan
Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (Exptes.
2025061564-2025063539).
00:53:28 - Ramallo Vázquez, María Pilar
00:57:16 - López Diéguez, Luis
00:57:21 - Mosquera Lorenzo, César
00:58:40 - López Diéguez, Luis
00:58:48 - Iglesias González, Ana Laura
00:58:54 - López Diéguez, Luis
- 00:59:10 : 6. Adxudicación do procedemento convocado mediante concurso
público para o alleamento ou constitución dun dereito de
superficie de varias parcelas (10) resultantes do proxecto de
parcelación do Plan de sectorización do solo urbanizable e
industrial Outeda-Curro (SRAU-I Outeda-Curro) (Concello de Barro)
(Exptes. 2025062454-2025045268-2025030363).
00:59:30 - Cubela López, Jorge
01:00:47 - López Diéguez, Luis
- 01:01:16 : 7. Aprobación do proxecto técnico da actuación “Reforma e
Ampliación de Edificación existente para Centro de Atención á
Infancia” presentado polo Concello de Arbo ao abeiro do Plan
Provincia Extraordinaria-Plan Extra (Exptes.
2024076221-2025063035).
- 01:01:37 : 8. Aprobación do proxecto técnico da actuación “Rehabilitación do
Edificio de Multiusos de Portonovo” presentado polo Concello de
Sanxenxo ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra
(Exptes. 2024077368-2025063036).



- 01:01:54 : 9. Solicitud dunha funcionaria interina que presta servizos no Centro Príncipe Felipe para compatibilizar o desempeño do seu posto de traballo co exercicio dunha segunda actividade no sector privado (Exptes. 2025062457-2025061231).
- 01:02:18 : 10. Modificación do réxime de dedicación dun cargo político pasando da dedicación parcial á exclusiva e a determinación das súas retribucións (Exptes. 2025062688-2024069258).
- 01:02:32 - Iglesias González, Ana Laura
01:02:43 - López Diéguez, Luis
01:02:49 - Cubela López, Jorge
01:03:41 - López Diéguez, Luis
01:03:46 - Iglesias González, Ana Laura
01:04:38 - López Diéguez, Luis
01:04:43 - Cubela López, Jorge
01:06:05 - López Diéguez, Luis
01:06:10 - Iglesias González, Ana Laura
01:07:42 - López Diéguez, Luis
- 01:08:04 : 11. Aprobación inicial da Ordenanza Reguladora do Servizo de Teleasistencia Domiciliaria da Deputación de Pontevedra (Expte. 2025047915).
- 01:08:27 : 12. Aprobación do documento de Política de Seguridade da Información da Deputación de Pontevedra (Expte. 2025041023).
- 01:08:34 - Cubela López, Jorge
01:11:52 - López Diéguez, Luis
01:11:56 - Mosquera Lorenzo, César
01:12:25 - Cubela López, Jorge
01:12:30 - López Diéguez, Luis
- 01:12:54 : 13. Cambio de titularidade e posterior entrega ó Concello de Cerdedo-Cotobade da estrada provincial EP-0405 Xesteira-Almofrei, e de dous treitos antigos, un na EP-0401 Carballedo-Caroi e outro na EP-7101 Cerdedo-A Portela (Expte. 2022059984).
- 01:13:13 : 14. Aprobación inicial do proxecto construtivo “Vial de conexión entre a avenida de Marín e a rúa Rosalía de Castro (Concello de Pontevedra)” (Expte. 2024065220).
- 01:13:22 - Cubela López, Jorge
01:15:41 - López Diéguez, Luis
01:15:47 - Mosquera Lorenzo, César
01:17:29 - López Diéguez, Luis
- 01:17:49 : 15. Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) relativa á solicitude ao Goberno de España da adopción de medidas para a revitalización do Aeroporto de Peinador (Vigo) (Expte. 2025062762).
- 01:18:00 - Sánchez Méndez, Luisa
01:23:12 - López Diéguez, Luis
01:23:20 - López Diéguez, Luis
01:23:27 - Rodríguez Pumar, María Manuela
01:27:24 - López Diéguez, Luis



- 01:27:28 - Iglesias González, Ana Laura
01:32:46 - Sánchez Méndez, Luisa
01:36:02 - López Diéguez, Luis
01:36:15 - Rodríguez Pumar, María Manuela
01:39:05 - López Diéguez, Luis
01:39:08 - Iglesias González, Ana Laura
01:42:27 - López Diéguez, Luis
01:42:35 - Sánchez Méndez, Luisa
01:45:10 - López Diéguez, Luis
- 01:45:54 : 16. Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para
esixir da Deputación que inste á Xunta de Galicia a asumir a
xestión e o financiamento íntegros dos grupos de emerxencias
supramunicipais (GES) (Expte. 2025062692).
- 01:46:09 - Iglesias Mougán, Javier
01:51:16 - López Diéguez, Luis
01:51:19 - Mosquera Lorenzo, César
01:52:26 - López Diéguez, Luis
01:52:36 - Lorenzo Alonso, Manuel Alejandro
01:56:47 - López Diéguez, Luis
01:56:53 - Iglesias Mougán, Javier
02:00:05 - López Diéguez, Luis
02:00:13 - Lorenzo Alonso, Manuel Alejandro
02:02:56 - López Diéguez, Luis
02:03:02 - Iglesias Mougán, Javier
02:05:14 - López Diéguez, Luis
- 02:05:41 : 17. Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para
esixir da Deputación que inste á Xunta de Galicia a mellora do
servizo de axuda no fogar e outros acordos complementarios
(Expte. 2025062694).
- 02:05:58 - Rivas Gómez, Digna Rosa
02:11:52 - López Diéguez, Luis
02:12:15 - Rodríguez Pumar, María Manuela
02:17:13 - López Diéguez, Luis
02:17:19 - Ramallo Vázquez, María Pilar
02:22:35 - López Diéguez, Luis
02:22:41 - Rivas Gómez, Digna Rosa
02:25:50 - López Diéguez, Luis
02:26:12 - Rodríguez Pumar, María Manuela
02:26:22 - Rivas Gómez, Digna Rosa
02:26:49 - López Diéguez, Luis
- 02:27:28 : 18. Moción do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego
(BNG) para recuperar a liña de axudas da Deputación de Pontevedra
á rehabilitación e conservación do patrimonio marítimo e fluvial
con dotación suficiente no orzamento de 2026 e sucesivos (Expte.
2025062723).
- 02:27:46 - López Diéguez, Luis
02:27:49 - Ortega Iñarrea, María
02:32:06 - López Diéguez, Luis
02:32:12 - Iglesias González, Ana Laura
02:32:46 - López Diéguez, Luis
02:32:51 - Domínguez Artime, Rafael



02:37:54 - López Diéguez, Luis
02:37:59 - Domínguez Artime, Rafael
02:38:02 - López Diéguez, Luis
02:38:07 - Ortega Íñarrea, María
02:41:18 - López Diéguez, Luis
02:41:24 - Iglesias González, Ana Laura
02:43:43 - López Diéguez, Luis
02:43:50 - Domínguez Artime, Rafael
02:46:56 - López Diéguez, Luis
02:47:01 - Ortega Íñarrea, María
02:47:10 - López Diéguez, Luis
02:47:13 - Ortega Íñarrea, María
02:49:19 - López Diéguez, Luis
02:49:32 - López Diéguez, Luis

02:50:16 : 19. Dar conta do informe de Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de agosto de 2025 (Exptes. 2025062460-2025061277).

02:50:29 : 20. Dar conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do día 5 de setembro de 2025 polo que se desestima a solicitude da empresa Orange Espagne SAU para a ampliación do prazo de presentación de ofertas no procedemento aberto convocado para a contratación do servizo corporativo de telecomunicacións da Deputación (Exptes. 2025062461-2025052177-2025007270).

02:50:50 : 21. Dar conta das Resolucións Presidenciais.

02:50:56 : 22. Rogos e preguntas.
02:51:03 - Mosquera Lorenzo, César
02:51:11 - López Diéguez, Luis
02:52:31 : [FIN]

-- O --

